

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

R. Lorenzo (2004): “Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 27-153.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## EMERXENCIA E DECADENCIA DO GALEGO ESCRITO (SÉCULOS XIII-XVI)

*Ramón Lorenzo*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. Entre a conferencia pronunciada no Congreso de 1996 e o texto publicado agora hai enormes diferencias, porque aumentei a información de que dispuña naquel momento e porque tiven que reface-lo texto en diversas ocasións, debido á aparición de novos traballos e edicións de documentos que cumpría incorporar á miña investigación. Lamento, con todo, a imposibilidade de manexar toda a documentación medieval galega, porque iso obrigaríame a desprazarme a tódolos arquivos galegos e a outros foráneos, especialmente ó *AHN* de Madrid. Iso teríao feito se a miña intención fose a publicación dun libro sobre o tema, pero para ter unha visión de conxunto abonda coa bibliografía e coas fontes consultadas.

2. En liñas xerais podemos dicir que o galego emerxe como lingua escrita a mediados do século XIII e que vai desaparecendo en beneficio do castelán nas primeiras décadas do XVI. Deixando fóra a poesía e a prosa literaria, se estudíamo-la documentación de que dispomos, vemos que na primeira metade do século XIII domina totalmente o uso do latín na lingua dos documentos e que nos últimos anos do reinado de Fernando III (1230-1252) se está xestando o paso para o galego na escrita, feito que se produce definitivamente no reinado de Afonso X (1252-1284). Unha vez implantado o galego, en toda a Idade Media a maior parte dos documentos redactados en Galicia aparecen escritos nesta lingua e só nas últimas décadas do XV notamos unha progresiva presenza do castelán, que vai substituindo paulatinamente á lingua autóctona ata eliminala como lingua de cultura na primeira metade do século XVI.

3. O reino de Galicia sufriu unha situación estraña na época medieval, pois perdeu xa nos últimos anos do século XI a parte sur do seu territorio, onde se creou primeiramente un condado e no século XII o reino de Portugal. Esta separación foi nefasta e condicionou a evolución lingüística posterior. En Portugal temos un reino independente e desde

a corte foméntase o uso da lingua a partir dos reinados de Afonso III e D. Dinís, se ben hai que dicir que o paso do latín para o portugués coincide, máis ou menos, co paso do latín para o galego, pois a produción en lingua romance comeza na Chancelería na década dos cincuenta (cf. § 4.1) e vaise facendo sistemática a partir da chegada ó trono de D. Dinís (1279-1325). Este rei impuxo o portugués como lingua oficial e desde entón o cultivo do idioma foi en aumento. Así, desde as últimas décadas do XIII aparecen en portugués numerosos documentos e textos literarios en prosa e este uso da lingua continuou de maneira ininterrompida ata os nosos días. Ó contrario da prosa literaria, a poesía trobadoresca empezou máis cedo e os textos máis antigos remóntanse ós últimos anos do século XII. Por iso, cando se fala do portugués primitivo, hai quen distingue varios períodos: Leite de Vasconcelos (1911), <sup>3</sup>1959, 16, falou de portugués pre-histórico e despois do proto-histórico (ata o século XII), do arcaico ou antigo (desde o IX e, máis particularmente, desde o XII a mediados do XVI) e do moderno (do XVI ó XX), seguido, entre outros, por Coutinho, <sup>7</sup>1976, 56-57. Pola súa parte, C. Michaëlis (1912), 1956, 17-20, referiuse ó portugués pre-histórico e proto-histórico e despois ó arcaico, desde o reinado de Sancho I (1185-1211) ata 1500, distinguindo o período trobadoresco ata 1350 e “o da prosa histórica verdadeiramente nacional” (p. 19). Con ela coincide Silva Neto, 1952 (<sup>3</sup>1979), 398 (seguido por Hauy, 1989, 22), que divide o período arcaico en fase trobadoresca, do último tercio do XII ata 1350 (ou 1385, batalla de Aljubarrota), e fase da prosa histórica, “verdadeira e exclusivamente portuguesa”, de 1385 ata o século XVI<sup>1</sup>. Despois Vázquez Cuesta, <sup>3</sup>1971, 189, distinguiu entre período galego-portugués (desde fins do XII ata 1350, aproximadamente), pre-clásico (de 1350 a 1540), clásico (de 1540 ata mediados do XVIII) e moderno (desde mediados do XVIII ós nosos días). Ferreira, 1988, 12, fai un cadro sinóptico coas distintas propostas presentadas, que copia Silva, 1991, 19 (e amplía en Silva, 1994, 249; cf. Gärtner, 1999, 884-5), e que tamén presenta Castro, 1999, 369; 2004, 83, que xa en Castro, 1991, 174, fala do período pre-literario, despois do portugués antigo (ata o reinado de Xoán I) e do portugués medio (desde este reinado ata mediados do XVI), ó que seguen o clásico e o moderno, aclarando (Castro, 1999) que a designación “portugués medio” se debe a Lindley Cintra. Máis tarde Bechara, 1991, 68, retocou esta distinción en fase arcaica (do século XIII ó final do XIV), arcaica media (do século XV á 1ª metade do XVI), moderna (da 2ª metade do XVI ata final do XVII) e hodierna (do século XVIII ó XX). Posteriormente Messner, 1994, tras repasa-los ensaios de periodización feitos (pp. 618-21), propuxo catro épocas (pp. 621-2): a da polimorfía (ata 1300), a da analoxía (1300-1550), a da consolidación da lingua escrita (1550-1800) e a da difusión diasistemática (1800-1950). Messner, 1999, v-XIV, volveu insistir no tema e refírese a outras propostas, entre as que está a de Clarinda Maia, 1995, que tamén fala dalgunhas propostas anteriores e distingue entre o

<sup>1</sup> P. Teyssier, 1982, 20, 34-35, admite o período galego-portugués (de 1200 a, aproximadamente, 1350), mais logo fala do portugués europeo (desde o século XIV ós nosos días), sen querer entrar en problemas de periodicidade. Cf. tamén Teyssier, 1994.

período arcaico, “que recobre o lapso de tempo comprendido entre o inicio do século XIII e as primeiras décadas do século XVI” (p. 29) e o período moderno, se ben para o período medieval distingue entre a primeira fase arcaica, ata mediados do século XIV (unha fase galego-portuguesa) e a segunda fase arcaica, xa nitidamente portuguesa, que prefere designar como “fase arcaica media” (p. 29; cf. Brocardo, 1999).

3.1. Pódese aceptar que se fale do período trobadoresco ou galaico-portugués se facemos referencia unicamente á poesía trobadoresca, na que se inclúen autores de Galicia e Portugal, e mesmo doutras zonas, mais se nos referimos á prosa, esta designación carece de sentido para nós e en Galicia só podemos falar do período medieval coma un conxunto, desde o XIII a inicios do XVI, e designar a este período coma o do galego arcaico. En Portugal asistimos desde finais do XIII a un grande avance dos escritos literarios, históricos, xurídicos, etc. (moitos deles traducidos doutras linguas) e isto non pasa en Galicia. Compara-lo que ocorre no século XIV nos dous países resulta moi desfavorable para nós e xa no XV tórnase penoso, pois na nosa terra vemos como vai esmorecendo paseniñamente o galego literario, mentres que en Portugal se incrementa a prosa, cos grandes cronistas da segunda metade do século (Fernão Lopes e G. Eanes de Azurara) e mesmo coa participación dos reis en obras importantes, como é o caso de D. João I e D. Duarte.

3.2. En Galicia non hai unha corte propia que impoña a lingua galega e o que temos é unha corte en Castela que fomenta o uso e o cultivo do castelán. Por iso o galego se moveu sempre con dificultades e de aí que Filgueira Valverde, 1982, falase de que o galego estivo emparedado entre o latín e o castelán. Na época de creación e primeiros avances da lingua romance, a lingua literaria era o latín, e por esta razón nos anos esplendorosos de Compostela, no século XII, obras tan importantes coma o *Codex Calixtinus* ou a *Historia Compostellana* están escritas en latín. Xa no século XIII, cando con Afonso III se consolida o reino de Portugal e se fomentan as bases para o desenvolvemento da lingua portuguesa, cando con Fernando III se chega á grande expansión do reino de Castela e cando Afonso X crea con enorme vigor a prosa histórica castelá, en Galicia deixa de ser lingua de cultura o latín, pero o galego non se pode desenvolver ó cento por cento, mediatizado agora pola lingua do país ó que está sometido.

3.3. Todo isto foi debido á falta de independencia política. Se Galicia fose independente, os gobernantes galegos potenciarían exclusivamente o galego e desta maneira o castelán non chegaría a penetrar no reino, pero os que mandaban estaban en Castela e os reis de Castela tiñan outra lingua e unha política allea ós intereses de Galicia que condicionou a historia do noso idioma. O proceso iníciase xa no propio reinado de Fernando III e continúa nos seguintes. Afonso X, ó mesmo tempo que escribe en galego numerosas cantigas trobadorescas e as *Cantigas de Santa María*, cando envía documentos a Galicia fáino en castelán e os propios galegos lle envían a el documentos nesta lingua, como fai en 1260 o concello de Santiago, que nomea procuradores para tratar ante el o xuízo que teñen co arcebispo (González Balasch, 1987a, núm. 239). Ademais, no seu reinado (e o

mesmo pasará no dos seus sucesores) comezan a chegar a Galicia autoridades políticas, xurídicas ou eclesiásticas, entre elas o adiantado maior do reino, que traen consigo o castelán e que contribúen á presenza desta lingua nas camadas superiores da sociedade. Un bispo, unha autoridade xudicial ou política que chega a Galicia falando castelán, a lingua do poder, non necesita rebaixarse a escribir na lingua dos sometidos, e o mesmo fan as persoas que veñen no seu séquito particular.

3.3.1. Esta tendencia incrementouse no século XIV, especialmente despois da guerra civil entre Pedro I e Henrique II, coa chegada de moitos personaxes procedentes de Castela, tanto da nobreza coma eclesiásticos, que non teñen reparo en escribi-los seus documentos en castelán, contribuindo desta maneira ó retroceso do galego como lingua literaria e escrita. A situación foise deteriorando no século XV coas guerras dos Irmandiños contra a nobreza, da nobreza contra o arcebispo de Santiago e dos nobres entre si e, sobre todo, coa chegada ó poder dos Reis Católicos, tralas loitas pola coroa entre Xoana e Isabel. Esta, triunfadora, vingue de tódolos nobres que apoiaran a Xoana, entre eles a maior parte dos galegos. Isabel e Fernando fan todo o posible para crear un estado único na Península, un estado nacional, e coutan todo o que poden as diferencias entre os diversos reinos. A Galicia envían moita xente foránea, potencian e crean institucións alleas en 1480, como a *Santa Hermandad* e a *Real Audiencia* (co gobernador Fernando Acuña e o xustiza maior García López de Chinchilla), avogan pola implantación do castelán na nosa terra e obrigan ós notarios galegos desde 1480 a sufrir un exame de suficiencia en castelán no Real Consejo de Toledo. Comeza así a idea do imperio político, que leva aparelhada a idea do imperialismo lingüístico. Este feito do imperialismo centralista, co incremento das persoas que chegan a Galicia falando castelán, así como as novas normas para obte-lo título de notario, son nefastas para o galego; entre outras razóns porque estes novos notarios, que deben coñece-lo castelán para examinarse en Toledo, van abandonando a súa lingua e pasándose á invasora.

3.3.2. Pouco e pouco as persoas que teñen o poder (bispos, xuíces, abades, autoridades políticas e militares, nobreza) son xentes estranxeiras en Galicia, que falan en castelán e escriben nesta lingua. Como consecuencia disto, hai unha serie de galegos ilustrados que se arriman ó poder e renuncian á propia lingua, cada vez con maior frecuencia, e por esta causa vai diminuindo o número dos que escriben en galego, ata que chega un momento en que este case desaparece da escrita e se converte nunha lingua oral, aínda que a da maior parte da poboación. Como xa dicía o aragonés Micer Gonzalo de Santa María, no prólogo de *Las Vidas de los Santos Religiosos* (de entre 1486 e 1491) e repite despois Nebrija (en 1492), a lingua é compañeira do imperio (Pensado, 1982, 86; Nebrija, 1980, 101-2) e de aí que non resulte estraño o alto número de desleixados e oportunistas galegos que buscan proveito na lingua invasora. O feito de pasar do galego ó castelán era saír da lingua dos inferiores e gañar categoría social pódose ó mesmo nivel dos superiores forasteiros, chegar á lingua do imperio, que comezaba daquela coa conquista de América e a destrucción das culturas indíxenas. Ademais, moitos ilustra-

dos galegos emigran de Galicia para estudiaren ou para ocuparen cargos importantes noutras partes da península e xa se incorporan totalmente ó castelán (García Oro, 1975 ou 1976, 13; Mariño Paz, 1998, 179-88).

3.3.3. Todo estaba en contra do galego e a favor do castelán e esta lingua nas primeiras décadas do século XVI acabou por suplantar ó galego da escrita de maneira practicamente xeral. Non facía falta unha orde expresa de imposición do castelán, abondaba coa xente procedente doutras terras e cos galegos renegados para que o galego se vise desprazado. Así se produciu a terrible substitución dunha lingua pola outra e a castelanización dos topónimos, dos nomes, dos apelidos; así se produciu a defenestración do galego dos textos escritos en Galicia, contribuíndo a esta aberración tanto os estranxeiros coma os propios galegos.

3.4. Por todos estes motivos, o galego xa non se puido beneficiar das novas perspectivas que abriu o descubrimento da imprenta, nin tampouco se veu favorecido polo inicio dos estudos gramaticais e lexicográficos e pola defensa das linguas vernáculas, estudos que se foron incrementando ó longo do século XVI, e que en Castela xa empezaron a finais do XV con Alonso de Palencia (1490) e Nebrija (1492). No XVI, mentres en Portugal João de Barros escribe a súa *Grammatica da Lingua Portuguesa* e o *Diálogo em louvor da nossa linguagem* (1540) e Fernão de Oliveira a súa *Grammatica da lingua portuguesa* (1536) ou en Castela Juan de Valdés o *Diálogo de la lengua* (c. 1535), en Galicia ninguén escribiu unha soa liña sobre o galego, que pasara xa a ter unha consideración de dialecto (Lorenzo, 1986, 8-10).

3.5. Malia todos estes feitos frustrantes e as condicións negativas para o seu desenvolvemento, o galego foi a lingua dominante na escrita en toda a Idade Media e houbo personalidades dispostas a impulsalo, como o demostran as diferentes traducións que se fixeron de textos históricos, xurídicos ou literarios, aínda que, en liñas xerais, podemos dicir que a produción literaria en prosa foi escasa (Lorenzo, 2000). Agora ben, como contrapartida á escaseza de textos literarios, posuímos miles de documentos escritos en galego entre os séculos XIII e XVI: documentación de catedrais, igrexas e mosteiros (en pergameos ou tombos, cartularios, libros de foros ou de contas) e documentos notariais (testamentos, partillas, contratos, foros, vendas, compras, doazóns, intercambios, demandas, preitos), actas dos concellos, ordenanzas gremiais e de confrarías ou libros de tenzas. A pena é que moita desta documentación está inédita e que moitas edicións están feitas con criterios pouco filolóxicos, con moitos erros de lectura e deixando moitos documentos sen transcribir, porque o día que teñamos toda a documentación impresa en edicións fiables poderemos tentar facer un estudio bastante completo da realidade lingüística medieval.

4. Como xa indiquei no § 2 ata aproximadamente a metade do século XIII non se empeza a escribir dunha maneira máis ou menos sistemática en galego, pero isto non quere dicir que antes da década dos cincuenta non teñamos testemuños do uso da lingua romance.

A lingua falada levaba xa séculos de existencia, pero o latín imperaba na escrita coma lingua de cultura. Hai unha teoría de Roger Wright sobre a lingua na Alta Idade Media (cf., entre outros traballos, 1982, esp. 220-9; 1991a, 5-25 ou 1994, 181-208; 1991b, 103-13 ou 1994, 21-30; 1993, 61-70 ou 1994, 265-76), segundo a cal teríamos unha única lingua escrita, latina na forma, pero non na pronuncia, pois os notarios podían ler coma se fose romance<sup>2</sup>, teoría que non me parece acertada e á que xa me referín en Lorenzo, 2003, 162-3. O certo é que ata mediados do XIII a lingua da escrita era o latín, cando xa estaba consolidado o romance como lingua oral. Por iso nos textos xurídicos, os notarios e os escribas tratan de utiliza-lo latín, con maior ou menor pericia, segundo o grao de coñecementos que posúen. Eles dispoñen dunhas normas básicas e duns esquemas xurídicos establecidos en latín, que aplican nos primeiros tempos sen grandes dificultades nos documentos. Por iso o problema non se lles presenta cando teñen que utilizar estas fórmulas xurídicas comúns, que máis ou menos se adecúan ós principios da lingua latina medieval, senón na parte dispositiva, cando teñen que pasar ó máis particular e concreto, é dicir, a nomea-las persoas que interveñen na compra-venda, foro, etc. ou que actúan coma testemuñas, cando teñen que escribi-los topónimos ou establece-los límites das herdades, etc. Entón é cando non saben facelo en latín e escriben as formas en romance ou latinizan de calquera maneira o seu propio sistema romance. A medida que avanza o século XII, e sobre todo no XIII, este latín utilizado chega a ser en moitos casos un puro artificio (Véxase unha opinión diferente en Bello, 1997). De aí que desde a época primitiva poidamos atopar formas romances nos documentos escritos en latín, formas que nos son de grande utilidade para a historia da lingua, para a cronoloxía do léxico e para explica-la evolución fonética (cf., por exemplo, Lorenzo, 2003; Varela Sieiro, 2003).

4.1. Algo semellante ocorre en Portugal, onde tamén atopamos bastantes documentos latinos máis ou menos romanceados nos séculos XII e XIII. Hai pouco Ana Maria Martins escribiu sobre “os mais antigos textos escritos em português”, cita exemplos de 1146, 1175, de antes de 1175, da 2ª metade do XII (4), do XII-XIII, da 1ª metade do XIII (3), de 1210 (2) (cf. Emiliano, 2003c), 1234 (2), 1236, 1243 e 1252 (2) (Martins, 1999, 516-28) –ós que debemos engadir dous documentos de Mogadouro de 1253– e considera que a “Noticia de fiadores” de 1175 é o texto máis antigo escrito en portugués. A isto opúxose Emiliano, 2001, que o considera latino-portugués, nun artigo que recibiu inmediatamente a réplica en Martins, 2001<sup>3</sup>. Máis tarde Souto Cabo, 2002, 369; 2002 [2003], 436-8; 2003ab, deu a coñecer outras mostras de documentos romanceados, con-

<sup>2</sup> Hai moitos autores que se deixan seducir por esta teoría, como, por exemplo, Emiliano, 1997, 1999, 2003a [1995], 2003b, etc., ou Penny, 2000, 2003. Tamén Mariño Paz, 1998, 75-81, a acepta e fai un resumo dela. Cf. tamén o punto de vista de Pensado, 1991, García Leal, 1993, ou Bello, 1997; as críticas de Álvarez Maurín, 1993; Puentes Romay, 1994, 1998, e Dworkin, 1995, e o resumo da cuestión que fai Varela Sieiro, 2003, 29-31.

<sup>3</sup> O artigo de Martins, entregado en 2001, apareceu en 2004, mentres que o de Emiliano de 2001 apareceu impreso en 2003 (Emiliano, 2003b).

siderando algún deles mesmo anterior a 1175. No traballo de 2003b Souto presenta o escrito de Pai Soares da 2ª metade do XII (pp. 341-2), a nómina de Pedro Viegas de 1184 (pp. 342-4), a carta do foro de Benfeita de finais do XII (344-6) e o pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais (346-72), que tenta situar entre 1169-1173 (p. 372)<sup>4</sup>. Os exemplos do século XII que citan estes autores, ou ben son documentos híbridos latino-romances, ou ben son frases romances incrustadas en documentos latinos, pero demostran que xa nelles aparece o romance máis ou menos desenvolvido. A grande diferenza con respecto a Galicia é que en Portugal contamos con dous documentos de carácter excepcional: o *Testamento de Afonso II* (de 1214) e a *Noticia de Torto* (que se sitúa arredor da mesma data e procede da zona de Braga)<sup>5</sup>. O importante da *Noticia de Torto* é que, sendo un documento híbrido latino-portugués, domina nel a lingua romance, aínda que nun estado incipiente como lle corresponde á época en que foi escrito. O testamento de Afonso II (de 1214) é bastante enigmático, pois está escrito nun portugués moito máis correcto e resulta inaudito que estea escrito en romance cando o mesmo rei (morto en 1223) fixo outros testamentos en latín en 1218 e 1221 (cf. Castro, 1991, 173-240; *id.*, 2004, 109-21, 126-54; Cintra, 1963ab, 1971 e 1986-1987; Costa, 1979; Martins/Albino, 1998; Martins, 1999; Emiliano/Pedro, 2004). Fóra destas mostras, o importante é que o paso do latín para o romance nas chancelerías e nos mosteiros non é anterior ó que ocorre en Galicia, pois na chancelaría de Afonso III (1248-1279) só hai dous documentos en portugués de 1255, un de 1260 e 1266 e xa 22 de 1269 a 1279 (cf. Duarte, 1986; Martins, 2001; Castro, 2004, 102-4, 106-7).

4.2. En Galicia podemos atopar en moitos textos dos séculos X, XI e XII exemplos de formas romances referidas á toponimia, á antroponimia e ó léxico (cf. Veiga, 1983; Mariño Paz, 1998, 87-91)<sup>6</sup> e xa nas últimas décadas do século XII algunha frase en galego. A presenza do galego aumenta de maneira considerable a medida que nos metemos no XIII, cando a presión da lingua romance se fai cada vez maior. Do XII podemos citar moitos exemplos localizados en diferentes mosteiros:

1147: de omni hereditate mea quam habeo in Buazo, quomodo djujditur per la canal usque ad ujneas de Coua (Montederramo, núm. 12).

1155: do ... aliam medietatem de Coujs predictis pro ujlla sua de Fonte Cooperto et pro uno casale quod *mih*i dederunt dicti fratres in loco qui dicitur Outeru de Ginjzo,

<sup>4</sup> Véxase agora un resumo destes traballos en Castro, 2004, 121-5.

<sup>5</sup> Durante moito tempo consideráronse como os documentos máis antigos o *Auto das Partilhas* (1192) e o *Testamento de Elvira Sanchez* (1193), ata que Cintra, 1963a, 49-50, e xa antes Costa en carta a M. de Paiva Boléo de 11 de abril de 1957 (reproducida por Boléo na *RPF*, xvii, 1975-1978, 867), en carta a Feliciano Ramos de 8 de xaneiro de 1959 e despois en 1979, demostraron que eran traducións posteriores dos documentos latinos orixinais (cf. Costa, 1992, 172-87; Martins, 1999, 492, 528 n. 5).

<sup>6</sup> O que non temos é un libro de sermóns en galego no XII como suxería Monteagudo, 1994, 171 (que rectifica en Monteagudo, 1999, 112), e admite Mariño Paz, 1998, 84, 186, porque no testamento do arcebispo Bernaldo II se di que na súa biblioteca había “quidem liber vetus Omeliarum, de littera galleca”. O que indica o texto é que estaba escrito en letra visigótica (Santos, 1994, 72).



jnsuper dederunt *mihi* unum iugale boum et cibaria. Termjni autem de Coujs, scilicet per hujusmodi loca, jn primjs per portum de Coujs, deinde contra Oural et deinde per Spinarium a enfestu et inde ao carril de Aural et inde ad Petram Comjtis? et deinde per ujam de Aural et deinde ad portum de Villa et deinde inter Genestosam et Peretum et inde ad penam de Cellairou et inde per carril de Teo et inde per encruzibus de Teo super Cauadam? et inde ad aream de Orgiaes et inde ad cursum de Scarpadorio? et inde per uiam contra Ujllarinum Frigidum usque ad riuum de Casar de Bispo et inde a enfestu per ipsum riuum usque ad portum de Coujs contra Oural (Montederramo, núm. 19).

1169: cum suis terminis sub aula sancte Marine de Pescoso, pro precio nominato I rocin insilado et infrinado, sela erat rasa circumdata de orla rubea de pano C et XX solidos et magis dedit in pane et in carne (Oseira, Romaní, 1989, 57).

1174: hereditates quas cum supradicta uxore mea Eldora Arias ganauí, uidelicet: Gauin integram et medietatem de Couas in Monte de Ramo sitas, et medietatem de Pelagiones in Costa de S[a]duri ... ego, sepe dictus Velascus Menendi, teneo duos casares in Uillare de Canibus et cum uxore mea, supradicta *dompna* Eldora, Concyeyro in uita nostra tantummodo de monasterio Montis Rami in precio pro iam dictis uillis, scilicet Gauin, Couas, Pelagiones, sicut superius diximus ... Regnante rege *dompno* Fernando jn Legione, Gallecia, Asturijs et Stremadura; Fernando Poncij tenente Allariz, Velasco Menendi Pennam Fidelem, Menendus Uelasqui Sanctum Iohannem de Barra, Fernandus Sanci Caldelas (Montederramo, núm. 24).

1175: ego, Fernandus Suariz, facio tibi kartulam uendicionis, Sancio Uermudiz, de hereditate mea propria quam habeo in Azeueto ... ego Fernandus ... concedo tibi ipsam leiram super medietatem tote hereditatis mee, et ipsa leira iacet sub uilla, scilicet de uia usque ad ripam. Do tibi, Sancio Uermudiz ... Fernando Sancio tenente Caldelas, Fernando Pontio Limiam, jn Auriensis sede Alfonsus episcopus, magister Garinus archidiaconus Caldelas. Ego, Fernandus... (Montederramo, núm. 26).

1183: de omni hereditate quam habeo in termjno de Resaio, scilicet delo Caruallo Torto usque ad Punctum (Montederramo, núm. 32).

1184: Ego Ffernandus Arie e Pelagio Arie et Maria Arias et Marina Aras ... ffacimus cartulam uendicionis ... dipsa nostra propria una leyra de su a uila do Castro et ipsa leyra Afunso Fagundi, cumu departe de erdade da uila e fer en Corneda cuncurrente fluuio Dezum (Oseira; a lectura é miña, pois aparece con erros en Romaní, 1989, 80).

1187: et etiam semper in die Pasche nobis XII panes et X pixotas et unum pucialem uini et una taleiga ex siccis castaneis libentissime dabis ... et ex predictis castaneis siccis unum sextarium (San Clodio do Ribeiro, *ACOu* 59; a lectura é miña, cf. Lucas/Lucas, 1996, 266).

1188: et faciant uno molino in testa in Auie et moer illa cibaria de monasterium Sancti Claudi, sine maquia, fora milio; et faciant alios molinos ... in ribulo Baraoni et dent inde sempre IIII<sup>or</sup> solidos cada anno (San Clodio do Ribeiro, *ACOu* 61; a lectura é miña, cf. Lucas/Lucas, 1996, 267).

1189: Et pro hoc amore quem tibi facimus das nobis unam leiram quam habes jnter casam? de Petro Mauro et Couam, ubi est in O Ualizino (Montederramo, núm. 38).

1191: de tota mea hereditate qua habeo in feligrigia de sancte Eolalie de Aguada ... quomodo uadit cum sua uoce ad locum qui dicitur Bidueirus; de uilla ipsa iam dicta de media da uijlla de Fufino, a media da sesta; et in altera uilla de Seuerio tota mea uoce que habeo in casale de Petro Didacj et de suos fratres; de ipso casale da tertia du casale a tertia parte (Oseira, Romani, 1989, 93).

1195: Et accipio de uobis / unam tunicam et unam capam et unos zapatos (Montederramo, núm. 43).

1195: Ego, Eldonca Gartia, facio kartam uobis, domno Gonsaluo, abbati de Monte de Ramo ... de hereditate quam habeo in Uilarino, quantum ad me pertinet, scilicet quinta pars de septima. Et est ipsa hereditas quomodo djuidit delas Fontaelas contra Uilarino (Montederramo, núm. 44).

En 117..., nunha xenealoxía dos mouros comprados polo mosteiro de Sobrado, aparecen fórmulas coma as do fragmento seguinte:

De Elvira Fernandi natus es Petrus de Meira, filius de patre galego. De Martino Fernandi et de una muliere de Regaria et galega natus est unus puer paruulos. De Mafumate texilano, qui in bapismo uocatus est Martinus Menendi, quique etiam postea conversus factus est, nata est Marina Broca. De ista Marina nata est Maria Petri, filia de uno homine galegu; et de alia filia de Iohanne Galafre, ferrario, et alia filia de alio patre galegu, et uocatur ipsa filia Zebula. Iohannes Zada, carpentarius, uenit de Portugalia et habuit unum filium de muliere galega ... de Guillelmo Arias et de una galega nata est Serra et Iohannes Guillelmi (Loscertales, 1976, II, 130-1; *CDH*, III, 1969, 90-91).

Tamén nun pergameo que contén unha bula de Alexandre III de 1163 se escribiu algo máis tarde:

Hec est memoria casalium dicti monasterij: casalia de Concieiro? cum terminjs suis, casalia de Golpellanis cum terminis suis, casale de Adiurande cum terminis suis, casalia de Calzada de Costa cum terminis suis, casalia de Sancto Tirso de Limja cum terminis suis, casalia de Squadro cum terminis suis, casale de Ujde cum terminis suis, casalia de Coto cum terminis suis, casalia de [R]iuulo de Capris cum terminis suis, casalia de Lanza cum terminis suis, casalia de Loureto? et de Genestosa et de Molis et de Pereto et de Coujs et de Bouza Ueteri et de Casar de Ansora et de Begueira et de Nuccaria, de Retorta, de Requeixada, de Cadaual, de Costeirou, de uijlla que dicitur Casales, de Castanaria, de Uilla Oxe, de Sancto Cosmede, de Mazanaria, de Uilla Noua, de Gaujn, de Saujn, de Mogaiza?, de Periarus, de Sispiazo, de Castelljna?, de Candanedo, de Ujlar de Queigia, de Buzu Queimado, de Pena Petada, de Riuulo de Asinjs, de Barrio, de Muriolis, de Castrelo, de Cadelina, [de Sancto M]artino, de Raual, de Cazedinon? ..... de Boga, de Limjnaribus?, de Cristosende, de (de) Buazo, de Montoedo, de Giranes?, de Celleirous, de Sestim, de Auelanedos, de Modora, de Mioteira, de Casar do Matu, de Saas de Monte, de Azeueto, de Bidoeria, .... de Godina, de Canpo, de Patornelo, de Salto Ueremundo, de Sancta Columba, de Baroncelle, de Uinbra, de Qerenniu?, de Cigarrosa, ..... de ecclesia de Ripa de Sil, de Seqer de Bois, de Forcas, de Senra, de Subripa, de Mjranda, de Ujlar, de Spinjs, de Ueranego,

cassalia de Canba ... Praduzelos et de Baroncele? ... vineas de Sancto Martino de Qeiroga ... Tamagoos, monasterio de Cidojs .... ecclesiam de Gauin, ecclesiam de Couis, porcionem ecclesie de Cordelle, ecclesiam de Conillieria, ecclesiam de Pador-nello?, ecclesiam de Sequer de Bois, porcionem ecclesie de Nugaria, porcionem ecclesie de Salzedo, porcionem ecclesie de Pignaria, porcionem ecclesie de Verrandj, porcionem ecclesie de Golpillanis (Montederramo, núm. 21).

4.3. Xa no XIII podemos citar numerosos casos e, como mostra, porei uns cantos exemplos de Montederramo:

1225: de hereditate ... quanta habeo cabo de ipsas tuas casas, uinea et ficaria, et cabo de ipso regeiro (núm. 81).

1226: de uno casario et est pronominato in Tamagelos, in Cema de Uila, et de una lera sub ela uereia que fer ina Antigua (núm. 83).

1228: facio karta uendicionis ... de uno mato qui auja delo couto de Cabreiroaa usque rigeiro de Grangia et recipio inde precium unum rocinum, unde bene suu pagado, et Uiuian, filio de Paiote, fiador de outorga de toto ominem qui a demande (núm. 89).

1233: ego ... facjo kartam uendicionis de quantam herditatem habeo in Uilar de Ceruus, mia et de meo frater Fernando ... pro precium nominatum xx<sup>ti</sup> *solidorum*, unde bene sumus pagados. Et pro fiador Michael Pelagij pro alungar Fernando et toto omine. Et ego, Michael, uendo ibi meo quinion de ipsa herditatem de Uilar de Ceruuos a Sancta Maria de Monte Ramj pro x *solidis*. Et quin ista karta quiser pasar, pectet herditatem duplata (núm. 104).


4.4. Pode darse o caso de que o escriba sexa incapaz de escribir correctamente un documento en latín e o resultado é unha mestura de latín e romance, de maneira parecida ó que pasará andando o tempo cos documentos de finais do XV e do XVI, nos que se producen interferencias entre o galego e o castelán. Vexamos como mostra un exemplo de febreiro de 1250:

Notum sit homnibus hominibus tam presentibus quam futuris quod ego, donnus *Fernandus* Garsie das Maus, simul cum uxor mea Maria Menendj, damus uobis, Petrus Gil, et uxor uestra Maior Rodericj una leira a foru in uilla que dicitur Pidrisqueira, en Caruallas Uellas, et in illa leira tomou donnus *Fernandus* entrega de dona Teresia. Damus uobis a atal foru que dedes inde quarta de *pan* uobis et generatio uestra usque in perpetuum *mihi* uel cuj uox mea habuerit, et colerdes meu maiordomo et leuardes o *pan* a meu celejro ena fijgrisia. Et si uolueritis istum forum uendere uel supinorare, ante nobis quam alios homines uel cuj uox nostra habuerit; et si nos noluerimus, uendatis uel supinoretis a talios homines que faciant nobis istum forum in pace, et non sedeant cabaleros nem frades nem freires, *senon* homees que faciant nobis istum forum in pace. Et si uenerit de nostra parte uel de extranea que uobis uoluerit frangere istum forum, pectet c aureos a *domino* rege e a herdade duplata. Facta karta in mense februaryus. Regnante rege *Fernando* in Legione et in Castella, *Johannes* episcopus *Auriensis*, tenentem Limia *Fernando* Iohannes et *Pedro* Paez; *Johanne* Fernandj, meyrino. Qui presentes fuerunt: Pedro *Roderici* de Fonquberta, *Fernando* *Velasci* de Uide, *Laurentio* Lupet, o clerigo; *Johannes* Fernandet, cunado de Pedro Rodericj; Ve-

lasco do Olo. Era M<sup>a</sup> CC<sup>a</sup> LXXX<sup>a</sup> VIII<sup>a</sup>. Petrus Martinj qui notuit, testis (Montederramo, núm. 171; tamén en Ferro Couselo, 1967, I, 14-15).

4.5. Como outras mostras de documentos híbridos latino-romances de Montederramo poden verse dous de 1259 (núms. 220-1). Os exemplos poderíámoslos multiplicar con citas doutras coleccións documentais, como en documentos de Vilanova de Lourenzá de 1243, cunha parte en latín e bastantes frases en galego (Rodríguez/Rey, 1992, 126-7), Lugo de 1246 (*AHN* 1328C.22), Allariz de 1251 (Ferro Couselo, 1967, I, 15-16), Melón de 1223 e 1252 (en traslado en galego sen data) (Cambón, 1958, núms. 165, 489; Ferro Couselo, 1967, I, 16), Oseira de 1253 (Romaní, 1989, 662), Sobrado de Trives de 1253 (Martínez Sáez, 1989, núm. 27), Ferreira de Pallares de 1259 (2) e 1270 (Rey Caíña, 1993, núms. 172, 174, 233), etc.

5. Polo tanto, antes de apareceren os documentos escritos sistematicamente en romance, hai bastantes mostras do seu uso en documentos latinos ou híbridos, pero cómpre facer referencia a certos supostos documentos en galego da década dos trinta ou mesmo de finais dos anos vinte do século XIII presentados por algúns investigadores e que debemos descartar, porque se leron mal as datas ou se lle aplica a data do documento latino orixinario ó documento romanceado que contén a tradución (Tato Plaza, 1997). Así, Lucas, 1975a, 239, referíndose a Oseira, di que entre 1170 e 1245 a lingua normal dos documentos é o latín e que dos “77 documentos comprendidos entre estas dos fechas, solamente dos están escritos en lengua gallega; los dos son de 1229 y pertenecen al mismo escriba” (os do *AHN* 1516.18, 1517.6). Anos máis tarde indica que “el comienzo efectivo del uso del gallego en los documentos no debe situarse antes de 1250; y los documentos que, con anterioridad a esta fecha se puedan encontrar, o son excepción, o se trata de copias traducidas de originales latinos” (Lucas, 1991, 458). Tamén Romaní, 1989, 316-7, e López Peña, *CDH*, I, 246-7, publicaron dous documentos en galego supostamente de 1230. Tato Plaza, 1997, 301-2, chamou a atención sobre os dous documentos datados por Lucas en 1229, indicando que se trata de malas lecturas da data. Un deles, o do *AHN* 1516.18, figura na edición de Romaní, 1989, 802-3, como de 1259 e o outro en Romaní/Otero, 2003, 58, tamén como de 1259 e xa foi publicado antes na *CDH*, III, 12-14, por Vaamonde Lores con bo sentido lingüístico, pois indica que é de 1259 e pon unha nota na que di que no manuscrito aparece como data a era de 1267 (ano 1229): “Si esta fecha fuese cierta, tendríamos un documento redactado en lengua gallega en tiempos de Alfonso IX de León, época en que no se empleaba el romance en los escritos oficiales, circunstancia que daría a este instrumento un valor excepcional”. El, tendo en conta a información contida no documento, considera que o notario esqueceu trazar no *X* o trazo que representa un *L*, polo que debemos ler era de 1297 (*CDH*, III, 12 n. 1). Podemos pensar que o notario esqueceu poñer-lo trazo do *L*, que se le con dificultade ou que o editor non o soubo ler, que é o caso do documento que Romaní data en 1230. Como demostrará Tato Plaza neste mesmo tomo e tivemos ocasión de comprobar

nunha fotografía do pergameo, neste documento non di X, senón , é dicir, XL<sup>a</sup>, polo que o documento en cuestión é de 1260. Esta falsa lectura non tería demasiada importancia se quedase limitada á obra de Romaní, que cometeu un erro paleográfico e que non se caracteriza precisamente polos seus coñecementos lingüísticos, pero o grave da cuestión foi que o Departamento de Historia I da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela publicou en Internet este documento como o máis antigo escrito en galego e así figura agora no Inventario de Frank/Hartmann, 1997, 343, que colocan esta “Charte galicienne” dentro do apartado de “Chartes portugaises”. Está claro que os autores alemáns non tiñan por que saber que Romaní errara na lectura, pero xa é máis grave que un profesor da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela estudiara este documento como de 1230 sen comprender que non era desta data (Souto Cabo, 1996)<sup>7</sup>. O outro datado por López Peña en 1230 xa aparece correctamente datado en 1260 por Rey Caiña, 1985, núm. 188. Ademais disto, no *AHN* 539.15, 540.2,13 dátanse tres documentos de Samos en galego nos anos 1226, 1233 e 1240, pero trátase de erros de datación dos responsables da colocación nas carpetas, pois os tres foron escritos no século XIV. Fronte a estes casos de mala datación, parece, en cambio, correcta a data de dous documentos do mosteiro de Melón dos anos 1231 e 1233 (Cambón, 1958, núms. 235, 257), escritos total ou parcialmente en galego<sup>8</sup>, aínda que non se comprende cómo están escritos en romance cando neste mosteiro se escribe sistematicamente en latín de 1230 a 1249 (193 documentos en Cambón, 1958) e maioritariamente de 1250 a 1259 (37 no *ACOu* e 68 no *AHN*) (cf. § 6.3.1). Tamén Cambón, 1958, transcribe en Melón un longo documento (núm. 224, con 24 páxinas), que sitúa entre 1188-1230? e que ten as primeiras 10 páxinas e 19 liñas da 11 en leonés e o resto en galego<sup>9</sup>, e en Sobrado de Trives hai unha “inquisitio” sen data que Duro Peña, 1967, 58-59, coloca nos últimos anos do reinado de Afonso IX e que ten partes en latín e partes en romance. Ademais, López, 1916, 89-90, publicou un documento de 1227 de Samos (reproducido por Fernández

<sup>7</sup> Souto Cabo fala de mostras do “galego-portugués” en Galicia e non de galego, pon ó mesmo nivel este texto galego mal datado coa *Noticia de Torto* ou co testamento de Afonso II, textos portugueses, non se decata de que o outro documento de 1230 publicado na *CDH* tamén está mal datado e di (p. 123 n. 2) que os textos publicados por Ferro Couselo, 1967, I, 13-15, de 1244, 1250 (cf. § 4.4), 1251 e 1252, están en romance, cando son híbridos latino-romances. Ademais, parece que aínda dubida de que cometeu un erro na cronoloxía do documento, pois en 2002, 371 n. 9, di “O Testamento de Estêvão Peres (...), inicialmente considerado de 1230 por M. Romaní Martínez e A. Santamarina (...), podería ter sido redigido no ano 1260, como eu próprio aponetei en “Documentos galego-portugueses medievais (I)” (*Agália*, 49, p. 25, 1)”. Algo parecido repite en 2002 [2203], 439 n. 19, implicando a Antón Santamarina, coma se este fose o autor da edición de Romaní, e di que “o problema reside na existencia ou nom de um «xis» aspado (= LX)”. Hai que dicir que Souto non se baseou no seu traballo de 1996 na edición de Romaní, posto que fixo unha nova lectura do manuscrito, e, se se fixase ben, podería ter visto o “xis aspado”. O erro de Romaní levou inevitablemente a outros autores a falar da importancia deste suposto documento de 1230, como a Bello, 1997, 512-4.

<sup>8</sup> Xa escrito o meu traballo vexo que Souto Cabo, 2003, 804, se adxudica o descubrimento destes dous documentos, descoñecendo a edición inédita de Cambón. Souto publica o de 1231 (pp. 812-3).

<sup>9</sup> Gallego, 1986, fai un estudio del (pp. 157-61) e transcribeo con moitísimos erros (pp. 162-70), colocándoo no reinado de Afonso IX (p. 160). Segundo indica Boullón Agrelo (en *Cuadernos de Lingua*, 26, 2004, no prelo), Ferro Couselo (*Vida Gallega*, nº 728, 1957) sitúao arredor de 1228.

Villamil, 1943, 115-6) que mestura bastante o latín e o galego.

5.1. Lembremos tamén que Martínez Salazar, 1911, 1-21, coloca na súa antoloxía en primeiro lugar sete textos sen data ou para os que propón unha data aproximada: un de entre 1234-6? (pp. 1-4) e outro tomado dunha copia do XVII (pp. 4-5), os dous híbridos en latín e galego; despois tres que sitúa entre 1242-52 (pp. 6-12), un deles cunha “notiça” (pp. 10-12); outro de 1253-1254? nun traslado (pp. 12-14, tomado da *CDGH*, 182-4, onde López Ferreiro di que é de 1253), que é híbrido, pois ten partes en latín e outras en romance, con mestura de galego-leonés, e un de mediados do XIII que traduce un foro dado en 1228 ó Burgo de Caldelas (pp. 15-21). Por outra banda, Novo Cazón, 1986, núm. 20, transcribe en Vilaronas un documento en latín de 1241 que reproduce dous documentos anteriores, un en castelán de 1240 e outro do mesmo ano que mestura galego, castelán e latín. Ademais, Fernández de Viana, 1996, 435-7; 1999, 223-5, transcribe en Caaveiro un documento de 1240 nun galego moi correcto, pero tomado dun tomo copiado posteriormente, polo que é moi improbable que se escribise así nesa data, e en Ferreira de Pallares hai un en galego de 1247, con algunhas palabras en latín e a grafía *u, i* por *o, e*, e un híbrido latino-galego de 1227 (Rey Caiña, 1993, núms. 51, 105). Outro que debemos citar é un de Allariz de 1244 (Ferro Couselo, 1967, I, 13-14), que Souto Cabo, 2002 [2003], 438-9, antes de descubri-los documentos citados de Melón (Souto, 2003b), consideraba como o primeiro texto plenamente romance coñecido no territorio galego e indica que procede da rexión do Bolo, “o que pode sugerir algun tipo de influxo do ámbito castelhana-leonés, inclusive perceptíbel a nivel lingüístico” (p. 439); pero estes asertos necesitan unha aclaración, posto que se trata dun texto híbrido, con partes en latín e outras en romance, e as súas características lingüísticas son propias do galego-leonés, non do castelán-leonés.

5.2. Isto lévame a indicar que moitas veces se citan documentos anteriores á década do cincuenta como galegos, porque aparecen en cartularios galegos, cando realmente proceden de zonas de fala (galego-)leonesa, da comarca do Bierzo ou da Pobra de Seabra. Tamén en mosteiros da zona occidental zamorano-leonesa hai documentos que se poden considerar galego-leoneses, porque presentan unha lingua híbrida, cun dominio do galego ou de palabras que coinciden co castelán segundo os casos ou con trazos específicos do leonés. Entre os documentos primitivos que atopamos en mosteiros galegos e nalgunha catedral procedentes de territorio leonés e que están en leonés (ou galego-leonés) podemos citar en Melón un de 1246 e outro de 1256 (Cambón, 1958, núms. 424, 565), en Oseira un de 1251 escrito en Zamora (Romaní, 1989, 621), no Tombo de Toxos Outros documentos híbridos en latín e leonés de 1241, 1243 e 1250 e un en leonés de 1243 (Pérez Rodríguez, 2004, núms. 28-31), en Ferreira de Pallares de 1253 e 1261 (Rey Caiña, 1993, núms. 121, 191)<sup>10</sup>, en Meira un de 1254, en Samos de

<sup>10</sup> Tamén un en galego con leonesismos de 1382, documento dun notario de “Uilla Franca cerca Valcarçel” (Rey Caiña, 1993, núm. 574). En Lugo hai un de 1364 (Portela/García Oro, 1997, núm. 670).

1256 e 1268 procedentes de Vilafranca do Bierzo (Sponer, 1934, 116-8) e na catedral de Ourense un de 1284, cun acordo de irmandade de varios concellos e cabidos reunidos en Zamora (*DACO*, 1917, 206-8; Duro Peña, 1973a; 1996, non o transcribe e di erroneamente que está en castelán).

5.2.1. Se botamos unha ollada a mosteiros da zona de Pobra de Seabra ou do Bierzo, no Tombo e en documentos de San Martín de Castañeda aparecen en latín, alén doutros anteriores, en 1250, 1255, 1263 e 1287 (Rodríguez González, 1970, núms. 192-6, 199; Quintana, 1972, 172-3, 175-8, 182-93, 200-1, 207, 211) e en galego-leonés en 1241, 1251, 1252, 1257 (2) e 1262 (Rodríguez González, 1970, núms. 191, 197-8, 200-2)<sup>11</sup>. Nos documentos de Castañeda relativos a Valdeorras hai dous en leonés de 1257 (García Tato, 1986, 33-35). No mosteiro de Carracedo hai documentos de 1245 (2), 1250, 1251 (3), 1252, 1253 (2), 1257 (3), 1258 (3), 1259 (3), 1260 (3), 1261 (2), 1262 (2), 1263 (2), 1264 (Martínez Martínez, 1997, núms. 429, 432, 452, 465-7, 475, 482, 485, 511-3, 517, 519-20, 525-7, 530, 533, 535-7, 544, 546, 550, 554, 559) e posteriores cunha lingua híbrida galego-leonesa ou con características do leonés. Máis documentos neste romance híbrido aparecen en San Pedro de Montes, onde xa en 1230 hai un en latín con romance e despois en romance, ás veces coa data e as testemuñas en latín, en 1235, 1238, 1241, 1243 (2), 1245, 1247 (2), 1251 (4), 1252 (5), 1253 (4), 1254, 1255 (6), 1256 (6), 1257 (4), 1258 (3), 1259 (2), 1260 (2), 1261 (2), 1263 (4), 1264, 1270 (2), etc. (Quintana, 1971, núms. 291, 293-4, 297-302, 304-6, 308, 310-19, 321-4, 327-37, 339-40, 342-9, 351-5, 358-9).

6. Volvendo a Galicia, fóra dos documentos citados nos §§ 5 e 5.1, o certo é que a irrupción definitiva do romance nos textos escritos se produce na década dos cincuenta e para ver como se foi abrindo paso o galego no século XIII fronte o latín, podemos facer unha pequena incursión polas distintas coleccións documentais que temos á man, a maneira de proba, tal como fixeron, parcialmente, Lucas, 1975a, 239, para Oseira, e Monteagudo, 1985, 105-7; 1994, 182-3; 1999, 133-5, nas táboas que elaborou para unha serie de documentos das catedrais de Ourense e Santiago, dos mosteiros de Ribas de Sil e Rochas e de Sínodos diocesanos<sup>12</sup>. Véxase tamén agora Souto Cabo, 2002 [2003], que presenta un cadro (p. 443) coa evolución do uso do galego entre 1256 e 1285 baseada en nove coleccións documentais.

6.1. Na provincia da Coruña, no Tombo de Caaveiro os documentos de 1250, 1252 (2), [1252-1262] e 1253 están en latín (Fernández de Viana, 1997, 320-2, 350-2; 1999,

<sup>11</sup> Tamén hai un de 1310, así como un en galego de 1383 procedente de Ourense (Rodríguez González, 1970, núms. 205, 207). En castelán hainos de 1288, 1323, 1402, 1427 e 1494 (*id.*, núms. 204, 206, 208-10).

<sup>12</sup> Para facer este traballo utilicei as fontes documentais publicadas, as fotocopias de documentos medievais conservadas na Facultade de Xeografía e Historia, algunhas xa moi esvaídas, que están incompletas porque algúns profesores se apropiaron das copias e non as devolveron, e os microfilmes de documentos da provincia da Coruña de que dispón o *AHUS*, dos que dispón o Centro Ramón Piñeiro, así como os microfilmes que temos no Instituto da Lingua Galega. Ademais, comprobei moitos documentos nos Arquivos que os conservan.

305-7, 330-1), igual ca uns pergameos de 1259, 1260, [1262-1266], 1286 e outros do XIII (Fernández de Viana/González Balasch, 2002, 349-50, 352, 354-5, 356-7; *AHN* 491.7-9,13-16). En galego temos un de 1240, xa citado, e outro de 1252 introducido no século XV, pero en traslado de 1316 (Fernández de Viana, 1997, 352-4, 435-7; 1999, 223-5, 331-3) e tamén hai pergameos en galego de 1259 (2), 1265, 1286, 1287 e 1290 (Fernández de Viana/González Balasch, 2002, 350-1, 353-4, 357-8, 359-60; Porta, 1986, 256; Martínez Salazar, 1911, 44-5; *AHN* 491.6,11-12). Do mosteiro de Monfero temos moitos en latín de 1230 a 1249 (*ARG* e *AHN*, carpetas 498-500; López Sangil, 2002, núms. 235-342) e tamén de 1250, 1251, 1252 (2), 1253, 1255 (2), 1256, 1257 (3), 1268, 1283, 1287 e outros tres do XIII (*ARG*, núms. 113, 115, 124; *AHN* 500.14-19, 501.7, 502.15, 504.4,7; López Sangil, 2002, núms. 343, 346-8, 350, 353-5, 357-9, 383, 490, 520, 598). En galego hai dous sen data moi antigos (*ARG*, núms. 111, 112) e despois de 1257, 1261 (3), 1262, 1265, 1266, 1267, 1269 (3), 1270, 1271 (2), 1272, 1273 (2), 1274 (5), 1275 (7, un en traslado de 1298), 1277 (3), 1278 (3), 1279, 1280 (2) e xa numerosos dos anos seguintes (*ARG*, núms. 114, 116-21, 123<sup>13</sup>, 125-45; *AHN* 501.4-6, 8-9,11-20, 502.1-14,16-19, 503.1-8,11-19; López Sangil<sup>14</sup>, 2002, núms. 356, 359, 364-5, 367-9, 377, 380-2, 385, 387, 390, 392-4, 397, 399, 402-5, 407, 409-10, 419-20, 422-4, 430, 432-5, 437, 439-41, 444-8, etc.; *CDH*, I, 220-1; III, 177; Vaamonde Lores, 1908, 174-5; Martínez Salazar, 1911, 22-24, 31-43, 45-47, 49-50, 52-53, 55-58, 60-66, 68-69, 71-72, 74-79, 81-86, 88-90, 93-94, 97-100; Maia, 1986, 45-46, 49). Pasando a outros lugares, en San Xoán de Buxán temos un en latín de 1251 (*AHN* 557.24) e en Marcelle outro de 1277 (*AHN* 496.5); en Cis un en latín de 1288 e en galego de 1284, 1290, 1294 e 1297 (Lucas, 2004, 684-6; *AHN* 494.7,18,20); en Dorneá un en galego de 1285 (*AHD*, *San Martiño*, c. 56.55); en Soandres un en latín de 1275 e outro en galego de [1265-1282] (*AHD*, *San Martiño*, c. 55.48; c. 56.19); en Mariña en galego de 1276, 1286 e 1294 (*AHN* 496.6-8); en Moraima un en latín de 1264 (*AHUS*, Pergameos, 10) e faise unha copia en 1294 dunha noticia anterior en latín e galego (*AHD*, *San Martiño*, c. 86.3). Tamén os hai en galego feitos en Ferrol en 1282 e 1288 (Vaamonde Lores, 1909, 17-18; 1911, 12-13), por notarios de Pontedeume en 1271, 1272 e 1275 (Martínez Salazar, 1911, 59-60, 62-63, 67-68) e de Betanzos en 1272 (*id.*, 62-63).

6.1.1. No mosteiro de Sobrado continúan en latín en 1250, 1252 (5), 1253 (2), 1254 (5), 1255 (3), 1256 (3), 1257 (6), 1258 (2) e 1259 (2) (*RAG*; *ARG*, núms. 322-6, 328-9, 331; *AHN* 542.2-7,9-16; Pallares, 1979, 303-8; Daviña Sáinz, 2002, 123, 135-6, 143; 2003, 175-6) e despois en 1260 (2), 1261 (2), 1269, 1270, 1274, 1275, 1286, 1293 e 1294 (*ARG*, núms. 332, 340, 345; *AHN* 542.20, 543.1-2,10,15-16, 544.6,14; están en latín sen data ou rompidos os do *AHN* 545.1-2,4,6,8-9,12-13); en galego témolos de

<sup>13</sup> O núm. 122 está posto no ano 1271, pero o que se le é era de 1271, polo que o escriba debeu cometer un erro na datación, pois está escrito nun galego moi correcto e non é probable que sexa de 1233.

<sup>14</sup> Este autor indica en numerosos casos a lingua en que están escritos os documentos, pero comete constantes erros nestas indicacións e non os podemos fiar do que di. Cf. notas 32, 59 e 62.



1257 e 1259 (*ARG*, núm. 327; *AHN* 542.17; Martínez Salazar, 1911, 24-26) e logo de 1262 (2), 126...? (rompido), 1264, 1265 (3), 1266, 1267, 1268, 1269 (2), 1270, 1272 (2), 1273, 1274 (2), 1275, 1276, 1277, 1278, etc. (*AHN* 543.3-4,6-9,11-14,17-19; *ARG*, núms. 335-9, 341-2, 515; Martínez Salazar, 1911, 28-30, 47-49, 50-54, 70-71, 80-81, 86-88, 95-96; Vaamonde Lores, 1907, 226-7; *id.*, 1909, 42-44, 63-64; *id.*, 1910, 280; *id.*, 1911, 66-67; *CDH*, III, 157; *CDGH*, 321-4; Sponer, 1934, 137-8; Vázquez López, 1997, 212-4; Pallares, 1979, 306-7, 308-22; Maia, 1986, 41-45, 47-48, 75-76, 128; González Garcés, 1987, 499-500; Daviña Sáinz, 2002, 128-9)<sup>15</sup>. No Tombo de Toxos Outos é normal que aparezan en latín os da década dos corenta (64), así como os dos anos cincuenta (31 en total: Pérez Rodríguez, 2004, núms. 57, 111, 171, 183, 188-9, 196, 207, 213, 388, 409, 419, 422-3, 432, 456, 460, 544, 549, 557-9, 561-2, 564-5, 569, 579, 661-2, 706) e sesenta (16: Pérez Rodríguez, 2004, núms. 104, 115, 173, 175, 177, 318, 357, 416, 463-4, 496, 548, 617-8, 652, 712; Salvado, 1991, 222) e tamén os hai de 1270, 1271, 1274 (2), 1277, 1284 (2), 1289 e 1294 (Pérez Rodríguez, 2004, núms. 0, 58, 62, 441-2, 487, 550, 616; Salvado, 1991, 220-2, 223, 225; *AHN* 556.14); en galego só aparecen de 1271, 1276, 1277, 1283 (2), 1287 e 1299? (Pérez Rodríguez, 2004, núms. 62, 90, 185, 436, 475, 796; Salvado, 1991, 224-5, 226-7; *AHN* 556.13).

6.1.2. Por outra banda, en Santiago no *AHUS* hai documentos en latín de 1258, 1259 (4), 1260, 1271, 1273 (2), 1274 (2), 1282, 1283 (2), 1285 (2), 1294 e 1299 (Justo/Lucas, 1991, 4-12, 14-16, 19-20; Col. Blanco Cicerón, 127, 152; *id.*, c. 137.21-23) e en galego de 1260 (feito en Caldelas), 1284 e 1295 (2) (Col. Blanco Cicerón, 165; Justo/Lucas, 1991, 13-14, 17-19); no Apéndice do tomo v da *HIS* están en latín os dos anos cincuenta e sesenta (*HIS*, v, 68-90 e 93-108) e un de 1259 na *CDH*, I, 278-9. Na *CDGH* hainos en latín de 1253, 1262, 1267 (pp. 19, 263-9) e testamentos de cóngos e outras persoas de 1269, 1270, 1276, 1279 e 1283 (pp. 184-92, 218-25, 239-54) e en galego de 1265, 1272, 1276, 1291 e 1294 (pp. 17-18, 34-35, 270-3, 275-7). Tamén aparece unha avinza en galego en 1289 entre os cambiadores e os ourives (López Ferreiro, 1895, 113-5) e no Fondo López Ferreiro hainos en latín de 1275, 1288, 1289 e 1293 (*Catalogación*, 2001, 307, 310, 312) e en galego de 1279, 1289 e 1294 (*Catalogación*, 2001, 308, 311, 313). No mosteiro de Belvís hai un en latín de 1291 (Rodríguez Núñez, 1989, 393; 1990, 67); no de San Martiño dos Piñeiros en latín de c. 1250 (2), 1252, 1254, 1255, 1256, 1258, 1259 (5), 1261, 1262 (2), 1263, 1264 (3), 1265 (2, un con palabras en galego), 1267 (2), 1268, c. 1269, [1262-1270] (2), 1270, 1272 (2), 1273, 1274, 1278, [1270-1280], 1287, 1290, 1291 (3), 1293, 1295 (2) e 1298 (Lucas, 2003, 266-9, 271-83, 284-98, 299-303, 308-9; *AHD*, *San Martiño*, c. 46.72,74,94,96; c. 55.56,67,72,77,102; c. 56.34,39,50,84; c. 57.61; *AHN* 513.17,18, 514.4; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, c. 137.28) e en galego de 1265 (2, nun Lucas, 2003, 279-80, pon erroneamente 1264),

<sup>15</sup> No *AHN* 531.11 hai un galego coa data errada, pois parece que di era de 1224. Seguramente falta un C e sexa do a. 1286.

1272, 1281, 1287, 1288, 1292, 1293 (2), 1295 e 1298 (Lucas, 2003, 279-80, 298-9, 307, 309-10; *AHD, San Martiño*, c. 46.97; c. 55.104; c. 56.40; *AHN* 513.19, 514.1,3,5-6); no de San Paio de Antealtares en latín de c. 1250, 1250, 1251 (2), 1252, 1253, 1254 (3), 1256 (2), 1258 (2), 1259, 1260 (2), 1261, 1262 (2), 1266 (3), 1268, 1270 (2), 1273, 1274 (2), 1282, 1283, 1290 e 1295 (*AHN* 520.13-20, 521.1-3,5-17, 522.2-4,6; *AHD, San Martiño*, c. 55.111, c. 56.48,76; c. 86.8) e en galego de 1255, 1273, 1276, 1283 (Maia, 1986, 77-78), 1289 (2), 1291, 1294 e 1296 (*AHN* 521.4, 522.1,5,7,9-13); no de San Pedro de Fóra en latín de 1274, 1279, 1283, 1285 (2), 1294 e [1299] (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 80, 128; *AHD, San Martiño*, c. 55.76; c. 56.41,67,81; c. 86.8); no de Santa Clara en latín de 1278, 1285, 1293 e 1298, alén de tres documentos de 1258, posiblemente deste mosteiro (*AHD, San Martiño*, c. 45.45-46; c. 47.11,15; c. 48.107; Castro, 1983, 47-48) e en galego de 1297 e 1299 (*AHD, San Martiño*, c. 45.16; Castro, 1983, 49-52). Ademais, no *Tombo B* da catedral hainos en latín de 1254 (2: un de Afonso X), 1255, 1256 (2), 1260, [1261], 1264 e 1292 (González Balasch, 1987a, núms. 216, 218, 223, 228-9, 238, 240, 245, 263; Fernández de Viana/González Balasch, 1992, núm. 18), alén dos papais (González Balasch, 1987a, núms. 212, 217, 222, 234-5, 248, 254), e no *Tombo C* en latín de 1250 (2 de Arnoia), 1253 (2 de Santiago de Ermelo), 1255 (de Conxo), 1282 e 1284 (de Ourense) (Fernández de Viana, 1989, 248-50; *id.*, 1997, 374-6; Fernández de Viana/González Balasch, 1992, núms. 19-20).

6.2. Se pasamos á cidade de Lugo, temos un documento híbrido latino-romance en 1246 (*AHN* 1328C.22), pero a maior parte dos documentos de 1250 a 1259 que se conservan no *AHN* están en latín, pois pasan de 100 (*AHN* 1329ABCDE) e só aparecen 11 en galego: de 1255, 1256, 1257 e 1259 (8) (*AHN* 1329A.6,27, 1329B.22, 1329D.13,20, 1329E.1,4,8-10,12; Murguía, 1907, 195-6). De 1260 a 1269 continúa o dominio do latín e inclusive con máis documentación, posto que hai máis de 200 documentos (*AHN* 1329 EFGH, 1330ABCDEFGH, 1334.11-12), mentres que para o galego queda un uso limitado: de 1260 (5), 1261 (4), 1262 (3), 1263, 1264, 1265, 1266 (2), 1267 (2), 1268 (7) e 1269 (*AHN* 1329G.8-9,20-22, 1329H.15,19,25, 1330A.11, 1330B.4-5,20, 1330C.1,23, 1330D.8,26, 1330E.5,16, 1330F.6-7,9-10,12,17-18,22, 1330G.1). Despois ata o ano 1276 temos 57 en latín e 41 en galego (*AHN* 1330GH, 1331AB)<sup>16</sup> e desde 1289 a 1299 rómpese xa a proporción a favor do galego, ó termos 15 en latín (*AHN* 1331FGH) e 52 en galego (*AHN* 1330G.1, 1331FGH). Na catedral, entre outros, hainos en galego de 1256, 1259 (4), 1261, 1265, 1266, 1267, 1272, 1273 e 1274 (Sponer, 1934, 140-6, 150, 153-5; Vázquez Saco, 1943, 118-9, 187). Moi interesante é un “Memorial de Aniversarios”, que contén 305 textos breves datados (de 1199 a 1322) e 286 sen datar (Jiménez, 1987, 163), case todos en latín, agás uns cantos en galego, un deles de 1290 (*id.*, p. 215) e os outros do XIV, cun engadido en galego de 1326 (*id.*, p. 226). Neste memorial da se-

<sup>16</sup> Non podo ver cal é a situación nas dúas décadas seguintes porque non dispoño de fotocopias das carpetas 1331CD.

gunda metade do XIII hai mencións en latín de 1250, 1251, 1254, 1264, 1266 (2), 1267 (2), 26 da década dos setenta, 21 da dos oitenta e 20 da dos noventa (Jiménez, 1987, 169-74, 175-8, 179-81, 182-7, 188, 190-3, 196-8, 200-1, 203, 205-7, 210-1, 214-5, 216, 218-20, 221, 226; cf. Leirós, 1941b).

6.2.1. Na catedral de Mondoñedo os tombos catedralicios e os pergameos soltos están todos en latín na década dos cincuenta (69) e na dos sesenta (71) (Cal Pardo, 1990, 27-29, 133-62; 1999, 57-61). Despois segue habendo bastantes, alternando xa cos escritos en galego: 62 da década dos setenta (Cal Pardo, 1990, 31-32, 162-75; 1999, 65-66), 92 da dos oitenta (Cal Pardo, 1990, pp. 32 a 34, 176 a 197; 1999, 67-70) e aínda 75 da dos noventa (Cal Pardo, 1990, pp. 34, 198 a 217; en 1999, 71-74, reproduce un documento de 1297 que traslada as constituicións da catedral de 1262 e unha providencia de 1290). En galego temos moi poucos neste século, en total 26: de 1270, 1275, 1280, 1282 (2), 1283, 1284 (do meiriño maior de Galicia), 1289 e xa 18 dos anos posteriores (Cal Pardo, 1990, pp. 30 a 38, 178, 180, 196, 198, 202, 205 a 207, 212, 217; 1999, 62, 64, 66, 74-82, 83-84, 86-88). En relación con Viveiro hai a transcripción de documentos latinos de 1258, 1261 (2), 1277 (2), 1286, 1291 e 1295 (2) (Cal Pardo, 1991, 86-87, 88-90, 91-92; 1993, 713, 716-7, 756) e galegos de 1274 e 1293 (Cal Pardo, 1991, 87-88, 94-95); tamén un nos Dominicos de 1285 (*AHN* 1324.22).

6.2.2. En mosteiros da provincia, no de San Salvador de Chantada aparecen en latín de 1258, 1274 e 1279 (2) (*AHN* 1067.9,14-16) e en galego de 1255<sup>17</sup>, 1259, 1285, 1286 (Maia, 1986, 78-79), 1288 e 1290 (*AHN* 1067.8,13,17-20); en Chouzán un de 1284 en galego (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, c. 137.25) e no de Loio un en latín de 1254 do arcebispo de Santiago, feito en Toledo (Novo Cazón, 1984, 37-38). No de Ferreira de Pallares 50 en latín de 1250 a 1259, 34 de 1260 a 1269, 30 de 1270 a 1279, aínda 17 de 1280 a 1289 e despois de 1290, 1291, 1292 e 1295 (Rey Caíña, 1993, núms. 115-20, 124-36, 138-45, 147-54, 156-8, 160, 163, 166-77, 179-87, 189-90, 193-5, 198-200, 205, 207, 209-13, 215, 217-8, 220, 224, 230-3, 240, 243, 247-8, 251, 254, 257, 260, 262-6, 270, 274-6, 279-83, 290-1, 300-4, 307, 310, 312, 314, 316-9, 321-2, 326, 328-9, 331-2, 334, 337, 341, 348, 353, 361); como xa indiquei (§ 5.1) en galego xa temos un de 1247, con algunhas palabras en latín e a grafía *u*, *i* por *o*, *e* (Rey Caíña, 1993, núm. 105), e despois de 1255, 1257, 1258 (4) e 1259 (2) (Rey Caíña, 1993, núms. 137, 146, 155, 159, 161-2, 164-5; Martínez Salazar, 1911, 27; Maia, 1986, 68-73); de 1260 a 1269 aumenta a 21 documentos (Rey Caíña, 1993, núms. 178, 188, 192, 196-7, 201-4, 206, 208, 214, 216, 219, 221-3, 225-8) e a 40 de 1270 a 1279 (Rey Caíña, 1993, núms. 235-9, 241-2, 244-6, 249-50, 252-3, 255-6, 258-9, 261, 267-9, 271-3, 277-8, 284-9, 292-3, 295, 297-9, 305; Martínez Salazar, 1911, 73; Maia, 1986, 73-74); baixa a 12 de 1280 a 1289 (Rey Caíña, 1993, núms. 308-9, 311, 315, 320, 323-5, 327, 333, 335-6) e de 1290 a 1299 hai 23 (*id.*, núms. 339-40, 342, 344-6, 349-52, 354-60, 362-5, 367, 369). No de Ferreira de

<sup>17</sup> Pon *era de 1293*, pero non parece letra do XIII.

Pantón temos documentos en latín de 1250, 1253, 1260 e 1264 (Fernández de Viana, 1994, 31-35) e en galego de 1261, 1274, 1278, 1289, 1290, 1292 e 1299 (2) (*id.*, 33-42). No de Meira podemos ver documentos en latín de 1250, 1251, 1253, 1254, 1255, 1257, 1260, 1262 e 1270 (Sáez Sánchez, 1942-1943, 506-19; Mariño Veiras, 1983, 92, 97, 140, 143, 159, 174, 175, 235, 321, 322, 336, 383, 391, 392, 415; *AHN*, carpetas 1134-1137) e en galego de 1255, 1257, 1260, 1265, 1266, 1268, 1270, 1271, 1272, 1274, 1276, 1277, 1281, 1282, 1283, 1284, 1285, 1286, 1287, 1288, 1289 e 1296 (Sponer, 1934, 119-37; Mariño Veiras, 1983, 53-54, 77, 83, 136, 143, 145, 174, 210, 235-6, 279, 284-5, 365, 378, 391, 415-6; *AHN*, carpetas 1135-1140)<sup>18</sup>. No de Pedroso hainos en latín de 1246, 1250 e 1253 (Cal Pardo, 1984, 243-5) e en galego de 1257, 1284, 1286, 1289, etc. (Cal Pardo, 1984, 246-9; 1990, 114) e no de Pombeiro temos en latín de 1240 e 1244 e xa despois pásase ó galego con documentos de 1262, 1281, 1290, 1293 e 1296 (Lucas/Lucas, 1996a, 73-79). No de Samos aparecen en latín 11 da década dos cincuenta (*AHN* 1242.18-21, 1243.1,3-5,7-9), 14 da dos sesenta, 10 da dos setenta e aínda de 1282 e 1292 (*AHN* 1243.10-13,15-16,18,20-21, 1244.2-5,10,12,15,19, 1245.1,3,5,8,11-12, 1246.1,5, 1248.3; outros do XIII en *AHN* 1250.8,10-11,14-15); en galego temos de 1262, 1265, 1267 (2), 1269, 1271 (5), 1272, 1273, 1274 (3), 1275, 1276 (4), 1277 (2), 1279 e xa bastantes das dúas décadas seguintes (*AHN* 1243.14,19, 1244.6-7,11,13,17-18,20-22, 1245.2,4,6-7, 9-10,13-15,17-19, 1246.2-4,6-20, 1247.1,6-21, 1248.1,2,4-20, 1249.1-20, 1250.1; Sponer, 1934, 146-9, 151-3, 155-8, 188-90; Martínez Salazar, 1911, 91-92). No Tombo de Vilanova de Lourenzá hai un en latín e romance de 1243 (Rodríguez-Rey, 1992, 126-7; cf. § 4.5), en latín de 1252 (2), 1258 (3), 1265, 1266 e anteriores (*id.*, 103-4, 149, 183-6, 189-90, 201-2, 205-8, 210-2) e en galego de 1258, 1259 e 1266 (3) (Rodríguez-Rey, 1992, 148, 170, 171, 173, 203; Mayán, 1973, 156-7); en pergameos do mosteiro conservados no *AHN* aparecen en latín de 1250, 1251, 1252, 1254, 1255, 1257 e 1265 (*AHN* 1107.11-15,17-18) e en galego de 1255, 1267, 1269, 1271, 1281, 1284, 1287, 1288, 1289 (3), etc. (*AHN* 1107.16,19-21, 1108.2,6-11, etc.; Mayán, 1989, 281-3). No mosteiro de Vilar donas hainos en latín de 1240 (2), 1241 (2; cf. § 5.1), 1242, 1243, 1244 (2), 1249 e despois de 1251, 1252, 1253 (2), 1256, 1260, 1262 (2), 1263, 1264, 1268, 1270, 1274, 1275, 1291 e 1296 (Novo Cazón, 1986, núms. 17-36, 39, 44, 49, 52, 60, 65); o primeiro que aparece en galego, con moitos erros de lectura, é o testamento de Vasco López de Ulloa, de 1266 (xa citado en Sobrado), en traslado posterior, e veñen despois de 1268, 1269 (4), 1271, 1272, 1273, 1274 (2), 1275-1280?, 1278, 1280, 1285, 1291 (2), 1292, 1293, 1294 e 1296 (*id.*, núms. 37-38, 40-43, 45, 47-48, 50-51, 53-54, 56, 58-59, 61-64, 66). Como complemento podemos citar outros documentos en galego: no mosteiro de Sarria un de 1251 (López Arias, 1996, 108-9), no de Monforte de 1255 e 1285 (Murguía, 1909, 134; Sponer, 1934, 164-5), no de San Domingos de Viveiro de 1285 (García Oro, 1987, 57) e en 1289 dun notario de Quiroga (Martínez Salazar, 1911, 92-93).

<sup>18</sup> Domínguez Casal, 1952, fala dun “perg. copia en gallego” de 1230 en Meira (núm. 491), pero trátase dunha copia posterior con galego, castelán e algo de latín.

6.3. Pasando a Ourense, Duro Peña publica un total de 502<sup>19</sup> documentos da catedral, algúns sumariados, desde o ano 888 ata 1289, e a maior parte deles están en latín: 100 de 1250 a 1259 (Duro Peña, 1996, núms. 241-334, 336-8, 340-2; cf. *DACO*, 1917, 172-8, 185-6; López, 1936, 52-55, 76), 64 de 1260 a 1269 (Duro Peña, 1996, núms. 343, 345-98, 400, 402-9; cf. *DACO*, 1917, 194-5, 198-201; López, 1936, 77-79), 48 de 1270 a 1279 (Duro Peña, 1996, núms. 410-2, 414-28, 430-9, 442, 444, 447-8, 450-1, 453-65; tamén de 1272 no *AHN* 1507.16; cf. *DACO*, 1917, 201-2, 204; Ramón-Duro Peña, 1967, 550-3; Losada-Soto, 1994, 51) e 33 de 1280 a 1289 (Duro Peña, 1996, núms. 466-8, 470-9, 481-95, 497-500; cf. *DACO*, 1917, 204-6, 208-11; López, 1936, 79-80). En cambio, en galego son pouquísimos os destas décadas, pois só hai 13 en total: de 1259 (2), 1260, 1268, 1273, 1274 (3), 1275 (3), 1276, 1280 e 1288 (Duro Peña, 1996, núms. 335, 339, 344, 399, 429, 440-1, 443, 445-6, 449, 452, 469, 496). A eles hai que engadir outro de 1270 (*Escrituras* XII,13)<sup>20</sup>. Esta información pode completarse co *Catálogo* (Duro Peña, 1973a)<sup>21</sup>, onde cita documentos en latín de 1289 (2) (un en traslado en galego), 1290 (2), 1292, 1293 (2), 1294 (2), 1295 (2), 1296 (2) e 1297 (9) (Duro Peña, 1973a, núms. 501-5, 510-2, 514-6, 520-1, 523-31; cf. *DACO*, 1917, 225-7), así como documentos en galego de 1292 (4: un deles transcrito por Castro-Martínez Sueiro, 1917, 212-6, erroneamente como de 1291), 1294, 1295, [1286-1295], 1296, 1297, 1299, etc. (Duro Peña, 1973a, núms. 506-9, 513, 517-9, 522, 532; o de 1297 en “Documentos San Francisco”, 340-1), ós que debemos engadir un traslado en 1294 de carta latina de 1258 (*Escrituras* XII, 105).

6.3.1. Con referencia ós mosteiros da provincia, no de Santa Clara de Allariz temos en latín de 1282 e tamén de 1290 (2) ou 1293, con bulas papais (Ferro Couselo, 1967, I, 15-16; *AHN* 1429.1-3,7), híbridos latino-romances de 1244, 1251 e 1255 (Ferro Couselo, 1967, I, 13-14, 15-16, 17-18) e en galego de 1259, 1276, 1286 (2), 1292 (2), 1293 (3), 1294, 1295 e 1298 (Rodríguez Núñez, 1993c, 307-10; Ferro Couselo, 1967, I, 19-20, 35-36, 38-40, 50-51; Maia, 1986, 130-1; *AHN* 1429.10-11; *SCA*, 1986, 76-77, 95-97; M. Leirós, 1940, 326-8), e en 1273 unha avinza entre o concello e Tareixa Eanes (Vázquez Núñez, 1906, 79-80); en San Miguel de Bóveda hainos en galego de 1265, 1276 e 1295 (*ACOU* 933, 1244; Duro Peña, 1977b, 155-6). En Celanova en latín de 1258 (2), 1270, 1271 e 1272 (Vaquero Díaz, 2004, núms. 58-59, 63, 65-66; Lorenzo Fernández, 1942, 225, 231) e en galego de 1265, 1270, 1271, 1275, 1276 (3), 1282, 1286, 1287, 1290, 1294, 1295 (2), 1297 e 1298 (Vaquero Díaz, 2004, núms. 60, 62, 64, 68-71, 73, 76-77, 80, 89-93) e en Santa María de Ribeira en galego de 1272, 1275,

<sup>19</sup> Aínda que a numeración dos documentos só chega ata o núm. 500, hai dous números repetidos (419bis e 485bis).

<sup>20</sup> Castro/Martínez Sueiro, 1917, 202-4, transcriben como de 1277? un de 1379? (Duro Peña, 1973a, núm. 901).

<sup>21</sup> Este *Catálogo*, ás veces, indica a lingua dos documentos, pero en moitísimas ocasións non o fai e préstase a equívocos, polo que pode levar ós investigadores a falsas interpretacións. Isto obrigoume a comprobar no *ACOU* toda a documentación para saber en que lingua estaba cada documento.

1283, 1284, 1286 e 1292 (Sáez Sánchez, 1944, 193-200; Vázquez Núñez, 1898, 35-36; *íd.*, 1902, 79-80). No mosteiro de Melón xa indiquei (§ 5) que de 1230 a 1249 hai 193 documentos en latín (Cambón, 1958), lingua que se segue usando maioritariamente de 1250 a 1259 (37 do *ACOu* en Soto Lamas, 1992, núms. 128-44, 149-60, 162-9; 68 no *AHN* 1445.8-19, 1446.1-20, 1447.1-2,15-20, 1448.1,5,7-9,11-12,13-20, 1449.1-3,5-9, 11-15; 101 en Cambón, 1958), que aínda ten bastante uso de 1260 a 1269, con 11 documentos no *ACOu* e 27 no *AHN* (Soto Lamas, 1992, núms. 170-5, 179, 184, 189, 194-5; *AHN* 1449.16,18-20, 1450.1-10,13-14,16-18,20, 1451.1-3,5-6,9,12; en Cambón, 1958, tamén 38 entre os núms. 612 e 690), e que segue aparecendo en 1270 (2), 1272 (2), 1273 (2), 1274 (5), 1275, 1281, 1282, 1283 (do bispo de Tui), 1282-1284, 1288 (apelación do mosteiro ó bispo de Braga), 1289 (2), 1291 (testamento dun cóengo de Tui), 1292 e unha sentenza de 1293 (Soto Lamas, 1992, núms. 200, 209, 264; *AHN* 1452.6-8, 1453.5,12-13, 1454.12,15, 1455.7; Cambón, 1958, núms. 712, 727-8, 734-5, 742-3, 746, 748, 753, 762, 809, 826, 832, 868, 872, 890, 913, 920). En galego, alén dos citados de 1231, 1233 e o de 1252 (§§ 5, 4.5), só aparecen dous documentos de 1255 (Cambón, 1958, núms. 551, 559; o primeiro empeza en latín e despois pasa ó galego) e un de 1258 (*AHN* 1449.10). Despois xa os atopamos de 1260, 1261, 1262 (3), 1263 (2), 1264 (4), 1265 (5, un en Ferro Couselo, 1967, I, 24-25), 1266 (3), 1267 (6), 1268 (3) e 1269 (7) (Soto Lamas, 1992, núms. 176-8, 180, 182-3, 185-8, 190-3, 196-9; *AHN* 1449.17, 1450.11-12,15,19, 1451.4,7-8,11,13-14; Cambón, 1958, 619, 634, 638, 642, 644-6, 649-51, 654, 657, 661, 665-7, 672-4, 681, 684-5, 687-9, 693-4, 698, 700-3, 705-7), 54 de 1270 a 1279 (Soto Lamas, 1992, núms. 201-6, 208, 210-4, 216-21; *AHN* 1451.15-18,20, 1452.1-5,9-18; Ferro Couselo, 1967, I, 29, 35; Cambón, 1958, entre os núms. 713 e 793), entre eles un de 1275 de D<sup>a</sup> María Afonso, filla de Afonso IX (*CDH*, II, 279) e xa moitos máis de 1280 a 1289 e posteriores (Soto Lamas, 1992, núms. 222-6, 228-31, 233-56; *AHN* 1452.19-20, 1453.1-2,4,6-11,14-19, 1454.1-8,10-11,13-14,16-18; un total de 84 en Cambón, 1958, entre os núms. 794 e 897 e ss.). En Santa Comba de Naves hai en latín de 1250 (2), 1253, 1255 (3), 1257 (2), 1258 (2), 1259, 1265 (3), 1266, 1267 (2), 1268, 1269 (3), 1270, 1272 (3), 1276, 1279 (2), 1289 e 1298 (2) (*ACOu* 643, 649, 726, 731, 739, 754, 760, 801-2, 819, 934, 947, 953, 972, 974, 997, 1007-8, 1023, 1040, 1076-7, 1080, 1245, 1296-7, 1506, 1687, 1690; *AHN* 1506.8), un de 1251 en latín con frases e as testemuñas en galego (*ACOu* 666) e en galego de 1255, 1266, 1278, 1279, 1282 (2), 1287 (2), 1289, 1290, 1293 e 1297 (*AHN* 1506.9; *ACOu* 957, 1288, 1309, 1361, 1367, 1455, 1463, 1520, 1541, 1592, 1678). No de Oseira na década dos corenta non aparece ningún documento en galego e nos anos cincuenta segue a domina-lo latín, pois de 1250 a 1259 aparecen nesta lingua 186 documentos (Romaní, 1989, entre as pp. 588 e 814; *AHN* 1524.21, 1525.2,6,16,19, 1526.8,18, 1527.5-6, 1528.17, 1529.7)<sup>22</sup>, xunto a un de 1253 en latín e galego (Romaní, 1989, 662), e en galego só hai

<sup>22</sup> No *Tombo de 1473*, dentro da parte do “Tombo Vello”, hai un documento en latín que Romaní/Rodríguez

seis: de 1256, 1258 (3) e 1259 (Romaní, 1989, 719, 780, 783-4, 785-6, 802-3; Bello, 1997, 516; cf. § 5). De 1260 a 1269 continúa a domina-lo latín, posto que atopamos nesta lingua 93 documentos e en galego só 19: de 1260, 1261 (2), 1262, 1265 (2), 1266 (2), 1267 (4), 1268 (3) e 1269 (4) (Romaní, 1989, 316-7, 843-5, 851-2, 885, 887, 892-3, 895, 898-9, 900-1, 905, 908-9, 915-6, 918-9, 921, 924, 928-9; *AHN* 1531.7,16, 1537.10; Vázquez Núñez, 1901, 327-8; Sponer, 1934, 162-63; Ferro Couselo, 1967, I, 21-24, 25, 28). De 1270 a 1279 é cando comeza a producirse a inversión, se ben aínda atopamos numerosos documentos en latín: 64 en total, fronte ós 82 que hai en galego (Romaní, 1989, entre as pp. 930 e 1087; Ferro Couselo, 1967, I, 29-30; Maia, 1986, 74-75; faltan en Romaní os do *AHN* 1532.11, 1535.10, en latín, e os de 1533.15,17, en galego). Xa de 1280 a 1289 domina o romance, pois hai 53 en galego e só sete en latín, estes de 1280, 1281, 1282, 1284, 1285 (2) e 1289 (Romaní, 1989, 1106, 1109-10, 1117-8, 1119-20, 1149-50; faltan en Romaní os do *AHN* 1536.2,5,7,11,19), xunto a outros tres en latín de 1292, 1293 e 1296 (Romaní, 1989, 1166-7, 1170-2, 1184-5).

6.3.2. No mosteiro de Ramirás ata o ano 1267 están todos en latín (Lucas/Lucas, 1988, 205-356; *AHN* 520.1-20; Duro Peña, 1971, 61-64); métese un en galego polo medio de 1268 (Lucas/Lucas, 1988, 357) e continúan outros 24 en latín de 1268 a 1272 (Lucas/Lucas, 1988, 358-83; Duro Peña, 1971, 64-65); volve a haber en latín tres en 1273 e dous en 1274 (Lucas/Lucas, 1988, 384-5, 387-9, 393-4, 401-2). En galego, despois do de 1268, temos de 1273 (2), 1274 (9), 1275 (5), 1276 (4), 1277 (6), 1278, 1279 (5), 1280 (2), 1281, 1282 (2), 1283, 1284 (2), 1285, 1288, 1289 (2), etc. (Lucas/Lucas, 1988, 383-4, 385-6, 389-93, 394-401, 402-33, 434-7). No de Santa Cristina de Ribas de Sil hai documentos en latín de 1250, 1253, 1260 e 1276 (*ACOU* 164c, 642, 701, 354) e en galego de 1263, 1266, 1269, 1276 (7), 1277 (2), 1286, 1288, 1290, 1293, etc. (*ACOU* 164bde, 905, 932, 1006, 1237, 1242, 1253-5, 1262, 1409, 1467, 1588; Fernández Suárez, 1974, núms. 16, 18, 20-21, 23-26) e no de Santo Estevo de Ribas de Sil temos en latín aínda documentos de 1253, 1257, 1264, 1269, 1279 e 1298 (Duro Peña, 1977a, 285-7, 291, 294-5; *ACOU* 701, 1022), así como traslados de privilexios en 1272 e 1288 (*AHN* 1561.2,10), e en galego de 1265, 1269, 1273, 1276 (2), 1278, 1283, 1285, 1288, 1291, etc. (Duro Peña, 1977a, 287-90, 291-2; *ACOU* 1374; Sponer, 1934, 163-4; *AHN* 1561.10). No de San Clodio do Ribeiro os de 1250 a 1259 están en latín: 1250 (5), 1251 (3), 1253 (4), 1254 (2), 1255 (3), 1256, 1257 (6), 1258 (9) e 1259 (15) (Lucas/Lucas, 1996b, 306-24; *ACOU* 654, 660, 667, 671, 709-711, 714, 734, 736, 748, 753, 755, 769, 772, 805, 813, 817, 827; *ACOU* H.14)<sup>23</sup>; despois continúa habendo bastantes nesta lin-

Suárez, 2003, 50-51, colocan na era de MCCLX (polo tanto, a. 1222), pero ou ben eles ou ben o que escribiu o *Tombo* leron mal a data, pois o documento di que Fernando III era rei de Castela, León e Córdoba. ¿Será era MCCLXL?

<sup>23</sup> Os que cito de *ACOU* non aparecen transcritos en Lucas/Lucas, 1996b, debido a que no deplorable *Catálogo* de Leirós, 1951, aparecen absurdamente como “documentos particulares” e os autores non tiveron en conta as correccións que Duro Peña fixo nun exemplar deste *Catálogo*, reintegrando moitos destes supostos “documentos particulares” ós mosteiros correspondentes.

gua, pois podemos citar de 1260 (7), 1261 (7), 1262, 1263 (4), 1264 (2), 1265 (2), 1266 (2), 1267 (2), 1268 (4), 1270 (2), 1271, 1272, 1273 (5), 1274 (15), 1275 (7), 1276 (3), 1279, 1282 e 1296 (Lucas/Lucas, 1996b, 324-35, 335-7, 339-41, 343-5, 345-60, 364-5, 373, 374, 377, 386, 389-90; *ACOu* 848, 857, 859, 874, 920, 959, 965, 969, 986, 992, 1057, 1102, 1194, 1203, 1228, 1857; Leirós, 1943, 35)<sup>23</sup>. En galego só empezan na década dos sesenta, con documentos de 1264, 1265, 1266 (3), 1267 (2), 1268 e 1269 (4), e despois hai 48 de 1270 a 1279, 62 de 1280 a 1289 e 31 de 1290 a 1299 (Lucas/Lucas, 1996b, 335, 337-9, 341-3, 345, 361-4, 366-73, 373-4, 374-6, 377-85, 386-9, 390-434; *ACOu* 954, 970, 998, 1017, 1054, 1067, 1085, 1119, 1140-2, 1161, 1177, 1225, 1236, 1260, 1287, 1302, 1317, 1322, 1342, 1355, 1377, 1385, 1424, 1428, 1437, 1447, 1454, 1458, 1462, 1465, 1479, 1487, 1489, 1499, 1503, 1556, 1578, 1667)<sup>23</sup>. No de San Pedro de Rochas temos en latín de 1247, 1251, 1256, 1257, 1260, 1263, 1267, 1280, 1282, 1284, 1285 e 1287 (2) (Duro Peña, 1972a, 152-8, 159-61); o primeiro en galego é de 1280 (*ACOu* 1327) e despois hainos de 1283, 1290 (2), 1291, 1292 (3), 1294, 1295, 1296 (3), 1299, etc. (Duro Peña, 1972a, 158, 161-7; *ACOu* 1567, 1570, 1577, 1810). No de San Domingos de Ribadavia hai un en latín de 1271 e en galego de 1287 e 1288 (Enríquez, 1987, 63-65; Maia, 1986, 137-8). No de Sobrado de Trives aparecen en latín en 1230, 1232 (2), 1233, 1234, 1235, 1244 (2), 1246, 1249 (2), 1253 (en latín e romance), 1254, 1256, 1258 (2), 1259, 1260 e 1263 (Martínez Sáez, 1989, núms. 16-21, 23-28, 32, 35-38, 41; Duro Peña, 1967, 61-65) e en galego en 1255 (2), 1256, 1260, 1264 (2), 1266, 1271 (3), 1272 (3) e 1273 (2) (Martínez Sáez, 1989, núms. 29-31, 40, 43-45, 47-54; Duro Peña, 1967, 65-70); despois veñen 20 de 1280 a 1289 (Martínez Sáez, 1989, núms. 55-60, 62-64, 66-67, 70-78; Duro Peña, 1967, 70-75; López, 1929, 439-40; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, c. 137.26) e 19 de 1290 a 1300 (Martínez Sáez, 1989, núms. 80, 82-84, 86-90, 92-93, 95-98; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 170; *id.*, c. 137.27). No de Xunqueira de Ambía hainos en latín en 1252 (2), 1254, 1256 (2) e 1272 (*ACOu*, *X. de A.*, núms. 28-32, 37) e en galego en 1266, 1267 (2), 1270, 1272, 1279, 1285, 1287 (2), 1289 e 1294 (*ACOu*, *X. de A.*, núms. 33-43) e no de Xunqueira de Espadañedo en galego de 1262, 1270 (2), 1292 (2)<sup>24</sup> e 1299 (Pereira Ferreiro, 1979, núms. 5-8; *ACOu* 1574, 1708, este con dúas copias modernas).

6.4. Dentro da provincia de Pontevedra, no mosteiro de Aciveiro hai un galego de 1292 e outro de [1292-1301] (Vaquero Díaz, 1999, núms. 1-2) e no de Armenteira están en latín ata 1249 (*AHN* 1754-7), un total de 61 de 1250 a 1259 (*AHN*, 1758.1-21, 1759.1.21, 1760.1-19), 21 de 1260 a 1269 (*AHN* 1761.1-20, 1762.3), 15 dos anos setenta e oitenta (*AHN* 1762.5-13, 16-20, 1763.8), un de 1296 (*AHN* 1763.15) e algúns dos que non podo le-las datas nas fotocopias (*AHN* 1764.3,5); en galego temos documentos dos anos oitenta e noventa (*AHN*, carpetas 1762 e 1763) e no de Angoares hai un en galego de

<sup>24</sup> Pereira Ferreiro, 1979, núm. 8, pon erroneamente que é de 1290, posto que é da era MCCCXXX. Como esta autora non transcribe tódolos documentos, indico os do *ACOu*, que comprobei para ver como estaban escritos. Dos que cita do *AHN* só poño as indicacións que dá ela.



1290 (Iglesias Almeida, 1992b, 121-2). Para o de Franqueira non dispoño dos documentos máis antigos, pero aínda hai algúns en latín bastante tardíos (*AHN* 1786.19-20,26); dos que teño fotocopias hainos en galego de 1283, 1285, etc. (*AHN* 1786.22,25). No de Camanzo temos en latín de 1254, 1257, 1258 (2), 1266, 1273, 1276, 1282, 1286, 1287 e 1296 (Lucas, 1978, 347-52, 354, 355, 355-7, 359-60) e en galego de 1276, 1281, 1286, 1289, 1293, 1294 e 1295 (Lucas, 1978, pp. 352-3, 354-5, 355, 357-9). No de Carboeiro hainos en latín de 1266, 1267 e outro de 1291, no que un cóengo de Santiago, vigairo e xuíz do arcebispado, actúa nun preito entre o mosteiro e os fillos de Gómez Suárez Galiñato (nel o cóengo reproduce un documento seu en galego e outro dos citados fillos en latín) (Lucas, 1958, 564-5, 567-72; *AHD*, *San Martiño*, c. 55.54), e en galego de 1276, 1281 e 1297 (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.67; c. 55.80; c. 56.53). No de Oia temos documentos en latín de 1250, 1251 (2), 1252 (2), 1254 (2), 1255 (4), 1256 (2), 1257, 1259 e un múltiple con documentos de 1254 (3), 1255, 1256 (4) e 1257 (*AHN* 1801); despois séguese habendo nas décadas seguintes de maneira máis ou menos ocasional: de 1260, 1267, outro que se le mal (de 1269 ou 1270), de 1273 (2), 1284 e do bispo de Tui de 1291 (Fernández de Viana, 1989, 250; *AHN* 1803.1,7, 1804.2,17, 1807.7, 1809.5), etc. En galego temos un de 1253 e despois pasamos a 1262 (2), 1266 (3), 1267, 1269 (3), 1271 (5), 1272 (2) e 1273 (2) (*AHN* 1801.9, 1802.17-18,21,23-24, 1803.2-6, 1803.8-12, 15-16, 19-20); a carpeta 1804 contén de 1273 (4), 1274 (10) e 1275 (3), a 1805 un total de vinte en galego de 1275 e as carpetas seguintes en galego desde 1276<sup>25</sup>. No de Poio aínda aparecen en latín documentos de 1252, 1260, 1262, 1264, 1272, 1273, 1274, 1281, 1285, 1286 e outros dous posteriores (*AHN*, carpeta 1859 e 1860.2,7) e en galego témolos de 1279 (5), 1281, 1285 (2), 1286, 1287 (Maia, 1986, 194-5) e 1288 (2) (*AHN*, carpeta 1859 e 1860.1,3-6), sendo xa normais nesta lingua na década dos noventa (*AHN* 1860.8-20 e carpeta 1861; Maia, 1986, 207-213). No de Tomiño hai en galego dous de 1274 e un de 1275 (Iglesias Almeida, 1992a, 78-79, 97) e no de Vilanova de Dozón hainos en latín de 1244, 1255, 1256, 1272 e 1274 (Duro Peña, 1968b, 50-55) e un de 1249 relacionado con Dozón (Romani/Otero, 2003, 57) e en galego de 1283 e 1297 (Duro Peña, 1968b, 55-57) e relacionados co mosteiro de 1259 e 1295 (Romani/Otero, 2003, 58-59); ademais, o documento latino de 1272 contén unha carta da abadesa de 1262 en galego (Duro Peña, 1968b, 53-54). En Tui, entre outros moitos, hai un en latín de 1274 (Galindo Romeo, 1923, núm. XXIX/1) e un en galego dos Dominicanos de 1290 (Domínguez Fontela, 1939-1940, 260-1). Finalmente, en San Domingos de Pontevedra podemos citar en latín de 1283 e 1285 (Pardo, 1942, 147-8, 149; Armas Castro, 1992, 321) e tamén un en galego de Pontevedra de 1296 (Fernández Villamil, 1943, 119-20)<sup>26</sup>.

<sup>25</sup> Hai transcripción de documentos de 1252 en latín e de 1253, 1266, 1274, 1288, 1290, 1293 e 1297 en galego en Pallares/Portela, 1971, 120-1, 122-9; de 1250, 1251 e 1255 en latín e de 1266, 1273, 1283, 1284 (2), 1287 (2), 1288 (2), 1289, etc. en galego en Portela, 1975, 360-72; de 1283 en galego en Portela, 1981, 192. Ademais, Maia, 1986, 181-7, 188-193, 195-206, 213-7, transcribe documentos en galego de 1267, 1269 (2), 1271 (2), 1278, 1280, 1281, 1282, 1283, 1287, 1288, 1289, 1290, 1295 (2), 1296 (3), 1297 e 1299.

<sup>26</sup> Fernández Villamil, 1943, tamén transcribe un en latín de 1260 (p. 118-9) e outro en galego no que pon “era

6.5. Polo que se desprende das páxinas anteriores, a historia é bastante diferente nas distintas coleccións documentais e a imposición do galego non se deu por un igual en tódolos mosteiros e catedrais, pois hai lugares nos que tardou bastante en consolidarse a nosa lingua na documentación escrita e outros nos que se impuxo máis cedo. Para rematar esta parte referireime ó mosteiro de Montederramo<sup>27</sup>, porque podó falar da documentación con máis fiabilidade. Así, ata 1249 están todos en latín (34 e unha bula papal, núms. 134-167 da nosa edición); de 1250 a 1259, antes de que apareza o primeiro documento en galego en 1255, achamos 19 en latín, dos anos 1250 (5), 1251, 1252 (5), 1253 (4) e 1255 (4) (núms. 169-87), e despois desa data outros 20, de 1256 (4), 1257 (2), 1258 (7) e 1259 (7) (núms. 190-5, 199-203, 205-6, 208, 210-1, 213, 220-2); en galego xa temos 17, cun índice de frecuencia en aumento, de 1255, 1257 (3), 1258 (2) e 1259 (11) (núms. 189, 196-8, 204, 207, 209, 212, 214-9, 225-7), se ben debemos lembrar que o primeiro documento romance que aparece no mosteiro está en castelán e vén de Castela (cf. § 15). A inversión dunha lingua pola outra prodúcese nos anos sesenta, en que temos 42 documentos en galego de 1260 a 1269 (núms. 228-9, 232-3, 235, 238-50, 252, 254-70, 272-7) e só 8 en latín: de 1260 (2), 1261 (3), 1264, 1265 e 1268 (núms. 230-1, 234, 236-7, 251, 253 e 271). Despois xa é amplamente maioritario o uso do galego nos anos seguintes: de 1270 a 1279 son 105 en galego e só 6 en latín, de 1270, 1273 (2), 1274 e 1275 (2) (núms. 282, 304, 306, 317, 342 e 370); de 1280 a 1289 baixa o número a 96 en romance e a 5 en latín, de 1284, 1285, 1286 e 1289? (2) (núms. 436, 451, 463 e 480-1); de 1290 a 1299 aumenta a 106 en galego e a 7 en latín, contando 2 bulas papais, de c. 1290, 1291, 1292?, 1293 e 1298 (3) (núms. 498, 508, 527, 540 e 608-10)<sup>28</sup>.

7. Despois de indicar como se foi abrindo paso o galego como lingua escrita, paréceme interesante referirme a algúns problemas con que se enfrontaron os escribas e notarios que comezaron a escribir en galego. Pola mesma razón que os escribas e notarios pouco instruídos no latín tiñan dificultades para escribir esta lingua correctamente, de igual maneira a aprendizaxe da escrita en galego non está exenta de pexas, debido a que a lingua vulgar na súa evolución chegara a unha serie de sons inexistentes en latín para os que había que busca-la grafía adecuada. Moitas veces nos primeiros documentos en romance aparecen palabras aínda coa forma latina ou formas con grafías estrañas (*pecte en copto e facta a carta* en 1257, núm. 198 de Montederramo), conservación do -n- in-

1268” e “año 1250” (116-7). Os dous números están errados, pois no documento le “era m<sup>a</sup> c<sup>a</sup> lxl<sup>a</sup>viiij”, que tamén está errada. Probablemente é de 1260.

<sup>27</sup> Transcribíense documentos en galego de 1255, 1257, 1258, 1261, 1266, 1267 (2), 1273, 1274, 1278, 1291 e 1294 en Ferro Couselo, 1967, I, 16-17, 18-19, 20-21, 26-28, 30-34, 36-37, 46-47, 50; de 1272 en Sponer, 1934, 190-1; de 1274, 1281, 1290 e 1292 en Maia, 1986, 129-30, 131-5, 138-42; de 1255 na CDH, I, 214-5.

<sup>28</sup> Publicáronse documentos de Asadur en latín de 1240, 1251, 1252, 1257, 1260, 1265 e 1271 (Duro Peña, 1973b, 331-6, 337-8) e en galego de 1265, 1286, 1288 e 1292 (*id.*, 336-7, 338-40).

tervocálico (*uener e tenendo* nos núms. 198 e 212 de Montederramo, de 1257 e 1259; *donazũ, irmanus* no de Oseira de 1260), etc. O máis chamativo é a representación das vocais *o, e* e dos ditongos *ei, ou*. No caso do ditongo *ei*, ás veces aparece grafado *e* (*pi-litero* no núm. 247 de Montederramo, de 1263) ou *ec* (*Uimiecrus e hec* no de Oseira de 1260, *derecto e ffecta* no núm. 212 de Montederramo, de 1259). Para *ou* son correntes *oc* ou *op* (*hoctorgamentu, hoctras e Hocrensy* no núm. 266 de Montederramo, de 1267; *hoc e Hocrensi* no núm. 267, do mesmo ano; *copto* no núm. 198, de 1257; *quocsa, Oc-femea* no de Oseira de 1260), etc. Para as vocais *o, e* tamén son moi usuais nos primeiros textos as grafías *u, i* respectivamente, como ocorre no texto de 1260 de Oseira (cf. tamén Mariño Paz, 1998, 99-101):

fazu ista manda ... mandu a alma e o corpu ... do Burgu, e mandu ós cléricos ... mandu a mina uina de Reuordauns *in donazun*; e mandu a mina casa do Campu ... e mandu a mina uina ... e a seus irmanus; e mandu a Guncaluu *Iohanis* e a filus de dona Scizilia a ma casa do Campu de Fundu; e mandu a Martjn Petri ... e mandu a Guncaluu *Iohanis* hu meu quinun da cortina de trala porta; e mandu a mia uina ... e mandu a mia uina ...de Francelu e a do Rigeiru a meu tiu Martjn Petri ... unde me fat foro; e mando a *Goncaluu Iohanis* e a seus quirmauuns hu foru que hec *cun* ilis e o qui me fat *Johan* Arias, zapateiru; e mandu a meu tiu Stefano Petri quantu ayu *in* Uimiecrus e mándule mia uot daquela erdade que me *tein* os frades de Melón forzada; e mando a mia erdade ...; e mandu a mina uina ... e mandu a Fernán Roderiquit quantu hei *in* Noalu (a lectura é miña).

7.1. Tamén en Montederramo, igual que noutros moitos lugares, hai algúns documentos nos que se abusa da grafía *i* e *u*, como en dous de 1267 do “notaru” *Domingu Ihoanis*:

Conoszuda cousa syga qui eu, Pedru Páez d’Esquadru, per hoctorgamentu ... presenty et confirmanty, et de meus filus ... abbady de Monty de Ramo et aao conuentu disy meesmu lugar ... ino monty d’Esquadru, qui ey di meu patrimonio et di mya conpra, delo portu ... party per Portozelus et cun ... como parti hoc término d’Esquadru de Santisu. E estas son as prisas qui les uendu, etc. (núm. 266).

Conoszuda cousa syga qui eu ... Lopo Uaásquiz ... María Uaásquiz, ujnndo a mea da erdadi qui ey in Castru, qui foi di meu padri don Tomé et di mía madri María Fernándiz. Uíndouola a montis e a fontis ... soldus, undy suu ben pagada ... da mia parti hoc d’istraya qui ... di Deus et peiti aa uoz dil rei ... ista carta ino mes di sitenbru, in era di mil et trizentus et v anus. Regna in Lión ... don Afonsu ... Martino Alfonsu et don Ihoani Fernándiz, bipo in Hocrensi ... Istiuao Firnándiz. Qui presentis forum: Pidru Piriz, priladu di Mazaida, et Pidru Eianis, capilán disi lugar, etc. (núm. 267).

Con todo, hai que advertir que nalgúns notarios podemos ver unha progresión no uso correcto do galego, posto que comezan con vacilacións nos primeiros documentos que escriben e rematan por utiliza-la grafía adecuada.

8. Estas grafías son comúns a outros moitos textos dos primeiros escritos en romance e non debemos tirar delas argumentos de carácter fonético erróneos. Trátase sen máis das

primeiras tentativas de escribir en romance e os escribas teñen dificultades para atopar a grafía máis apropiada. Por exemplo, en moitísimos casos as vocais *e*, *o* romances, tanto as tónicas pechadas coma as átonas, proveñen das vocais latinas *Ī*, *Ū*. Por iso nos primeiros documentos os escribas poden representar por *i* ou por *u* á latina o que xa en romance son as vocais *e*, *o*, levando esta práctica a casos en que mesmo en latín había as vocais *e*, *o*<sup>29</sup>. Repito que non se trata de ningunha característica fonética primitiva e debemos rexeitar con firmeza algunhas interpretacións que teñen dado certos lingüistas. Tanto en Galicia coma en Portugal no século XIII témo-las vocais *e*, *o* en posición final e non se pode admitir que se pronunciaban daquela [i], [u] e que o portugués actual continúa con esta característica, mentres que o galego pasou á pronuncia [e], [o] por influencia do castelán, porque isto non é certo. As grafías con *i*, *u* só se dan nos primeiros documentos por dificultades na aprendizaxe da escrita e por reminiscencia do latín, xa que, unha vez que se domina a grafía correspondente ó romance, desaparecen en beneficio de *e*, *o*. O feito de ver nesas grafías unha realidade fonética levou mesmo a pensar que esa suposta pronuncia *u* do século XIII foi a que deu lugar á aparición da metafonía en galego e en portugués neste século (cf. Lorenzo, 1987, 450-4; 1995a, 652).

9. Outra cousa que pode ocorrer nos documentos escritos en galego é que o notario deixe algunha frase en latín ou que se practique o bilingüismo. A presenza de palabras ou frases latinas é frecuente nos primeiros documentos escritos en galego, pero non se limita a eles, pois o coñecemento do latín, especialmente polos eclesiásticos, fai que esta lingua apareza de maneira máis ou menos ocasional e, ás veces, intencionadamente. No século XIII hai casos coma en

1274: In Dei nomine amen ... Facta carta in era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XII<sup>a</sup>, mense aprili. Regnante rege ... Petrus Iohannis, prelatu Sancti Martinj, et Martinus Iohannis, Dominicus Paiz, Petrus Cabritu et alij multi qui uiderunt et audierunt. Et eu, Iohanes Iohannis, notarj us de Mazaneda, scriuý esta carta (Montederramo, núm. 324).

1275: facta carta VIII<sup>m</sup> dias andados de ianeyro, jn era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XIII<sup>a</sup>. Regnante rege domno Alfonso in totis suis regnis ... Quj presentes fuerunt ... et alij multi qui uiderunt et audierunt. Iohanes Iohannis scripsit dum esset notarj us et suum signum ibi posujt (Montederramo, núm. 343).

O mesmo notario fai algo parecido nun de 1278 (núm. 383). O máis frecuente destes documentos en galego, especialmente do XIII, é que se utilice o latín ó principio para po-

<sup>29</sup> Souto, 1996, 131 e n. 30, di que no suposto documento de 1230 hai “casos de elevación atribuíveis à assimilação da pretónica por parte de uma sílaba tónica contendo /i/”, como é o caso de *Scizilia, rigeiru* (el escribe *rigeiro*) e o de *diuidas*, que tiña orixinalmente *e* na sílaba tónica e sufriu a influencia do /i/ da postónica. Para el *dívidas* é unha forma plenamente galega, en contra da opinión que eu daba en Lorenzo, 1977, 477, e, como di que o texto é de 1230, indica que debemos recuar para esta data a abonación que Machado fai de *dívida* en 1293. Un pouco máis de perspicacia poñeríao en garda, pois un texto que escribe *ista, in donazun, quir-maa, fundu, quinun, unde, quirmauuns, cun ilis, qui, tein, in Noalu*, alén doutros casos de *u* por *o* en posición átona, pola mesma razón escribe *rigeiru* e *diuidas* en lugar das formas propias *regeiro* e *dévedas* (ou *dévidas*).

ñe-la data e o inicio do texto e ó final para poñe-las testemuñas ou para indicar quen foi o que escribiu o documento. Podiamos citar moitos casos en tódolos lugares, pero abonda cuns poucos, como un de San Clodio do Ribeiro de 1278, que contén bastantes frases en latín na parte final (Lucas/Lucas, 1996b, 384-5), ou en Ferreira de Pallares (cf. § 5.1) un de 1261 (Rey Caíña, 1993, núm. 188, di erroneamente 1260), outro de 1263, que empeza “In Dei nomine. Notum sit omnibus ominibus tam presentibus quam futuris quod ego, María Pérez...” e remata coa data en latín; outro de 1265, que empeza en latín e ten palabras nesta lingua, ou outro de 1274, que empeza “In Dei nomine amen. Notum sit omnibus presentibus et futuris como eu...” (Rey Caíña, 1993, núms. 188, 202, 216, 271). Un de Samos de 1263 empeza “In Domini nomine, amem. Notum sit omnibus ominibus tam presentibus quam futuris quod ego...” e despois continúa en romance (*AHN* 1243.17) e un de Melón de 1277 remata “Johannes abbas vidit” (Cambón, 1958, núm. 773). Ademais, no XIII hai casos de documentos en galego nos que o notario dá fe en latín, como nun de San Clodio do Ribeiro de 1275 (Lucas/Lucas, 1996b, 372-3), en tres de Santiago de 1253, 1265 e 1293 (*CDGH*, 17-18, 182-4; *AHD*, *San Martiño*, c. 46.97) e en dous de Melón de 1266 e 1275 (Cambón, 1958, núms. 672, 757), mosteiro no que hai un documento latino de 1222 trasladado nun documento en galego sen ano no que ó final o notario que o trasladou en galego escribe “Hoc est traslatum de verbo ad verbum per manum mei Petri publici notarii supradicti in quo hoc signum meum in testimonio oppono quo est tale” (Cambón, 1958, núm. 158)<sup>30</sup>. Noutros documentos o notario e o escriba dan fe en latín, como nun de Melón de 1280 (Cambón, 1258, núm. 795), e noutros o notario dá fe en latín e o escriba ou tabelián en galego, como en Melón en 1261, 1263, 1264 (2), 1265 (2), 1266, 1267 (2), 1269 (5), 1271 (3), 1272, 1273 (2), 1274 (2), 1275 (2), 1276, 1281 e 1282 (2) (Cambón 1958, núms. 634, 646, 651, 654, 665, 667, 673, 688-9, 701-2, 705-7, 716-8, 723, 732-3, 741, 751, 759-60, 766, 800, 812, 815). Tamén pode ocorre-lo contrario, é dicir, que o documento estea escrito en latín e a referencia ás testemuñas e a fe do notario aparezan en galego, como, por exemplo, nun de Oseira de 1272 (Romaní, 1989, 954-9), ou que o notario dea fe en galego, como nun de Melón de 1260 (Cambón, 1958, núm. 620), etc.

10. O bilingüismo é significativo noutros casos. Así, un documento de Melón de 1265, que está en galego, desde “Et si aliquis ex parte nostra...” ata a fe do notario aparece en latín (Cambón, 1258, núm. 659); outro de 1255 ten as sete primeiras liñas en latín e despois 19 en galego (*AHN* 1448.2; Cambón, 1958, núm. 551) e outros de 1252 e 1257 en latín conteñen unha frase en galego (*AHN* 1446.12, 1448.17; Cambón, 1958, núm. 490); un de Sobrado de Trives de 1260 empeza en latín, despois pasa ó galego (na parte dispositiva) e remata en latín con galeguismos (Martínez Sáez, 1989, núm. 38); nun

<sup>30</sup> Esta tendencia continuou nos séculos seguintes, como en documentos en galego de Lugo de 1344, 1345 (2) e 1390 nos que o notario apostólico utiliza o latín (Portela/García Oro, 1997, núms. 457, 467, 474, 885).

documento de 1277 do Tombo de Toxos Outos o arcediago de Trastámara escribe en latín para mandar facer unha enquisa, pero esta enquisa está escrita en galego (Pérez Rodríguez, 2004, núm. 62; Salvado, 1991, 225; Bello, 1997, 514, 518); un de 1297 da catedral de Santiago, cunha doazón do cóengo Domingo Pérez de diversas herdades ó deán e ó cabido, empeza en latín (25 liñas e media) ata a frase “hereditates et domus predic-tam sunt iste”, pasa despois ó galego (20 liñas e media) e volve ó final ó latín para indi-ca-la data, as testemuñas e a fe do notario (9 liñas) (Sánchez Sánchez, 2000, núm. 4); o Concilio XXVII de 1322, que contén en latín tódalas constituicións (*HIS*, VI, 28-35), remata cunha “Constitución dos padroes religiosos” en galego (*HIS*, VI, 35-36); no *Libro das tenzas* da catedral, que está en galego, podemos atopar de vez en cando algún anaco en latín, como o folio 1r ou parte de 7v-8r e 9r (Méndez Fernández, 1991<sup>31</sup>), e no *Liber tenencie de Horro* de 1438 témo-lo comezo en galego (López Ferreiro, 1888-1889, 136-9) e varias liñas nesta lingua na p. 212; o testamento do arcebispo Álvaro de Isorna, de 1448, empeza en latín (algo máis de dúas páxinas) e despois continúa en galego (*HIS*, VII, 88-106); outro documento da catedral de 1467 en galego con castelanismos remata “carta de recudimento que sobre elo fezo el nunçio Fernán Basanta e iam rescrito in alio folio esta dada potestas e facultas diis procuratoribus e per me e eos hic domini predicta non revocatum. Ts. ut supra e Juan Paris e Sancho de Cardama e outros. Ferdinandus Suares, canonicus e notarius apostolicus” (Vázquez Bertomeu, 1996, fol. 27v); un de Lugo de 1313 ten varias liñas en latín e despois outras en galego (Portela/García Oro, 1997, núm. 130); un longo de Ourense de 1342, co testamento do bispo Vasco Pérez Mariño, está en latín, pero contén varias liñas en galego (13 no impreso, p. 294) (*DACO*, 1917, 288-95, erroneamente din que é de 1341); un de Mondoñedo de 1373, co testa-mento do arcediago de Trasancos, comeza en latín, despois pasa ó galego, máis tarde volve ó latín e remata en galego, lingua na que tamén dá fe o notario (Cal Pardo, 1999, 188-92). Moi interesante é o caso do *Tombo do hospital dos pobres de Tui*, pois nel hai unha pequena introducción de 1553 que está escrita primeiramente en latín (8 liñas) e despois en galego (11 liñas), seguida doutra de 1453 en galego (Maure Rivas, 2005, 0-A, 0-B), e de maneira destacada debemos citar en 1400 o testamento de Rui Sánchez de Moscoso (contido nun documento de 1509 en castelán, que o castelaniza), que em-peza con longo exordio en latín e logo xa escribe en galego coas seguintes palabras para xustifica-lo uso do latín: “Esto abasta sobrescripto en latín por exordio y fundamento de meu testamento en memoria da escola en que foý criado y ensenado todo o sobredito e o infrascripto seia que será en romance” (García Oro/Portela, 2000b, 459-66, p. 461; Rodríguez González, 1967a, 225-32).

<sup>31</sup> Luz Méndez, despois de face-la memoria de licenciatura, continuou traballando nos dous libros de tenzas que se conservan no Arquivo da catedral para realiza-la tese de doutoramento, pero ó final, cando xa tiña transcrita unha boa parte dos textos, tivo que deixar este traballo e comezar outro novo ante a intransixencia, mala vontade e arbitrariedade do arquivista Xosé María Díaz, que lle puxo toda clase de pexas para que non puidese levar a cabo a súa edición. Resulta inconcibible que persoas deste talante e condición estean á fronte dun Arquivo tan importante, que ten que estar ó servizo dos investigadores e non suxeito ás veleidades dunha persoa tan voluble e susceptible, que deixa quedar en moi mal lugar á institución eclesíastica á que pertence.

10.1. O coñecemento que os eclesiásticos tiñan do latín fai que en ocasións boten man desta lingua cando copian documentos en galego. Como mostra referireime ó Tombo H da catedral de Santiago, que contén numerosísimos documentos e notas en galego de 1391 a 1409 (Cabana Outeiro, 2003a, núms. 3-436, 1-2inv, 4-5inv, 8-9inv, 11-85inv; 2003b, núms. 3-173, 1-2inv, 4-5inv, 8-9inv, 11-85inv), pois nel atópanse con relativa frecuencia frases ou palabras en latín. Así, en dous de 1395 aparecen ó final do documento nun dúas liñas e no outro unha frase en latín (*id.*, 2003ab, núms. 101-2); moitos rematan coa expresión “Fiat melius” (*id.*, 2003a, núms. 109, 142, 179, 277, etc.; 2003b, núms. 109, 142), outros coa expresión “testemoyas supra” (*id.*, 2003a, núm. 158; 2003b, núm. 157, etc.) ou “loco et testemoyas ut supra” (*id.*, 2003a, núm. 156; 2003b, núm. 155) e a variante “testemoias et loco supra” (*id.*, 2003a, núm. 162; 2003b, núm. 161). Nun de 1396 aparece “Fiat melius non mutando substantia” (*id.*, 2003ab, núm. 143) e, como é usual, outros empezan coa data en latín: “Anno Dominj Mº CCCº nonagesimo septimo” (*id.*, 2003ab, núms. 190-1, etc.). Finalmente, nun de [1391] o notario da fe en latín e nunha nota de 1398, alén da data en latín, tamén se escribe “ad vitum e vistitum” (*id.*, 2003ab, núms. 3, 20inv). O mesmo ocorre en *Actas Capitulares* contidas nun libro con numerosos documentos conservado na catedral. Así, podemos atopar en 1467 (3), 1476 (5), etc. documentos que rematan coa indicación “Ts. ut supra” (Vázquez Bertomeu, 1996, fols. 29r, 31v, 32r, 196r, 199v, 200v-1r) ou en 1467 (2), etc. a variante “ut supra” (*id.*, fols. 30r, 30v). Outros teñen a expresión “Fiat in forma”, como en 1476, etc. (*id.*, fol. 201rv) e mesmo os hai que teñen as dúas xuntas, como en 1476, 1478, 1479 (3), etc. “Ts. ut supra. Fiat yn forma” ou “...supra & fiat...” (*id.*, fols. 205v, 244v, 247v-8r, 256v), ou en 1480 “e poder in forma. Ts. ut supra” (*id.*, 274r). Outros engaden novas referencias, como en 1481 “Ts. ut supra. Petrus Fernandi, cardinalis comppostellanus”, “Ts. ut supra. Petrus de Muros, notarius appostolicus” (*id.*, fol. 281v, 285r), ou só a referencia ó notario, como no mesmo ano “Petrus de Muros, notarius appostolicus, excusator” e “Petrus Fernandi, notarius appostolicus” (*id.*, fols. 285v, 286r). Tamén os hai que empezan coa data en latín, como en 1475 “Anno Domini Mº CCCC<sup>mo</sup> e setuagesimo quinto” ou Anno Domini milesimo CCCC<sup>mo</sup> setuagesimo quinto” (*id.*, fols. 184v, 185v). Hai un moi breve coa data en latín e unha frase en castelán de 1475: “Anno Domini Mº CCCCLXXV, viernes, XXII días del mes de setiembre, fue reçevido Martín de Segura, organista” (*id.*, fol. 186v). Outra expresión aparece en 1477: “so pena de excomuniõn, a qual puna ex tunc pro ex nunq en estes escriptos” (*id.*, fol. 213r). Finalmente, outro de 1481 en galego remata con “faser tres festas mitradas, conuén a saber: Tranfiguraçio Domini, Conuersio Sancti Pauli et Santa Maria Madalena” (*id.*, fol. 289r).

10.2. Nesta mestura de latín e galego pode habe-la combinación contraria; é dicir, que o documento estea en latín e remate en galego, como nun de Oseira de 1272, escrito en latín con galeguismos, e noutro de 1273, do mesmo notario que teñen en galego parte da data, a indicación das testemuñas e a fe do notario (Romaní, 1989, 954-5, 985-6;

Bello, 1997, 514, 517). Tamén como caso digno de mención temos en 1376 un traslado dun privilexio en galego do arcebispo D. Pedro (de 1346), no que ordena que se conserven os privilexios dados por Bonifacio VIII en 1297 ás Ordes, pois nel reproducése a carta papal traducida para o galego (Rodríguez Núñez, 1990, 157-8).

11. O galego impúxose ó latín nas últimas décadas do XIII e, unha vez imposto, foi o idioma que dominou nos documentos medievais escritos en Galicia por galegos, cun uso practicamente xeral no XIV e con moita vixencia no XV, pero non quere dicir isto que se eliminase totalmente o latín da documentación medieval, pois unha e outra vez aparecen documentos escritos nesta lingua. Así, deixando de lado as bulas papais e outros documentos, porei unha serie de exemplos, sen querer ser exhaustivo. Na provincia da Coruña, en Bergondo hai documentos en latín de 1419, 1487, 1517 (que traslada unha bula papal do mesmo ano) e 1530 (*AHN* 489.11,15,17; Lucas, 1999, 886-7); en Cambre un de 1520 con traslado de bula de 1519 (*AHN* 494.5); no mosteiro de Caaveiro de 1302 e 1405 (*AHN* 491.17, 492.13; Fernández de Viana/González Balasch, 2002, 383); en Cis un de 1393 (*AHN* 495.2); en Dorneda de 1406 (3), un deles do arcebispo Lope de Mendoza, que decreta a anexión do mosteiro a San Martiño de Santiago (Lucas, 2002, 878-80; *AHN* 495.14-16); no mosteiro de Monfero<sup>32</sup> de 1381 (2), 1384, 1423 e un do XV en traslado de 1456 (*AHN* 507.12-13, 509.19, 510.9); no de Sobrado de 1301 (3), 1302, 1305, 1310, 1313 (*RAG*), 1321, 1327, 1329, 1331, 1332, 1333, 1344, 1349 (2), 1386, 1396, 1404 (2), 1415, 1423, 1424, 1440, 1442, 1458, 1459, 1462, 1472, 1476, 1494, outros dous dos que non se ve a data, 1505 e outro do XVI (*AHN* 545.15-18; 546.1,7,18; 547.3,5,7-8,10,19; 548.2-3; 549.1,8,13-14,16,22; 550.1-2,5,7bis,9,20; 551.3; 552.6-7,12; 553.4,6; 554.3,18,20; 555.4,21), así como en 1492 a visitación do abade de Claraval (*CDGH*, 418-31); no de Toxos Outos de 1387, un sen data do xuíz de Villestro e outro de 1485 (*AHN* 557.2-3,7); en Xuvia un de 1353 (Pena Graña, 1992, 512); en 1467 do arceidiago de Nendos (Barral/Velo, 1994, núm. 3) e en 1456 o concello da Coruña escribe en latín unha carta que contén outra carta en latín de seguro e concesión para que poidan ir e traficar no porto da cidade dúas naves inglesas (González Garcés, 1987, 643-6).

11.1. Tamén en Santiago eran moi dados ó uso do latín. Así, no *AHUS* temos documentos do XIV de 1302, 1303, 1306, 1310, 1311, 1313 (2), 1315, 1316 (5), 1318, 1321, 1322 (2), 1324 (2), 1325 (4) e 1328 (Justo/Lucas, 1991, 20-21, 25, 27-32, 35-40, 41-43, 44-45, 46-47, 53-55, 57, 58-59, 61-62, 85-86) e do XV documentos de 1425, [1441] (do arcebispo Lope de Mendoza), 1441, 1464 (do arcebispo Afonso de Fonseca), 1466, 1470, 1484 (2), 1485 (2), 1486 (4), 1487 (5), xunto a outros do arcebispo de 1489, 1492 (3) e 1495 (Justo/Lucas, 1991, 303, 407-8, 412-5, 439-41, 443-8, 450-2, 461-76, 478-86,

<sup>32</sup> López Sangil, 2002, núms. 598, 617, 690 e 746, di que están en latín documentos de 1300, 1303, 1346 e 1384, pero non os podemos fiar destas indicacións, pois, por exemplo, o suposto latino de 1303 está en galego. Cf. notas 14, 59 e 62.



488-9, 496-7, 501-4, 505-7). A eles pódense engadir outros moitos documentos procedentes doutras fontes: no Fondo López Ferreiro temos un testamento posterior a 1384 e unha confirmación dun xuíz apostólico de 1411 (*Catalogación*, 2001, 329, 351); no Tombo H da catedral de 1391 (2), 1395 (traslada carta latina de 1254 do Mestre da Orde de Santiago) e 1395 (traslada bula papal de 1394) (Cabana Outeiro, 2003ab, núms. 1-2, 3inv, 10inv); no mosteiro de Belvís documentos de 1306 (é do arcebispo e confirma outra confirmación do mesmo arcebispo en castelán de 1292), 1308, 1322, 1329, 1330 e 1479 (Rodríguez Núñez, 1989, 394-5, 396-7, 401; 1990, 68-69, 70-71, 73-75; mazo 1.12, 47.1-2); no de Bonaval de 1308, 1309, 1312 e 1313 (2) (Fernández de Viana, 1989, 251-3; 1997, 376-7); en San Martiño de 1300, 1301, 1302 (3), 1311, 1312, 1313, 1337, 1399 e 1446 (Lucas, 2003, 310-3, 325; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 79; *AHD*, *San Martiño*, c. 12, fols. 475r-6r; c. 46.60,71; c. 55.65; c. 56.26,15,28); en San Pedro de Fóra de [1300], 1433 (de Lope de Mendoza) e 1488 (*AHN* 516.14; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, *Papeis varios*, 23; *íd.*, *Documentos en papel*, 21; *AHD*, *San Martiño*, c. 55.75); en Santa Clara de 1309, 1313 e 1321 (*AHD*, *San Martiño*, c. 48.83; *CDH*, I, 283-4; Castro, 1983, 54-55); ademais, de 1300, 1306, 1314 (fundación na catedral de misas pola alma do rei), 1316 (3: do cabido e do arcebispo Rodrigo de Padrón), 1321 (2: un contrato do arcebispo D. Berenguel co cabido e unha doazón do mesmo arcebispo ó cabido), 1325 (do mesmo arcebispo), 1326 (do cabido), 1327 (do bispo de Lugo), 1326 e 1328 (os Proemios dos tomos B e C), 1328 (do libro 2º das Constitucións), 1356 (2, en trasladados, tamén en latín, de 1439, coa proposta e a designación para o beneficio do Araño), 1361 (2 do arcebispo Gómez Manrique), 1382 (testamento do arcebispo Rodrigo de Moscoso, que normalmente usa o galego), [1384] (do arcediago de Carrión), 1386, 1396 e [1399] (do deán), 1409 (do provisor de Ourense como xuíz executor), 1410, 1420, 1421 (nota sobre unha curación do apóstolo), 1464 (de Afonso de Fonseca, arcebispo de Sevilla), 1501, 1511 (*HIS*, v, 156-9, 167-74; vi, 17-23, 60-61, 73-76, 154-7; *CDH*, III, 116; González Balasch, 1987a, núms. 273, 280, 312, 336, 344-5, 362, 370-1; Barral/Velo, 1994, núm. 39; Sánchez Sánchez, 2000, núms. 5, 16-17, 19-20, 29, 32, 46, 50, 67; *AHN* 524.7,12-13) e os tres libros de aniversarios do xv (Leirós, 1970, 201-54).

11.2. Se nos fixamos na catedral de Lugo o citado “Memorial de Aniversarios” (cf. § 6.2) ten mencións en latín de 1303, 1305, 1306, 1307 e 1318 (Jiménez, 1987, 182, 189-90, 199, 217 e 220); ademais, hai numerosos documentos do xiv, pois podemos citar 41 de 1300 a 1309, 27 de 1310 a 1319, 12 de 1320 a 1328, 7 de 1330 a 1339, 10 de 1340 a 1347, un de 1354 e outro de 1434 (Portela/García Oro, 1997, núms. 5, 8-9, 11-14, 17-21, 23, 25, 29, 33, 35-36, 38-41, 49-50, 55, 57, 60, 63-64, 66-67, 71-72, 78-82, 85-87, 94, 99-101, 104, 114, 117, 124-5, 129, 133, 136, 139, 141, 143-4, 146-7, 151, 154, 158, 162-3, 165, 172-3, 184, 186, 190-3, 195-6, 203, 218, 221, 229, 250, 261, 271, 299, 307, 323, 329, 372, 405-6, 424, 431-2, 459, 466, 468, 483, 494 e 601; Portela, 1998, 179-80). Na catedral de Mondoñedo tamén vemos abundancia deles, pois temos un total de 96 de 1300 a 1309, 67 de 1310 a 1319, 53 de 1320 a 1329, 50 de 1330 a

1339, 13 de 1341 a 1348, así como de 1350, 1353, 1356, 1362, 1367 (2), 1369 (2), 1374, 1388 e 1397 (Cal Pardo, 1990, entre as pp. 41 e 445; 1999, 71-74, 98-99, 112-3, 115-7, 119-20, 134-9, 163-8); xa no xv cartas do bispo Álvaro de Isorna de 1409, 1410 e 1411 e do bispo Fadrique de Guzmán de 1462 (Cal Pardo, 1990, 494, 500-1, 503, 591), pergameos de 1422, 1453, 1465 e 1467 (*AHN* 1194.5; Cal Pardo, 1990, 72, 109; 1999, 301-2, 362-3, 497-9), traslados de bulas en 1346, 1425, 1427 (2), 1443, 1453 e 1463 e un traslado dunha carta de 1472 do bispo desde Sevilla (Cal Pardo, 1990, 104, 106, 107, 108, 639; 1999, 450-5, 460-1, 465-70, 474-6, 488-91, 492-7) e en relación con Viveiro de 1302 (2), 1304, 1305, 1317 (do bispo) e 1334 (Cal Pardo, 1991, 95, 96-98, 110-1, 124-31; 1993, 756, 795). Noutros lugares da provincia, no mosteiro de San Salvador de Chantada temos documentos de 1303, 1337, 1343, 1350 (do bispo de Lugo), 1354, 1404 e 1427 (*AHN* 1068.2, 1069.18,21, 1070.15, 1072.5,20; González Balasch, 1989, 110-2); no da Colleira un do bispo de Mondoñedo de 1489 (Cal Pardo, 1983, 102-9); no de Ferreira de Pallares de 1301, 1306 (3), 1322, 1328, 1337 (2), 1339, 1341, 1347 (2), 1357, 1416, 1438 (do arcebispo Lope de Mendoza), 1492 e posteriores (Rey Caña, 1993, núms. 389, 396-8, 459, 498, 507, 514, 530, 532, 597, 627, 655; *AHN* 1099.23, 1101.4<sup>33</sup>); no de Pombeiro un do arcediogo de “Deçom” de 1413 e outro do deán de Lugo de 1416 (Lucas/Lucas, 1996a, 138-40, 144); no de Samos de 1306 (2), 1362, 1418 (do abade), 1449, 1451, 1453, 1459, 1489, 1505, 1531 e 1538 (*AHN* 1251.10-11, 1260.2, 1267.22, 1282.20, 1284.1,11, 1287.19, 1301.4, 1304.6, 1317.16, 1319.3); no Vilanova de Lourenzá de 1464, 1467 e 1490 (*AHN* 1119.1,8, 1120.3); no de Vilourente de 1390 (Graña, 1990, 158-9) e do arcediogo de Baroncelle un de 1476 que está na Colexiata da Coruña (Barral/Velo, 1994, núm. 24).

11.3. Na provincia de Pontevedra, no mosteiro de Armenteira hai un de 1300 e outros do xiv, así como de 1414 e 1422 (*AHN* 1764.11-13,15-19, 1765.19, 1770.15, 1776.9, 1777.3; García Miraz, 1984, 97-98, 133-7); no de Camanzo de c. 1300 (2), 1302 e 1306 (Lucas, 1978, 361-2) e no de Oia bastantes do século xiv (*AHN* 1813.17, 1817.7, 1819.10,12,14, 1820.8, 1822.5,21, 1821.4,9,18,19, 1822.9, 1823.10-11, 1824.15, 1825.25, 1827.2, 1834.4, etc.).

11.4. Na provincia de Ourense, no mosteiro de Allariz hai un de 1350 (*AHN* 1430.1); no de Bóveda de 1451 (Duro Peña, 1977b, 171-3); no de Celanova de 1321 (carta executoria do arcediogo de Limia dunha sentenza do papa, que reproduce), 1328 (do bispo), 1480 (do prior de Xunqueira de Ambía como xuíz apostólico) e 1482 (sentencia do abade de Montederramo con inclusión de bula papal) (Vaquero Díaz, 2004, núms. 108, 114, 709, 744; Lorenzo Fernández, 1942, 230); no de Melón de 1312 (convenio entre o bispo e o abade), 1338, 1376 (Losada, 1992, núms. 299, 459; *ACOU* 2342), así como outros cinco do xiv, un de 1431 e tamén de 1516 (*AHN* 1463.6, 1465.7,13, 1470.15-16, 1476.7, 1872.15); no de Montederramo de 1301, 1303, 1313, 1322 (3),

<sup>33</sup> Rey Caña, 1993, non transcribe o de 1322 e só pon un de 1337 (núm. 498, *AHN* 1101.5).

1325 e 1336 (núms. 625, 645, 768, 866-8, 899, 1093); no de Oseira de 1315 (dun notario de Ourense) e 1434 (Romani e outros, III, 1993, 27-28; IV, 2003, 540-1)<sup>34</sup>, ademais dun da abadesa de Vilanova de Dozón de 1397 e outro do XIV (*AHN* 1551.5,15); no de Ramirás de 1488, 1490 e 1496 (2) (*Arq. Antealtares*, caixón 6, mazo 1-A, núm. 61; mazo 1-B, núms. 22-23,33; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 60; Lucas/Lucas, 1988, 610); no de San Clodio do Ribeiro un de 1302?, que Lucas/Lucas non transcriben (*ACOu* 1754); no de Santo Estevo de Ribas de Sil un de 1356 (do bispo de Ourense) e outro de 1512 (Duro Peña, 1977a, 312-4; *ACOu* 5666); en Santa Cristina un de 1436 do abade (Fernández Suárez, 1974, núm. 123; *ACOu* 4026) e en Xunqueira de Ambía de 1461 e 1463 (*ACOu*, *X. de A.*, núms. 61, 64). Por outra banda, na catedral de Ourense hai documentos en latín de 1300, 1302 (2), 1303, 1304 (3), 1305, 1306, 1307 (3), 1311, 1312 (4), 1313 (2), 1314 (2), 1315, 1316 (3), 1317, 1318 (2), 1320, 1321, 1325, 1328, 1332, 1334, 1342 (2), 1343, 1352, 1357, 1373, 1379 (irmandade co cabido de Tui), 1384 (2), 1387, 1422 (falta en Duro Peña), 1429, 1431, 1449, 1453 (os dous últimos do bispo) e 1463 (Duro Peña, 1973a, entre as pp. 149 e 236 e núms. 1177, 1186, 1330, 1354, 1402; *DACO*, 1917, 52-54, 266-8, 275-7, 288-95<sup>35</sup>, 312-4, 336-41, 395-400; Losada/Soto, 1994, 52-53). De Ourense tamén son un de 1350 (López, 1914, 44-45) e outro de 1510 (*AHN* 1507.17).

11.5. Alén disto, este apego ó latín vese nas Constitucións capitulares de Santiago (xa nas de 1288) de 1306, 1317 e 1319 (*HIS*, v, 113-5, 126-8; vi, 3-10, 14-16; González Balasch, 1987a, núm. 280), nos Estatutos capitulares de 1309, 1324, 1325 e 1385 (*HIS*, v, 129-31; vi, 36-38, 56-59, 162-4; González Balasch, 1987a, núm. 367) e en numerosos Concilios ou Sínodos (cf. § 15.5). Por exemplo, despois dos de 1259?-1267 e o XVIII de 1289, están o XIX de 1309, o XX e XXI de 1310, o XXIII de 1313, o XXVI de 1320, o de 1322, o XXVIII de 1324, o XXIX de 1327, o de 1328, o XXX de 1335, o XXXI de 1337, o XXXV de 1401 e o XLII de 1452? (*HIS*, v, 115-23, 131-46, 152-6; vi, 23-27, 39-52, 77-81, 92-117; vii, 3-5, 111-2; García, 1981, 266-311, 332-3), aínda que no de 1309 se indica a necesidade de traduci-las constitucións ó romance para que a xente as comprenda: “It. statuimus quod omnes Achipresbyteri habeant copiam istarum constitutionum in romancio et publicent clericis in calendariis suis” (*HIS* v, 140; cf. Bello, 1997, 509). O de 1401 de Lope de Mendoza está en latín e castelán (García, 1981, 314-7). Na catedral de Mondoñedo aparecen en latín os de 1400 e 1429 e na de Tui o de 1543 (García, 1981, 25-27, 538-50; Cal Pardo, 1990, 460, 551-2). Cf. casos de bilingüismo latino-galego nos §§ 9-10.

11.6. Outro feito que debemos ter en conta é que numerosos documentos en latín se atopan trasladados e confirmados en documentos escritos en galego. Abonda con pór

<sup>34</sup> O *Tombo de 1473* incorpora en latín o “Rotello Vello”, datado en 1367 (Romani/Rodríguez Suárez, 2003, 11-23). Os editores coidan que esa data debe corresponder á dunha copia e que puido escribirse en 1280 (*id.*, p. XVIII).

<sup>35</sup> Poñen erroneamente que é de 1341.

uns exemplos: na catedral de Lugo hai traslados de 1340 (2) nos anos 1345 e 1350; de 1342, 1345 (2) e 1346 nos mesmos anos (Portela/García Oro, 1997, núms. 405-6, 424, 463, 466, 483); na de Mondoñedo en 1274 trasládase un de 1264, en 1369 o vigairo xeral de Santiago fai un documento en galego no que transcribe outro do arcebispo D. Xoán en latín, en 1410 trasládase outro e en 1456 hai un que contén unha bula papal e a execución da mesma polo bispo en latín (Cal Pardo, 1990, 56, 164, 497; 1991, 87-88; 1999, 318-24); na de Ourense en 1294, 1297, 1320, 1328, 1352, 1472 e nun sen data trasládanse documentos latinos de 1258, 1289, 1290 (que á súa vez traslada outro documento latino de 1274), 1300, 1318, 1352 e 1384 (Duro Peña, 1996, 262-3, 345-6; 1973a, 93, 140, 149, 173, 210, 235) e na de Santiago en 1455 unha bula papal do mesmo ano (*AHN* 524.10); en Allariz trasládase en 1294 unha carta latina (*AHN* 1429.10); en Armenteira en documentos de 1488 dous documentos do XII e un de 1271, tamén un de 1284 (*AHN* 1749.3,8, 1762.6,12); en Belvís en 1330 un documento de 1329 e en 1340 unha bula de 1337 (Rodríguez Núñez, 1989, 399-400, 479-82; 1990, 73-75, 153-6); en Melón en 1281, 1285, 1290, 1298, 1330 e 1356 traslados de documentos de 1252, 1255, 1256, 1258, 1260, 1270 e 1348 (Cambón, 1958, núms. 471, 562, 614, 806, 904, 957; *AHN* 1465.13) e outros de 1252, 1267, 1273, 1292, etc. están en traslados sen data (Cambón, 1958, núms. 489, 686, 735, 920); en Oseira en 1418 unha bula papal de 1415 (Romaní e outros, IV, 2003, 250-8); en San Martiño dos Piñeiros trasládanse en 1265 e en 1309 documentos latinos de 1264 e 1309 respectivamente (Lucas, 2003, 279-80, 315-6); en San Paio de Antealtares unha bula papal en 1457 (*AHN* 523.12); en Soandres un de 1405 en 1420 (*AHN* 525.21); en Sobrado de Trives un de 1309 reproduce un privilexio de Afonso IX de 1228 (Martínez Sáez, 1989, núm. 112; Duro Peña, 1967, 59-61); en relación con Viveiro un de 1456 traslada unha bula de 1452 (Cal Pardo, 1991, 209-212), etc.

11.7. O caso contrario tampouco é descoñecido e só indicarei uns cantos casos de documentos latinos que trasladan documentos en galego anteriores ou do mesmo ano. Así, un de Oseira ou Vilanova de Dozón en latín de 1272 traslada un documento en galego de 1262 (Romaní, 1989, 958-9; Duro, 1968, 53-54); outro en latín de 1291 en relación con Viveiro traslada unha carta híbrida latino-galega do bispo (Cal Pardo, 1991, 91-92); outro da catedral de Ourense de 1384 inclúe un poder do cabido de Santiago do mesmo ano en galego (Duro Peña, 1973a, núm. 922; *DACO*, 1917, 336-41); en Montederramo temos en 1336 o traslado en latín dun acordo entre o arcebispo de Braga e o mosteiro sobre a granxa de Cidões, onde se inclúe en galego o poder dado en 1329 polo mosteiro ós seus representantes (núm. 1093); en Melón en 1283 un documento en latín do bispo de Tui inclúe dúas cartas en galego do abade de Melón e en 1288 unha apelación do mosteiro ó arcebispo de Braga en latín inclúe unha carta en galego feita en Pontevedra (Cambón, 1958, núms. 826, 868), etc. Na catedral de Ourense tamén hai un documento de 1316 en latín cunha apelación á curia romana do procurador do bispo e cabido de Ourense perante o arcebispo de Braga que contén un escrito do arcediogo de

Barroso en portugués, pero está incompleto e sen data porque está rompido (Duro, 1973a, núm. 616; *Divers.* I, 101).

11.7.1. Tamén pode darse o caso de que un documento en latín traslade un documento escrito en castelán, como nun de 1256 no que un cóengo de Lugo escribe en latín e reproduce unha carta de Afonso X do mesmo ano (*CDH*, I, 121-2); nun de Celanova que traslada en latín (sen data) un privilexio de Afonso X de 1255 (Vaquero Díaz, 2004, núm. 55); nun da catedral de Ourense de 1256 que contén unha apelación contra unha carta de Afonso X de 1255 ou noutro que traslada un privilexio de Sancho IV de 1291 (*DACO*, 1917, 87, 174-8; Duro Peña, 1973a e 1996, núm. 284). Como contrapartida, documentos en castelán poden trasladar documentos escritos en latín, como un de Bergondo de 1515, que traslada un privilexio do rei Afonso IX de 1218 (*AHN* 489.9), ou textos de Ourense de 1488, 1492 e 1498 que trasladan bulas (*Escrituras* XVIII, 31; Duro, 1973a, 352, 360), etc.

11.8. Outra particularidade que debemos subliñar é que, alén das bulas papais, outros escritos (sobre todo eclesiásticos) de fóra da Península, mesmo de Portugal, chegaban a Galicia en latín, lingua que utiliza o cabido de Reims nunha carta que envía a Santiago en 1324 (González Balasch, 1987a, núm. 331; *HIS*, VI, 54-55) e o de Tours cando manda unha carta de irmandade coa igrexa de Ourense en 1428 (*DACO*, 1917, 410-1; Duro Peña, 1973a, núm. 1165; Losada-Soto, 1994, 53-54), ou D<sup>a</sup> María de Luna desde Barcelona en 1405 recomendando a un nobre peregrino (*CDH*, III, 91-92) ou o arcebispo de Braga cando lle escribe ó bispo de Mondoñedo en 1311 (Cal Pardo, 1990, 44; 1999, 110-1) e a Santiago en 1320 (González Balasch, 1987a, núm. 325). É totalmente distinto o caso dun cóengo de Braga, que en 1367 manda un poder en portugués a un cóengo da catedral de Ourense para que administre as herdades que foran de seu pai (Duro Peña, 1973a, núm. 870). Tamén en Mondoñedo se atopa unha carta en portugués de 1369 que reproduce unha sentenza do vigairo xeral de Braga en latín do mesmo ano (Cal Pardo, 1999, 174-8). Ademais, normalmente as Chancelerías estranxeiras enviaban nos primeiros tempos os documentos en latín, como é o caso de Filipe III de Francia, que envía un a Santiago en 1278 (*HIS*, V, 111; González Balasch, 1987a, núm. 256); de Afonso III de Portugal, que remite un a Montederramo en 1268 (núm. 271) e escribe en latín documentos referentes ó couto de Correlhã, que pertencía á igrexa de Santiago, en 1244, 1248, 1258 (3), 1260, 1265 (2), 1267 (2) e 1268 (3) (Fernández de Viana, 1970, núms. 1-11; González Balasch, 1987a, núms. 204, 231-3, 237, 246-7, 250-3) e do propio D. Dinís, que envía un en 1282 ó mosteiro de Oia (*AHN* 1806.16) e outro a Montederramo en 1284 (núm. 436). Destaca o feito de que un documento en galego do mosteiro de Oia de 1293 inclúe tres cartas de D. Dinís, das cales unha de 1281 está en latín e xa dúas de 1293 en portugués (*AHN* 1810.3). Por outra banda, este rei escribe en 1280<sup>36</sup> e 1324

<sup>36</sup> Fernández de Viana, 1970, núm. 12, pon erroneamente 1270.

cartas en portugués referentes a Correlhã<sup>37</sup> (Fernández de Viana, 1970, núms. 12-13; González Balasch, 1987a, núms. 257, 330) e envía outras nesta lingua a Oia en 1299, 1308 e 1315 (*AHN* 1813.7, 1816.15, 1820.10), a Oseira en 1293 (*AHN* 1537.14) e a San Martín de Castañeda en 1291 (Rodríguez González, 1970, núm. 203, di erroneamente que é de 1262). Pouco e pouco foise tornando habitual que os reis de Portugal enviasen documentos en portugués, como fai en 1328, 1330, 1335 (2) e 1342 Afonso IV a Santiago e en 1362 (2) Pedro I, todos eles referentes a Correlhã (Fernández de Viana, 1970, núms. 14-20; González Balasch, 1987a, núm. 355); en 1363 e 1365 este mesmo rei a Oia (Portela, 1975, 424-5), en 1463 (2) Afonso V ó cabido de Santiago (*HIS*, VII, 131-2; López, 1916, 116-7; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, c. 137.51) e en 1462 ós Dominicanos de Tui; máis tarde Manuel I a este mesmo mosteiro (*AHN* 1874.12, 18-19) e ó cabido de Santiago (López, 1916, 117-9)<sup>38</sup> e Xoán III en 1522 a Santiago (*Privilegios*, 1965, núm. X); en Celanova hai dous documentos en portugués de 1460, un de Afonso V e outro procedente de Coimbra (Vaquero Díaz, 2004, núms. 494-5). Tamén Luís XI e Luís XII de Francia mandan documentos en francés a Santiago de Compostela en 1483 e 1510 (*HIS*, VII, 150-1; *Privilegios*, 1965, núm. VI; *AHN* 525.18).

12. Xa imposto como lingua escrita na segunda metade do século XIII, o galego alcanza un enorme desenvolvemento e os textos escritos en Galicia están ó mesmo nivel cós escritos en Portugal. A lingua presenta unha certa unidade nas dúas bandas do Miño, con pequenas diferencias na utilización das grafías e con certas variantes fonéticas.

12.1. Debemos ter en conta que nos primeiros tempos non hai unha norma escrita rixida, porque a lingua está en constante evolución, e por iso no mesmo texto podemos atopar solucións diferentes. Así, no citado documento de Oseira de 1260 o latín *MĒA* aparece como *ma*, *mia* e *mina*, isto é, coa forma reducida átona *ma*, coa inflexionada *mia* e xa coa nasalizada e palatalizada *miña*. Esta triple posibilidade coexiste na época medieval coa forma intermedia *mña* (Lorenzo, 1977, 855b-6a). De aí que, ó lado de formas que aparecen, desde un principio, sen variacións fonéticas, atopemos outras con variantes que coinciden, máis ou menos, nos textos galegos e nos portugueses, sobre todo nos escritos no norte de Portugal. O estraño é que, ás veces, partindo de variantes comúns, a solución final foi distinta nos dous territorios debido á separación política. Por exemplo, o latín *FECĪ* pode aparecer en textos galegos e portugueses como *fiz* (coas va-

<sup>37</sup> Tamén están en portugués en 1324 unha carta do escribán do rei ó concello de “Cornelhã”, feita en Valença, e en 1325 a lectura das cartas do rei e do escribán, feita por notario de “Ponte de Limha” (González Balasch, 1987a, núms. 333-4) e no Tombo “C” da catedral outros documentos feitos en Ponte de Lima, Valença, Correlhã, Sá, Mourelo ou Sisto de 1288, 1293, 1295, 1301, 1324, 1325 e dous de 1363 que non sempre conservan a grafía característica portuguesa (*lh*, *nh*) ó seren copiados no Tombo (Fernández de Viana/González Balasch, 1992, núms. 21-28).

<sup>38</sup> Un documento de Ourense de 1505 contén unha carta do rei D. Manuel do mesmo ano en portugués castelanizado (sen uso de *lh* nin *nh*) e unha carta feita no mesmo ano en Lindoso en castelán, na que o notario utiliza o galego con castelanismos (*DACO*, 1923, 27-30).

riantes máis raras *fizi* e *fize*) ou coas formas palatalizadas *figi*, *fige* (cf. Lorenzo, 1975, xxx; *íd.*, 1977, 631a, 1090b, etc.; *íd.*, 1985, 86, 123; Maia, 1986, 522, 744-5), pero despois o portugués decidiuse pola forma *fiz* e o galego por *fige* (moderno *fixen*: *ALGa* 1, mapa 259; Fernández Rei, 1990, 96). Tamén ocorre o mesmo na 3ª persoa de singular, pois nas dúas zonas podemos atopar nun principio formas con *-e* e con *-o* final (*ouve*, *ouvo*), aínda que é máis usual nos textos galegos a forma rematada en *-o* (cf. Lorenzo, 1975, xxix; *íd.*, 1977, 205-6, 631-2, etc.; *íd.*, 1985, 83, 119-20; Maia, 1986, 745-7). Ó final o portugués decidiuse pola forma con *-e* (*houve*) e o galego pola forma con *-o* (*houbo*: *ALGa* 1, mapa 276).

12.2. Quere isto dicir que xa desde o XIII temos algunhas particularidades, cunha presenza maior ou menor segundo as palabras, do que será máis tarde característico do galego moderno. Xunto ós casos citados no § 12.1 lembremos outros: 1ª persoa do pretérito con *-n* en *comjñ* (1419: Maia, 1986, 743), *destroyñ* (*Miragres* 144.4), *escribjñ* (1516: Maia, 1986, 743, 783), *escribñ* (1497: Maia, 1986, 743, 783), *escriujñ* (1277: Montederramo, núm. 376), *escripuñ* (xv: Maia, 1986, 743, 783; Barreiro, 1995), *escripuñ* (1472, 1476 en Noia: Barreiro, 1995), *scriujñ* (1299 en Oia: Maia, 1986, 743, 783), *figen* (1337: Duro, 1977, 284), *fyzin* (1497: Maia, 1986, 743, 793), *fojñ* (1373 en Noia: Barreiro, 1995), *rreçebỹ* (1397, 1398 en Noia: Barreiro, 1995), *rreçebjñ* (1457: Tato Plaza, 1999, 640), *rresçebjñ* (1516: Maia, 1986, 743), *resebỹ* (1381 en Noia: Barreiro, 1995), *uendym* (1341 en Noia: Barreiro, 1995), *vendñ* (1419: Maia, 1986, 743), *vendñ* (1457: Tato Plaza, 1999, 700); alternancia para a 2ª persoa de singular de formas sen palatalización (*amaste*, *vendeste*), que son as que se impuxeron en portugués, e formas con palatalización, que son as impostas maioritariamente en Galicia (Fernández Rei, 1990, 87, 88), como na *Crónica Xeral* e noutros textos, nos que podemos ver as variantes *fezesche*, *fezeschi*, *fezische*, *fezischí*, *fezeche*, etc., xunto a *fezeste*, *fezesti*, *feziste*, *fezisti* (Lorenzo, 1975, xxviii-xxix; 1977, 631a; 1985, 83, 119). Igual ca hoxe, tamén se ven bastantes casos de alternancia vocálica en posición átona, como en *pedir*, *pidir*; *coñocu-da*, *coñucuda*, *cuñucuda*, etc. (Lorenzo, 1975, xxix-xxx; *íd.*, 1977, 355ab, 984b-5a, etc.; *íd.*, 1985, 99-100, 138-141; Maia, 1986, 530-3).

12.3. Outra cousa que podemos ver é a alternancia desde o XIII de formas con vocal nasal aínda conservada ou con desnasalización, como en *mão/mao*, *bõo/boa* (Lorenzo, 1985, 102-3, 141-3; Maia, 1986, 573-615) e neste mesmo século comeza a perderse a oposición fonolóxica entre b/β (Lorenzo, 1975, xxx; *íd.*, 1985, 95, 134; *íd.*, 1993b, 14-18; Maia, 1986, 472-85), ó mesmo tempo que se inicia o proceso de desonorización das consoantes sibilantes sonoras (Lorenzo, 1975, xxxiv-xxxv; *íd.*, 1985, 94-95, 132-4; *íd.*, 1987, 460-5; *íd.*, 1993b, 18-26; Maia, 1986, 438-68; 1988). É posible que estes fenómenos se desen antes nunhas zonas ca noutras e mesmo que nunha mesma comunidade houberse alternancias. O que parece probable é que a perda da distinción fose un fenómeno popular e que o sistema primitivo de diferenciación se mantivese na escrita, con vacilacións, cando xa na lingua falada non existían tales diferencias. Com-

párese o que pasou en castelán co F- inicial, que chegou a desaparecer pasando antes por *h* aspirado. Sabemos que na zona orixinaria do idioma deixara xa de pronunciarse no século IX e que noutras zonas se pronunciaba con /h/, pero en toda a época medieval domina na escrita a grafía con *f*. Algo semellante puido ocorrer no galego coas consoantes sonoras. O feito é que nos textos desde o XIII estamos vendo casos de desonorización da consoante apicoalveolar fricativa /ʒ/, da prepalatal fricativa /ʒ/ e da primitiva dorso-dento-alveolar africada /dz/, que se igualou á xorda /ts/, acabando os dous sons no fricativo dorsal /s/. Por exemplo, en casos coma *ffix* en 1287 e 1289 (Montederramo, núms. 472 e 484) por *fíge* ou nun texto de 1342 da zona fisterrá en que atopamos *oxe* por *oje*; *façer* e *juýço* por *fazer* e *juízo*; *vós*, *voçes* e *vosses* por *voz* e *vozes*; *Gyssamonde* por *Giçamonde*; *p(r)ოყჳონ* por *possissón*, etc. (Lorenzo, 1995b).

12.4. A documentación medieval é fundamental para coñece-lo estado da lingua e para ve-la evolución que se foi producindo. Entre a época arcaica e a moderna non hai unha ruptura e, cando estudiámo-los textos medievais, podemos ver como a maior parte das características lingüísticas actuais empezan a conformarse ou xa se fan definitivas naqueles séculos. Do século XIII ó XV podemos asistir a unha gradual evolución lingüística e moitos dos resultados que achamos no XV son xa os que corresponden á lingua actual, aínda que non aparezan de maneira sistemática, senón, ás veces, ocasionalmente (véxase un resumo sobre o galego e o portugués na Idade Media en Mariño Paz, 1998, 102-29).

13. Nos últimos tempos hai certas tendencias a facer estudos sociolingüísticos da época medieval e tamén tentativas para establecer unha caracterización dialectal da Galicia na Idade Media (cf. un resumo en Mariño Paz, 1998, 129-35), como é o caso de Souto Cabo, 1993, que pontifica sobre o que é característico de cada zona e mesmo chega a afirmar que, tendo en conta algunhas formas que aparecen na *Crónica Xeral* (Lorenzo, 1975), é falsa a data que propoño para o texto (entre 1295-1312) e que habería que atrasalo ata moito máis tarde (1350?) (p. 541, nota 31). Para traballar con seguridade sobre a Idade Media primeiramente teríamos que ter publicada toda a documentación existente con boas edicións filolóxicas e despois actuar con moito tacto e prudencia, pois a min paréceme bastante difícil querer trazar fronteiras dialectais con base nos textos medievais, xa que algúns deles non sabemos onde foron escritos e o feito de que un texto proceda dun lugar determinado non quere dicir que o escriba sexa oriúndo do mesmo lugar, sobre todo os textos escritos nos distintos mosteiros polos monxes que neles profesaban, ou por notarios, que podían proceder doutros lugares. Por exemplo, no mosteiro de Oia hai numerosos documentos escritos por monxes ou notarios portugueses, en Santa María de Franqueira hai un de 1509 escrito por un portugués (AHN 1786.6), en Montederramo tamén aparecen uns poucos documentos escritos por un monxe de orixe portuguesa (Lorenzo, 1997) e en Celanova podemos citar bastantes documentos escritos ou mandados escribir por Rodrigo de Sangens (con variantes no apelido), mon-



xe que procede de Portugal, onde existen varios lugares denominados hoxe São Gens. Rodrigo de Sangens aparece primeiramente como monxe e notario (1453-1457) e despois como prior “da caustra” e notario (1462-1479), como prior “da caustra” do mosteiro, prior de Santa María de Ribeira e notario (1479) e como prior do mosteiro de Santa María de Ribeira (1479-1484). Ademais, en documentos de 1491 e 1496 aparece xa como abade de “San Cloyo” do Ribeiro d’Abia (Vaquero Díaz, 2004, núms. 849, 850, 920)<sup>39</sup>. Rodrigo de Sangens nos anos que estivo como notario en Celanova non perdeu totalmente os hábitos da grafía portuguesa, pero non é coherente, pois non utiliza sistematicamente as grafías *lh* ou *nh*, especialmente a primeira. Hai moitos documentos que mandou escribir e nos que el só dá a fe. En moitos destes documentos alterna *nh* e *ñ*: *señor* e *minha* (ou *minhas*) (1453, 1454, 1456, 1472, 1475 [2], 1478, 1479 [5], 1480 [3], 1481, 1482 [2]: Vaquero Díaz, 2004, núms. 407, 417, 436, 618, 649-50, 676, 683, 685, 689-90, 694, 701-2, 713, 720, 739, 745); *señor*, *minha* e *minhas* (1474, 1475 [2], 1476 [5], 1477 [3], 1478 [2]: *id.*, núms. 640-1, 643, 652, 654, 656-8, 661, 664-5, 672, 680); *señor*, *minha* e *miñas* (1473, 1478: *id.*, 2004, núms. 626, 671); *senor*, *miña* e *minhas* (1473: *id.*, núm. 623) ou *señor*, *minha* e *minas* (1478: *id.*, núm. 673). Nalgúns documentos só pon *nh*: *minha* e *minhas* (1474: *id.*, núm. 636), *minha* (1483: *id.*, núm. 753). Noutros só *ñ*: *señor*, *miña* e *miñas* (1476: *id.*, núm. 653); *señor* e *miña* (1479 [2], 1480 [2], 1481 [2], 1484 [3]: *id.*, núms. 688, 691, 699, 712, 719 [xunto á forma *vallan*], 725, 756, 758-9); *miña* (1481 [2]: *id.*, núms. 721, 727); *miñas* (1476: *id.*, núm. 655), *señor* (1455, 1477: *id.*, núms. 422, 660). Tamén hai outros nos que alterna as grafías *ñ* e *n*: *señor* e *mina* (1457, 1477, 1478 [2], 1479 [2]: *id.*, núms. 455, 659, 677-8, 686, 692), *senor* e *miña* (1480, 1482: *id.*, núms. 703, 736). Xunto a estes documentos aparecen outros moitos que escribiu el persoalmente e nos que dá fe como notario e neles podemos atopar numerosas alternancias. Hai documentos nos que non usa a grafía portuguesa, nalgúns por se conservaren en copias (1453 [3], 1454 [2], 1455 [2], 1482: Vaquero Díaz, 2004, núms. 404-6, 412-3, 427-8, 730), nun de 1475 (copia) só escribe nunha ocasión *minhas* (*id.*, núm. 647) e noutro de 1473 só pon *nh* cando dá fe (*señor*, *minha* e *minhas*: *id.*, núm. 627). A grafía *lh* é practicamente inexistente, pois só aparecen en 1454 *tulha*, *velha* e *valha*, xunto a *Ourilly*, *semellável* e *moler*, *colerdes*, documento no que tamén alternan *Esteveyinha*, *venhades*, *vinho*, *Casfaginho* con *señor* e *linagen*, *vino*, *lino*, *quinón*, *touçino*, *touçinos*, *Martino*, *dineiros*, *senorio* e *mina* (Vaquero Díaz, 2004, núm. 415), e en 1457 *Alvarelhos*, xunto a *moler*, *vella*, *semellável* e *valla*, ademais da alternancia de *vizinho*, *vinha* (3), *vinho* (2), *minha* con *señor* (2) e *linagen*, *quinón*, *dineiros*, *quintentos* (*id.*, núm. 451). Nos outros documentos alternan *ll* e *l* para /k/ e *n*, *ñ* e *nh* para /n/, como podemos ver en 1455, 1456 (3), 1457 (2), 1462, 1471, 1472, 1473, 1474, 1475 e 1478 (*id.*, núms. 425, 434-5, 437, 450, 452, 516, 608, 612, 622, 634, 646,

<sup>39</sup> En Lucas/Lucas, 1996b, aparece como abade en documentos desde 1489 a 1500 (pp. 715 ss., 803-6) e xa está no mosteiro en 1486 (p. 802).

679). En catro casos só aparece *nh* nunha ocasión: *linho* 1456, *minha* 1471, 1472, *minhas* 1477 (*id.*, núms. 441, 607, 613, 663).

13.1. Vexamos un caso sintomático. Hoxe témo-lo plural *razóns* na zona occidental das provincias da Coruña e Pontevedra, a forma *razós* na parte oriental destas provincias e na maior parte das de Ourense e Lugo e a forma *razois* na zona extremo-oriental do territorio (*ALGa* II, mapa 68; Fernández Rei, 1990, 66-67). Conforme a esta distribución, na época medieval, de apareceren formas con *-ns*, deberían corresponder á zona máis occidental da Coruña ou Pontevedra. Pero velaquí que, por exemplo, en Montederramo, situado na zona oriental, xunto a *condiçós* en 1506 (núms. 1819, 1820) atopamos moitísimos casos con *-ns*: *Çidóns* en 1465 (núm. 1688)<sup>40</sup>, *condiçóns* en 1324, 1479 (5), 1480 (6), 1483 (3), 1484 (2), 1486 (3), 1487, 1488 (3), 1489 (3) e 1510 (núms. 887, 1729-31, 1734-41, 1759, 1761, 1763-4, 1768, 1773-4, 1776-9, 1781-3, 1785, 1837), *condicóns* en 1479 (3), 1480, 1482, 1483 (3), 1490 e 1506 (2) (núms. 1732-3, 1735, 1742, 1754, 1757-8, 1762, 1788, 1816, 1822), *condiçõens* en 1344 (núm. 1186), *condiçoons* en 1486 (núm. 1772), *condiçõons* en 1510 (núm. 1832), *condicións* en 1482 (núm. 1747), *condycións* en 1484 (núm. 1765), *condjcións* en 1490 (núm. 1789), *jurdiçións* en 1504 (núm. 1813), *jurdiçións* en 1513 (núm. 1846), *oraçóns* en 1327 (núm. 929), *oraçoons* e *oraçoens* en 1339 (núm. 1120), etc. Igual ocorre con *huns* en 1318 (núm. 822), *algúns* en 1340 (núm. 1133), *choupijns* en 1328 (núm. 946), *beens* en 1286, 1287, 1289, 1292, 1293, 1302 (núms. 462, 466, 485, 526, 535, 631), *bēens* en 1322 (núm. 863), *bens* en 1317, 1318, 1321 e 1323 (núms. 818, 825, 856, 884), formas que alternan con *bēes* ou *bees* e tamén con *beeys* en 1303-1331 (núm. 964) ou *beys* en 1275, 1278, 1282, 1290, 1291 (4), 1292, 1301, 1296-1307 (2), 1310 e 1317 (núms. 363, 386, 423, 500, 512-4, 519, 621, 666-7, 701, 814). Para esta última palabra hoxe témo-lo plural *bens* nas zona máis occidental das provincias da Coruña e Pontevedra e no resto do territorio a forma *bes*, pois non se documenta a forma *beis* (cf. *ALGa* II, mapa 65). Fronte a isto, temos casos de *-ós* en territorio do actual *-óns*, como *protestaçós* en Rianxo en 1457 (Tato Plaza, 1999, 615-6) e noutros casos.

14. Como quedou dito (§ 3.5), a época de maior esplendor da lingua foi a dos séculos XIII e XIV, pola lírica trobadoresca, pola inmensa cantidade de documentos non literarios de carácter xurídico e polas obras en prosa, que aínda continúan ata mediados do século XV, por máis que desde o punto de vista literario o XV xa é un século de decadencia, aínda que debemos lembrar que a tradición literaria non se rompeu totalmente e que ó longo do século XVI (e nos seguintes) se escribiron ocasionalmente poemas en galego (cf. o último editado, de finais do XVI, en Álvarez/Rodríguez, 2003). Como contrapartida, o século XV é o que nos ofrece un maior número de textos non literarios conservados, se ben nas súas dúas últimas décadas e despois, a medida que avanza o século XVI,

<sup>40</sup> Nun engadido posterior a unha bula papal de 1163 aparece a forma *Cidojs* (núm. 21).

a presenza do galego vai diminuindo cada vez máis e chega un momento en que só aparece o castelán como lingua escrita. Non hai unha data determinada para o desaparición xeral e depende un pouco das persoas e das situacións. Un notario, un escriba, un monxe que entran no século XVI habituados a usa-lo galego, ségueno usando ata morreren; os que comezaron a educarse nos finais do XV usan xa exclusivamente o castelán. Podémolo ver na documentación de que dispoño, aínda que a pouco recomendable decisión de moitos editores de pór só un rexesto e non transcribir numerosos documentos do XV e do XVI nas súas edicións fai que, ás veces, non saibamos en que lingua están escritos e privánnos ó mesmo tempo de poder ve-las características lingüísticas e léxicas dos textos. Fenómeno destacable e desgraciado é que nas últimas décadas do XV e nas primeiras do XVI algúns documentos escritos en galego están contaminados polo castelán (cf. §§ 17.2, 17.2.1-5) e que se chega mesmo a escribir documentos híbridos (cf. §§ 17.8, 17.8.1-2). Para ver ata cando chegan os documentos na nosa lingua, podemos facer unha breve incursión polas distintas fontes documentais de que dispoño, que nos presentan un panorama moi heteroxéneo, pois nalgúns lugares a produción en galego non pasa de finais do século XV, noutros chega á primeira década do XVI, noutros á segunda, noutros ata 1528, 1529 ou 1532 e mesmo, ocasionalmente, ata 1553, 1591 ou 1596.

14.1. Na provincia da Coruña, por exemplo, en Belvís hai bastantes de entre 1416-1449 e os últimos son de 1452, 1453, 1456 (2), 1457 (2), 1459 (5), 1460 (2), 1461, 1462 (3), 1463 (6), 1464 (5), 1465 (4), 1466, 1468, 1470, 1472 (3), 1481, 1482 (3), 1484, 1485, 1486, 1489 (2), 1492, 1493, 1497 e 1500 (*AHN* 525.2; *ACB*, mazo 17.4, 22.1, 23.1, 27.1,3,5-7, 28.3, 33.3, 39.4, 40.1,7, 41.31, 47.7,9, 50.7, 51.17, 53.1-2, 60.6; *AHUS*, *Belvís*, Pergameos, 21,25,53/1-3; Rodríguez Núñez, 1993c, 350-3, 356-7); en Bonaval de 1503 (*AHD*, *San Martino*, c. 48.27); en Santa Clara de 1460 (6), 1461 (4), 1462, 1463 (7), 1464 (4), 1465 (2), 1466 (4), 1467 (9), 1469 (3), 1470 (3), 1472 (2), 1474, 1476 (3), 1477 (2), 1478 (6), 1479, 1481 (3) e 1482 (Rodríguez Núñez, 1993b, 288-90, 299-315; 1993c, 349-50; *AHD*, *San Martino*, c. 12, fol. 8rv, 47rv, 48v-49v, 84v-85v, 88v-89r, 95v-97v, 107rv, 195r-6r; c. 44, fols. 33r-53r; c. 45.2,5-6,26,49; c. 47.3,17,20ab, 22; c. 48.38,96,109); en Santa Cristina da Pena de 1454, 1455, 1460, 1461, 1462 (2), 1463 (2) e 1465 (*AHD*, *San Martiño*, c. 44, fols. 222r-7r; c. 48.12,22,26,104); en Santa María a Nova de 1450 (4), 1451 (3), 1452 (3), 1453 (3), 1454, 1455 (3), 1457, 1459 (2), 1461, 1464, 1465 (2), 1466, 1468, 1473, 1474, 1477 (4), 1484 (2), 1486, 1488, 1490 (3), 1492 (2), 1493, 1496, 1498, 1501 e 1506 (*AHD*, *San Martiño*, c. 12, fols. 11rv, 33r, 167v-8v; c. 44, fols. 179r-81r, 182v-3r, 195rv, 205v-6v, 207v, 228r-32r, 233r, 235r, 236v-8v, 240v-9v, 251r, 263rv; c. 48.3,53,68,92; *Documentos soltos*; *ACOu* 5166); en Santa María de Conxo de 1441, 1467 e 1468 (García Oro/Portela, 2003, núm. 23; *AHD*, *San Martiño*, c. 12, fols. 69v-70r, 118v-20r); en San Pedro de Fóra de 1464, 1465 (3), 1466 (4), 1467 (9), 1468 (7), 1469 (5), 1470 (13), 1471 (6), 1472 (2), 1473 (13), 1474 (3), 1475, 1478 (2), 1481 (4), 1482, 1483 (8), 1484 (6), 1485 (6), 1486 (4), 1487 (4), 1488 (8), 1489 (4), 1490, 1491, 1492 (4), 1493 (3), 1494 (4) e 1499 (*ACS*, mazo 425,

fols. 99-101, 126r-7r, 178r-80v, 225r-6r, 231v-4r, 331rv; *AHUS*, c. 137.53; *id.*, 466, fol. 400rv; *id.*, 897, fols. 251v-2v [ou 241]; 1154, fols. 86r-88v, 100r-4v; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 66; *id.*, c. 137.53; *id.*, *Papeis varios*, 22; Rodríguez Núñez, 1993c, 353-6; *AHD*, *San Martiño*, c. 9, fols. 3v-5v, 7rv, 8v-10v, 12r-15r, 17r-19r, 21r-24r, 26v-37v, 41r-42r, 42r-44v, 45r-47v, 51rv, 53r, 54r-57v, 63v-73v, 76r-77r, 78r-85r, 86r-87r, 91r-93r, 94r-97v, 99r-100r, 101r, 105r-6v, 109r-11r, 112r-6r, 118r-21r, 122r-3r, 125r-34v, 136r-7r, 139r-40v, 145r-6r, 147r-8r, 151rv, 153rv, 222r-4v; c. 12, fols. 50rv, 55v-56v, 65v-67v, 69rv, 82rv, 84rv, 105r-6v, 117rv, 122v-3v, 154v-5v, 158r, 173v-4r, 174v-5r; c. 56.21, c. 57.3,5-6,10,12-13,15,18-19,34; c. 58.57,59-60,62-63,82,88-91; c. 60.5; c. 86.6,28/2); en San Francisco de 1465 (*AHN* 525.9); en San Martiño de 1462, 1463, 1465 (28), 1466 (30), 1467 (40), 1466 ou 1467 (7), 1468 (49), 1467 ou 1468 (11), 1468 ou 1469 (8), 1469 (33), 147... , 1470 (4), 1471 (8), 1472 (12), 1473 (12), 1473 ou 1474, 1474 (30), 1475 (6), 1476 (11), 1478 (4), 1479 (3), 1480 (8), 1481 (5), 1482 (11), 1483 (2), 1484 (7), 1485 (7), 1486 (4), 1487 (3), 1488 (6), 1489 (3), 1490 (3), 1494 (4), 1495 (23), 1496 (41), 1497 (5), 1499 (16), 1500 (4), 1501 (2), 1503 (2), 1505, 1508 e 1512 (*AHN* 516.16; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 2, 18, 142; *id.*, *Documentos en papel*, 15 [fols. 1-2, 18-19, 25-26]; *AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 69r-74v, 80r-85v; *id.*, 466, fol. 21r; *id.*, 897, fols. 230rv, 240rv [ou 235], 245r-6r [ou 238], 249rv [ou 240], 270rv [ou 252], 274r [ou 254], 275r-86v [ou 255]; 1154, fols. 8r-9r, 105r-6r, 142r-4r; *AHD*, *San Martiño*, c. 9, fols. 88r, 89v; c. 11, fols. 149v-50v, 153r-9v, 161r-9v, 171v-3v; c. 12, fols. 1r-8r, 8v-10v, 11v-13v, 14r-15v, 17v-20r, 21v-29r, 33v-42r, 42v-43v, 45r-46v, 47v-48r, 49v-52r, 52v-53v, 56v-57r, 63r-65v, 67v-68v, 72v-76v, 78r-83v, 85v-86v, 87v-88r, 89rv, 98v-100v, 104rv, 106v-7r, 108r-3v, 114v-5v, 120r-2v, 123v-32v, 133v-47v, 148v-54v, 159r-62r, 166r-7r, 168v-71v, 172v-3v, 174rv, 175v-9v, 182r-91v, 192r-3v, 194v-5r, 198r; c. 46.56, c. 57.7,16,26,28; c. 58.9/12-13,29,37,56,58,61,71,75,85,87; c. 59.11,24; c. 60.36; c. 61.3; c. 62.48; c. 84.13/12; c. 86.5,21; c. 88/6.1-2; 88/7, fols. 27v-28r, 32v, 42v-43r, 44rv, 49rv, 54v-55r, 60r, 62rv, 64v-65r, 66v, 67r-68v, 69r, 72v, 73v-74r, 74rv, 75rv, 76v, 79r, 110v, 111v, 118v, 121r-46v, 151rv; c. 93.3; *ACS*, mazo 425, 26v-27r, 41r, 67r, 72r-73v, 74r-81v, 82rv, 83v-84r, 85r, 102r-3r, 104rv, 109r, 111r-2r, 115r-6r, 118r, 124v-5r, 131r, 137rv, 139r-40r, 153rv, 155r, 156v-7r, 159v-60r, 170r-4v, 175v-6r, 177rv, 181r-2r, 186r-7r, 188r, 192r-3r, 217rv, 227rv, 285rv, 292v-8v, 301r-2v, 306r-13r, 337r-8v); en San Paio de Antealtares de 1451 (5), 1453 (2), 1454, 1456 (2), 1457 (7), 1458 (4), 1459 (6), 1460, 1461 (2), 1462 (5), 1463 (4), 1464 (8), 1465 (6), 1466 (24), 1467 (13), 1468 (21), 1469 (11), 1470, 1473 (2), 1474 (6), 1475 (3), 1476 (3), 1477, 1478 (6), 1479 (2), 1480 (5), 1481 (3), 1482, 1483 (49), 1484 (3), 1485, 1487, 1489 (6), 1490, 1491, 1492, 1494 (2) e outros dous do xv (*AHN* 523.13-14,16-17; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, c. 137.49; *id.* *Papeis varios*, 2, 24; *AHUS*, 674, fols. 52rv, 55r-56v, 57r-58r, 68r-69v; *id.*, 897, fols. 4v-14v, 15v-20r, 22v, 23v-26v, 27v, 29v-30v, 31v-32v, 34r-38r, 39v, 40v, 42v-46r, 46v-47v, 48r-49r, 49r-50v, 52v-53v, 55r-56r, 56v, 59r-62r, 64v-66v, 67r-68r, 68r-75v, 75v-76v, 78r-79r, 79v, 81r, 81v-84r, 87r-88r,

88v-89r, 90r-91r, 92r-93r, 98v-99v, 99v-100v, 102rv, 114v-6bisv, 119r-22v, 123r-7r, 127r-30v, 130v-7v, 138rv, 140r-1v, 142v-8v, 149v-51r, 153r-4v, 155r-6r, 156rv, 158v-9bisr, 160r-2rv, 163v-7r, 168v-9v, 169v-71r, 171r-4v, 176r-8v, 183r-5r, 198rv, 232r-8v, 242r-4v [ou 236-7], 247rv (ou 239), 289r-90r [ou 256]; *id.*, 1154, fols. 107r-17r, 331; *AHD, San Martiño*, c. 12, fols. 15v-16r, 20v-21v, 29r-32v, 42rv, 43v-45r, 52rv, 53v-55v, 57r-63r, 83v-84r, 87rv, 89v-95v, 100v-3r, 104v-5r, 113v-4v, 115v-7r, 118rv, 132v-3v, 147v-8v, 156r-8r, 158r-9r, 162r-6r, 171v-2v, 179v-82r, 193v-4r; c. 57.2,8; c. 58.15,77,81; c. 61.18/3; c. 86.19/2,28/2-3; c. 88/7, fols. 22r-26r; *ACS*, mazo 425, fols. 46r-52v, 64r-66r, 93r-95v, 107r-8r, 117r, 119r-20v, 121r-3r, 228r-9r, 238r-9r, 247r, 259rv); en Sar de 1465, 1466 (2), 1467 (3), 1468, 1474, 1482, 1483 (este cun foro outorgado en Ourense) e 1485 (*AHD, San Martiño*, c. 12, fols. 13v-14r, 70v-72v, 76v-77v, 103v-4r, 167rv; c. 86.14; Leirós, 1930, 42-45; *CDGH*, 286-8); en San Bieito do Campo temos un total de 56 documentos desde 1345 ata 1516 e deles hai 40 en galego de entre 1401 e 1480 (Fernández de Viana, 1995, 21-128), se ben os seis últimos (de 1495, etc.) están en castelán.

15.4.9. En relación cos condes de Ribadavia hai moitos documentos en castelán: en 1402 (feito en Segovia) e 1403 do adiantado maior Diego Pérez Sarmiento (García Oro/Portela, 2003, núms. 16; Fernández Suárez, 2002, 295-8), adiantado que en 1400 escribe en galego (Fernández Suárez, 2002, 294-5); outras cartas de adiantados maiores aparecen en 1440, 1450, 1452 (2), 1453 e en 1456 unha avinza entre o adiantado maior e Lope Sánchez de Ulloa e a súa familia (*id.*, 346-66, 371-7, 380-91, 394-400, 403-10). Ademais, hai outros documentos escritos en Galicia, como en 1444 un préstamo de D<sup>a</sup> Maior de Soutomaior á condesa de Santamarta, en 1455 documento do castelo de Soutomaior, en 1464 preito-homenaxe dos alcaides de Castro Caldelas ó adiantado maior, en 1465 o testamento do conde de Santamarta e adiantado maior, en 1470 o testamento da condesa de Santamarta, en 1481, 1484 e 1499 cartas de Ribadavia, en 1480 requirimento do procurador do conde ó concello de Ribadavia, en 1487 documento feito en Lamela (diocese de Tui) e en 1490 requirimento ó concello de Lugo (Fernández Suárez, 2002, 368-9, 400-2, 424-35, 452-6, 503-12, 560-2, 489-92, 513-27, 529-32). Outros documentos, moitos deles feitos polo conde ou a condesa, proceden de Castela ou León; por exemplo en 1410, 1416, 1418, 1420, 1428, 1451, 1465, 1470, 1473, 1476 (2), 1479 (2), 1480, 1491, 1493 (testamento do conde feito en Valladolid) e 1499 (2) (Fernández Suárez, 2002, 300-27, 340-6, 377-80, 436-52, 456-89, 495-503, 532-5, 537-60). Lembremos que, en cambio, están en galego en 1427 o testamento de Rodrigo de Sandoval, meiriño maior en Galicia, e unha doazón de María de Limia, muller de Afonso Suárez de Deza, a favor do adiantado Diego Pérez Sarmiento e en 1442 o testamento desta mesma señora (Suárez Fernández, 2002, 327-40, 366-7). Outros documentos que se poden citar son dos anos 1472 (de D<sup>a</sup> Maior de Soutomaior) (López Carreira, 1999, núm. 20), 1476

(concordia de tregua entre o correxedor de Galicia polos Reis Católicos e o conde de Camiña) (Domínguez Fontela, 1939, 172-5), 1495 (deste conde, feito en Cangas) (López Carreira, 1999, núm. 26), 1491 e 1495 (García Oro/Nóvoa Gómez, 2000, 123-33).

15.5. Nos Concilios ou Sínodos, despois dunha longa pervivencia do latín (cf. § 11.5), a presenza do galego foi importante, pero axiña se deu a intromisión do castelán no terreo do galego e ata pode chegarse a situacións de bilingüismo (§§ 17.9, 17.9.1). Así, na catedral de Mondoñedo redactáronse en galego os sínodos de 1324, 1351, 1379, 1395, 1438, 1447 e 1448 (García, 1981, 16-24, 29-36); en cambio para os de 1496, 1497 e 1498 (2) témo-la noticia conservada en castelán nas *Actas Capitulares* (*id.*, 1981, 39-43). Na catedral de Ourense están en galego os de 1340, 1363, 1385, 1391, 1394, 1422 e 1441 (*id.*, 1981, 96-108), pero o bispo Pedro de Silva pásase ó castelán en 1452 e 1454 (*id.*, 1981, 108-12). Nas *Notas de Rodrigo Vázquez* e outros, con letra de finais do XV, cópianse as *Constituciones deste obispado de Orense* en castelán (*id.*, 1981, 113-35) e tamén están nesta lingua os Sínodos de 1491 e 1497 (*id.*, 1981, 135-40). Na de Tui están, polo xeral, en castelán: un de Diego de Muros de 1482 e as constitucións do bispo Pedro Beltrán de 1487-1497 e 1497 (*id.*, 1981, 341-91). Na catedral de Santiago está en galego o sínodo de Xoán García Manrique de 1390 e en latín e castelán o de 1401 de Lope de Mendoza (*id.*, 1981, 312-7), pero resulta moi peculiar que o XXXVI de 1415, o XL de 1436 e o XLI de 1439 estean en galego (*HIS*, VII, 33-34, 66-68, 70-73), que nos de 1416, 1431 e 1435 estea unha parte en galego e outra en castelán e que o de 1436 estea case todo en galego (*HIS*, VII, 35-36; García, 1981, 317-29), cando Lope de Mendoza foi un dos principais impulsores da presenza do castelán na Igrexa de Santiago. Por outra banda, nas *Actas Capitulares* das últimas décadas do XV asistimos ó cambio dunha lingua pola outra. Están en galego as de 1464 a 1482 (cf. § 14.1.1), se ben con incrustación de textos en castelán (§ 15.4.1), textos híbridos ou bilingües (§§ 17.8, 17.9); nas de 1482 hai dous textos en castelán (fols. 24 e 31) e nas de 1483 tres (fols. 40, 45, 48). Despois alternan as dúas linguas nas de 1484, 1485, 1486 e 1487; nas de 1488 domina o uso do castelán e xa nas de 1489, 1490, 1491, 1494, 1495, 1496, 1497 e 1498 temos unicamente os textos en castelán (as de 1489 e 1494 con galeguismos) (cf. § 17.3).

15.6. O avance definitivo do castelán prodúcese a partir do ano 1500, como podemos comprobar en diversos escritos. En relación con Santiago están nesta lingua o *Libro do Subsidio* de 1500 (Vázquez Bertomeu, 2003, 63-120) e documentos de 1500, coas ordenanzas dos procuradores de Galicia (*CDGH*, 317-9); de 1500 o testamento de Lope Sánchez de Moscoso, conde de Altamira, coa copia en 1504 dunhas cláusulas e confirmación polo seu sucesor dos legados que fixera a San Domingos (*CDGH*, 97-103; García Oro/Portela, 2000b, 482-509); de 1501 documento entre o mosteiro de San Martiño e o conde de Altamira (*AHD*, *San Martiño*, c. 59.11); de 1502 (García Oro, 1977, 276-8); de 1508 contrato cun mestre vidreiro para facer unha vidreira na catedral (*HIS*, VIII, 8-9); de 1509 un inventario dunha capela da catedral (*HIS*, VII, 161-71); de 1510

unha fundación (*HIS*, VIII, 9-18); s. d. as constituicións capitulares en tempo de Afonso de Fonseca (*HIS*, VIII, 19-30) e as *Actas Capitulares* de 1505 e anos seguintes; de 1512 carta do arcebispo Afonso de Fonseca ó cabido (*HIS*, VIII, 31-32) e de 1520 e 1521 outras cartas do arcebispo (García Oro, 1994, 323, 340); de 1519 e 1520 contratos con mestres (*HIS*, VIII, 36-42); de 1521 o testamento de D<sup>a</sup> Inés Martiz (*CDH*, III, 194-7); de 1521 e 1539 as ordenanzas dos correeiros (*CDH*, I, 323-9); de 1521 a anexión do mosteiro de Baíñas ó de San Martiño de Santiago (*CDH*, III, 207-9); de 1523 as ordenanzas dos acibecheiros (López Ferreiro, 1895, 496-8); de 1524 reconto das armas existentes nas fortalezas da dignidade arcebispal (*CDH*, II, 218-24) e carta do arcebispo Xoán de Tavera (*HIS*, VIII, 45-52); de 1526 do gremio dos teceláns e de 1527 do gremio dos feireiros (López Ferreiro, 1895, 646-7, 648-50); de 1527 un contrato (*HIS*, VIII, 56-58); de c. 1524 un libro co memorial de preitos do arcebispo Afonso de Fonseca III (Vázquez Bertomeu, 1999a) e de 1531 acta do cabido e testamento do arcebispo Afonso de Fonseca (*HIS*, VIII, 64-86).

15.6.1. Ademais, no *AHUS* hai moitísimos, nunha época en que se funda a Universidade e veñen xentes de fóra, como é o caso do catedrático Pedro de Vitoria. Da serie “bens” publicáronse de 1500, 1504, 1506, 1507, 1516 (de Ourense), 1523, 1524 (2), 1532 (2), 1536 (2) e 1537 (Justo/Lucas, 1991, 514-8, 519-23, 525-30, 534-6, 570-8, 580-5) e dos *Tombo*s podemos citar documentos de distintas décadas. Así, no antigo *Tombo 2º* do *Estudo Vello* hainos de 1508, 1509 (2), 1510, 1511 (2), 1514 (2), 1519, 1520 (2), 1523 (3), 1526, 1527 (2), 1528, 1530 (3), 1532, 1533, 1535, 1536 (3), 1538 (3) e 1539 (*AHUS*, A-74, núms. 1-2, 27, 34-37, 39, 42-46, 48-49, 53-55, 57, 65-66, 77, 80, 86, 102, 103; fols. 7-8, 12-16, 18, 19-20, 306-7, 414-21, 425-9, 432-3, 435, 450-1, 461-2, 464-6, 469, 473-4, 476-8, 486-9, 492-3, 510, 514, 518, 529, 605-6, 608-9, 659-60, 682-3, 728, 857-8, 861-2). No antigo *Tombo 3º* do *Hospital Vello* hainos de 1516, 1525 (3), 1527 (2), 1528 (3), 1532 (4) e 1534 (2) (*AHUS*, A-75, núms. 25-28, 30, 43-46, 53, 74, fols. 189-90, 192-4, 196, 199-201, 204-7, 211, 341, 346-8, 351-2, 387-8, 612-5) e no *Tombo 4º* do mesmo Hospital de 1520, 1525 (numerosos), 1526 (4), 1527 (3), 1528 (2), 1531 e 1532 (2) (*AHUS*, A-76, núms. 3-6, 10, 17, 20-22, 45, 48, 51, 55, 57, 59-60, fols. 20-21, 23-26, 31-92, 131, 325-31, 348-9, 351-2, 354-5, 481-2, 491-2, 499-500, 505-9, 513-4, 517-8, 520-1; faltan os núms. 58, 86, 95-98 e 100 de 1513, 1520, 1521, 1524, 1525, 1531 e 1532). No antigo *Tombo 8º* de *Sinecuras* hainos de 1514, 1515 (5), 1516 (3), 1520 (2) e 1522 (A-80, núms. 12-13, 47, fols. 338, 341-3, 346, 348-9, etc., 366-9, 977). No *Tombo 9º* aparecen de 1512, 1519, 1524, 1528, 1529, 1531, 1534 e varios de 1537 (A-81, núms. 1, 3, 68, 73, 77-78, fols. 11-12, 19-20, 1058-9, 1075-7, 1102, 1106-30). No *Tombo 10º* de 1508, 1518, 1519 (2), 1520, 1526 e 1536 (3) (A-82, núm. 8, 37-38, 58, 62, 86-88, fols. 31, 276-86, 495ss, 536, 988-91, 993-4, 996), así como outros de 1505, 1508, 1509, 1514, 1516, 1521 (2), 1424, 1525 (3), 1527, 1528 (2), 1529, 1531, 1535 (2), 1539, etc. (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 1, 12, 25, 35, 37-38, 50, 55, 90, 107-8, 110, 116, 120, 176). En documentos correspondentes ó Hospital Real

hainos de 1509 (5), 1510 (7), 1511, 1513 (5), 1517, 1518, 1519, 1521, 1522, etc. (*CDGH*, 530-42, 555-65 e ss.) e nos correspondentes a San Martiño de 1501 a 1508 e de 1500 (29, un de Valladolid), 1501 (36), 1502 (23), 1503 (27), 1504 (93), 1505 (15), 1506 (35), 1507 (3), 1508 (9), 1509 (moitos), 1510 (10), 1511 (8), 1512 (3), 1513, 1514 (3), 1515 (4), 1516 (11), 1517 (7), 1518 (8), 1519 (13), 1520 (numerosísimos), 1521 (3), 1522 (4), 1523 (numerosos), 1524 (7), 1525 (9), 1526 (15), 1527 (13), 1528 (6), 1529 (bastantes), 1530 (5), 1531 (9) e desde 1532 en diante (*AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 25r-31v, 33rv, 37r-64r, 67r-68v, 114rv, 117v, 118v, 119v, 122rv, 123v-7v, 128r-9r, 130rv, 130bisv, 131v-9v, 143v-4v, 145v-8v, 149v-52v, 153v-4r, 155v, 156r, 156v, 157r-9r, 159v-60r, 161v-3r, 163v-7r; *id.*, 466, fols. 25r-27v, 28r-37v, 40r, 50r-51r, 55r-57r, 58r, 59r-77r, 79r-97v, 99r-100v, 103r-8v, 115r-6v, 121r-8v, 131r-40v, 142r-51r, etc.; *id.*, 674, fols. 78r-150v, 2 cadernos sen numerar [fols. 1r-46r e 1r-65r], 452r-3r, 458r-529r, tres cadernos sen numerar [fols. 2rv, 4r-5v, 6v-8r, 9r, 11rv, 12v-13r, 14rv], [fols. 1r-39v] e [fols. 15r-92v]; *id.*, 703, pezas 7-8, 11-12, 14-16, 18, 20, 23, 25-27; *id.*, 1154, fols. 138r-41r, 147r-53r, 156r-7r, 181r-90r, 193r-7r, 210r-28r, 297r-306v, 311r-3v; *id.*, mazo 680; *id.*, Col. Blanco Cicerón, 74, 83, 97-98; *id.*, c. 137.54-55, 58-59; *id.*, *Documentos en papel*, 6, 15 [fols. 37-39 e 622]; *id.*, *Arquivos Familiares*, c. 2, núms. 5-17; *AHD*, *San Martiño*, c. 9, fol. 90rv; *id.*, c. 10 completa; *id.*, c. 12, fols. 463r-8v, 471r-2v, 477r-9r; *id.*, c. 57.21, 30, 44, 52; *id.*, c. 58.6, 9/1-4, 56, 67; *id.*, c. 59.17-18, 39; *id.*, c. 60.6, 12-15, 17-30, 32-37, 40-41; *id.*, c. 61.1, 3-7, 10-14, 17-19, 21-22, 24, 26, 28, 31, 33-38, 41-43, 45-49; *id.*, c. 62.1-8; *id.*, c. 63.1; *id.*, c. 78.3-4, 6-9, 11, 14; *id.*, c. 84.2, 10; *ACS*, mazo 425, fols. 53r-54r, 96r-98r, 178r-80v, 272r-7v, 280r-4r, 315r).

15.6.2. Referentes a outros mosteiros da cidade, en Bonaval temos de 1500 e 1503 (*AHUS*, 674, fols. 152r-7v); en San Bieito do Campo de 1502, 1503, 1504 e 1516 (Fernández de Viana, 1995, 134-44); en Belvís de 1501, 1508, 1509, 1522 (7), 1528, 1534, 1540 (2), etc. (*AHUS*, *Belvís*, Pergameos, 14, 16-17, 19-20, 22-31, 38-39); en San Paio de Antealtares de 1500, 1501, 1504 (18), 1506, 1510, 1512, 1520 (3), 1526, 1529 (4), etc. (*AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 113v, 118r, 119r, 121rv, 123rv, 127v, 129v, 145r, 148v-9r, 153r, 154v-5r, 155v, 156r, 157r, 159v, 160v, 163rv; *id.*, 847, fols. 51r-55r, 63r, 115rv, 127r-222r; *id.*, Col. Blanco Cicerón, *Documentos en papel*, 15 [fol. 533]; *ACS*, mazo 425, fols. 119r-20v; *AHN* 523.19; *AHD*, *San Martiño*, c. 61.18/3); en San Pedro de Fóra de 1502, 1507 e 1509 (*ACS*, mazo 425, fol. 231v; *AHD*, *San Martiño*, c. 60.38; *AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 31v); en Santa María a Nova de 1500 (2), 1508 (2) e 1524 (*AHD*, *San Martiño*, c. 44, fols. 208rv, 233v, 234rv; c. 45.1; *ACOu* 5844); en Santa Clara de 1502 (do arcebispo Afonso de Fonseca), 1523 e 1534 (*AHD*, *San Martiño*, 3; Castro, 1983, 60-61). Outros documentos de Santiago son de 1505, 1515 (da Audiencia), 1517 (Conxo), 1526 (Santa María de Lira) e 1529 (García Oro/Portela, 2003, núms. 28, 32-35).

15.6.3. Este uso progresivo do castelán pódese documentar noutros lugares da xeografía galega. Así, na provincia da Coruña temos en 1507 o testamento de Rodrigo Oso-

rio de Moscoso e dos condes de Altamira e en relación con estes condes numerosos documentos desde 1504 (García Oro/Portela, 2000b, 509-15, 599-613, 650-4, 672-96, 712-7, 720-828, 833-96, 951-91); en 1506 documento de Rui Noguerol no nome do conde de Andrade, en 1506 (2) do conde e en 1507 concordia deste conde co conde de Altamira (García Oro, 1994, 270-3, 273-4, 278-9); en 1506 da Audiencia de Galicia (*id.*, 274-7); en 1507 unha alianza entre as cidades da Coruña e Betanzos e o conde de Andrade (García Oro, 1977, 278-81; 1994, 285-7); en 1501, 1518 e 1520 da zona de Betanzos (Pardo de Guevara, 1986, 29-30; *CDH*, III, 134-5, 335-8); en 1520 (4), 1521, 1522 (2), 1523 (8), 1528, etc. cartas das cidades de Betanzos e A Coruña, algunhas dirixidas ó rei (García Oro, 1994, 315-7, 322-3, 329, 333, 343-4, 346-52, 396); en 1515 o testamento de Martín Sánchez das Mariñas (García Oro, 1986, 22); en 1518, 1519 (19 notas), 1520 (4 notas), 1521 e 1524 (3) de Bergondo (*AHD, San Martiño*, c. 54, fols. 178r-83v, 228r-63v; *AHN* 489.16; *AHUS*, 703, peza 17; *id.*, 1154, fols. 205r-6r); en 1518, 1525, 1528, etc. de Bribes (*AHN* 490.5-7); en 1530 de Caaveiro (Porta, 1986, 257-8); en 1501, 1506 (4), 1507, 1509 (2), 1510, 1511, 1516 (2) e 1522 de Cis (*AHD, San Martiño*, c. 59.12, fols. 1r-12v; *ACS*, mazo 425, fols. 113r-4v, 132r-6r); en 1523, 1530, 1534, 1544 e 1548 da Coruña (Barral, 1998, 456-67; García Oro/Portela, 1999, 176, 177-8; *id.*, 2000a, 165, 166-8); en 1506 de Dormea e en 1504 de Moraima (*AHUS, San Martiño*, 465, fols. 130bis, 156v); en 1512, 1518 e 1521 de Monfero (López Sangil, 2002, núms. 949, 951-2)<sup>62</sup>; en 1501 (contén documento de 1476), 1502, 1503 (2), 1505, 1509, 1511 (2), 1513 (2), 1515, 1517, 1518, 1519, 1523, 1524, 1533, 1534, 1537, 1539 e 1561 de Muros (*Libro da Colexiata*, fols. 44v-52r, 53v-54v; *Luminaria*, fols. 30v-37r; *Mazo 1*, fols. 2rv, 4rv, 6rv; *Mazo 2*, fols. 1r-2r, 4v, 6r, 11rv, 13r, 14r, 19r-21r; *Papeis*, fols. 19r, 49r); en 1500, 1501, 1502, 1504, 1505, 1506?, 1508, 1509, 1510 (5), 1511 (4), 1515, 1519, 1521 e 1523 (10) de Sobrado (*AHN* 549.10, 554.13, 17, 22, 555.1-3, 9, 11-15, 17-19, 22; *ARG*, núms. 441-55; García Oro/Portela, 2003, núms. 29-30); en 1516 (3), 1520 (2), 1521 e 1530 de Toques (*AHUS*, 1154, fols. 169r-71v; *AHD, San Martiño*, c. 60.[51]; c. 62.10) e un de Toledo de 1511 (*AHN* 554.11).

15.6.4. Con referencia a nobres e ás súas disputas co arcebispado vemos como se presenta en Valladolid en 1512 un documento no nome do arcebispo de Santiago, en 1514 (3) un documento do procurador do conde de Andrade, coa resposta do procurador do arcebispo e a réplica do conde, e despois preséntanse documentos en 1527 (2), 1528 (2), 1529, 1531 (3) e posteriores (García Oro/Nóvoa Gómez, 2000, 82-120). Hai outro en castelán de 1512 (*id.*, 153-4) e de D. Fernando de Andrade e outros nobres pódense citar documentos de 1511, 1515, 1516 (2), 1517 (2), 1520 (2), 1521 (bastantes), 1525, 1528, 1529, 1530 (2), 1537 (3) (un deles o testamento de Ares Pardo das Mariñas e un codicilo), 1538 (2), 1540, etc., moitos do conde dirixidos ó rei ou a personaxes foráneos

<sup>62</sup> Hai outros documentos de 1500, 1506, 1509, 1511, etc. que poden estar en castelán, pero López Sangil, 2002, núms. 935, 940, 945, 948, non indica a lingua. Cf. notas 14, 32 e 59.

ou estando el fóra de Galicia (Vaamonde Lores, 1915, 193-200, 202, 233-5, 244-50, 287-8, etc.; *id.*, 1916, 183-4, 203-11, 230-8, 254-61, 286-90, 291-3; García Oro, 1994, 296, 306-8, 312, 314-5, 318, 329, 334-40, 341, 354-5, 398, 403-4, 409-17, etc.); en 1515 resposta dos procuradores de Galicia ó rei (García Oro, 1977, 282-3); en 1518 (e traslado en 1524) a sentenza de morte contra Pedro de Soutomaior e outros (*CDH*, I, 125-33); en 1520 carta da condesa de Lemos ó Emperador, no mesmo ano dos cabaleiros de Galicia, en 1522 de Diego Sarmiento, rexedor da Coruña, estando en Valladolid, ou en 1527 de Teresa de Andrade, filla do conde, feita nesta mesma cidade (García Oro, 1994, 324-8, 344-5, 392-4), e en 1523 o testamento de D. García Sarmiento e Meira, señor de Sobroso e Salvaterra (Domínguez Rodríguez, 1997, 204-14).

15.6.5. En Lugo hainos de 1509 (2), 1512 (2), 1513, 1514 (2), 1519, 1521, 1525, 1528, 1530, 1533 e posteriores (*CDH*, III, 222-4; *AHN* 1338.11,14-15,18-21, 1339.3-5,7, etc.); en Santa María a Nova de 1513 e 1515 (*AHN* 1125.12, 1324bis24); en Cervo un de 1527 (García Oro-Romaní, 1989, 247-9); en Chantada de 1510 (8), 1511, 1512 (2), 1513 (2), 1515 (2), 1516 (4), 1518 (5), 1519 (3), 1520 (2), 1523, 1524 (2), 1525, 1526, 1527 (4), 1528 (2), etc. (*AHN* 1079.15,17-22,24, 1080.1,3-20, 1081.3-15); en Ferreira de Pallares de 1502, 1529 e 1544 (Rey Caiña, 1993, núms. 648, 663, 674); en Ferreira de Pantón de 1528 (Fernández de Viana, 1994, 287-8); en Meira de 1505, 1508, 1509, 1510, 1511, 1514 e 1521 (Mariño Veiras, 1983, 193, 225, 231-2, 349, 350, 381, 423; *AHN* 1182.21; *ARG*, nº 63); en Mondoñedo aparece en 1506 unha carta do bispo Diego de Muros ó seu irmán (*HIS*, VIII, 6-7), sínodos de 1502, 1522, 1534, 1541 e 1547 (García, 1981, 43-87) e outros documentos de 1500, 1501, 1503, 1508, 1509, 1511 (2), 1516, 1522, 1523 e 1525 (*AHN* 1196.19-21; Cal Pardo, 1990, 92, 611-5); en San Vicenzo de Monforte de 1500 (4), 1503 (4), 1508, 1509 (3), 1512 (2), 1513 (6), 1514 (3), 1515 (3), 1516, 1517 (2), 1518 (2), 1520, 1521, etc. ata 1534 (*AHN* 1210.10-13,19-20, 1211.2-3, 11,13,16, 1212.1-2,5-15,19-20, 1213.2-4bis,6-18); en Penamaior (só dispoño dunha carpeta) de 1523 (2), 1525 (4), 1526 (3), 1527, 1528 (3), 1532 e 1539 (*AHN* 1237.5-18; os núms. 3 e 4, de 1515 e 1522 respectivamente, resultan ilexibles na fotocopia); en Pombeiro de 1508, 1510, 1511 (*AHPOu*, Pergameos, Pombeiro, núm. 39; *ACOu* 5581, 5614, que non citan Lucas/Lucas) e 1526 (Lucas/Lucas, 1996a, 354-5), ademais doutros de 1531 (2), 1536 e 1542 (*ACOu* 5894, 5897, 5942, 5977), que Leirós, 1951, atribúe falsamente a Santo Estevo de Ribas de Sil; en Samos de 1500 (3), 1502 (2), 1503 (8), 1504 (5), 1505 (15), 1506 (22), 1507 (35), 1508 (17), 1509 (28), 1510 (20), 1511 (14), 1512 (37), 1513 (3), 1514 (9), 1515 (7), 1516 (6), 1517 (8), 1518 (10), 1519 (6), 1520 (4), 1521 (5), 1522, 1523 (6), 1524 (8), 1526 (2), 1527 (8), 1528 (5), 1529 (4), 1530 (2), 1531 (7), 1532 (2), 1533 (5), 1534 (4), 1536 (7), 1537 (4), etc. (*AHN* 1301.2, 1302.8-10bis,18, 1303.1-20, 1304.1-5,7-22, 1305.1-21, 1306.1-20, 1307.1-21, 1308.1-20, 1309.1-19, 1310.1-21, 1311.1-18, 1312.1-20, 1313.1-21, 1314.1-3,5-13,16-20, 1315.1-23, 1316.1-9, 11-20, 1317.1-15,17-22, 1318.1-18, 1319.1-2), moitos deles con palabras ou frases en galego; en Sarria de 1502 e 1510 do conde de Lemos e 1527 da condesa (López Arias,

1996, 121-2, 124-5, 131-2) e outros de 1508, 1509, 1512, 1514 (é prior do mosteiro o licenciado frei Álvaro de Tojeros, “bachiller”), 1521 (2), 1524, 1525 e 1526 (2) (*id.*, 122-4, 125-31); en Torbeo de 1504, 1516, 1522, 1526, 1528, 1529, 1530 e 1532 (*AHN* 1324.6,8,10-15); en Vilanova de Lourenzá de 1505 e de 1510 en diante (*AHN* 1120.4, *AHN*, Códices, 181B, fols. 32 a 68); en Vilardonas un inventario sen data e visitacións de 1501 e 1503 (Novo Cazón, 1986, núms. 203, 206-7); en Vilourente de 1516 e 1522 (Graña, 1990, 460-4); en Viveiro moitos a partir de 1518 procedentes de Castela (García Oro/Romaní, 1989, 103 e ss.) e dos Franciscanos de 1524 (2) e 1538 (Castro, 1989, 572-85). Tamén en 1504 o conde de Lemos dá unhas ordenanzas ás súas terras (*CDH*, I, 97-100), en 1507 hai un concerto do conde de Lemos co conde de Caserta (García Oro, 1994, 277-8) e en 1515 e 1523 documentos do pazo de Ludeiro (Cabana Outeiro, 2003d, 49-52).

15.6.6. Na cidade de Ourense témo-los sínodos de 1501, 1509, 1510, etc. (García, 1981, 141-256) e documentos de 1500 (4), 1502 (3), 1503 (7), 1504 (3), 1505 (4), 1506 (2), 1509, 1510 (3), 1511 (3), 1512, 1515 (2), 1516, 1517, 1520, 1521 (5), 1522 (4), 1523 (6), 1524, 1525, 1526, 1527, 1528 (3), 1529, 1530 (3), 1531, 1532 (2), 1533, 1535, 1536 (3), 1539 (5), 1542, 1544, 1548 (2), etc. (*ACOu*, *Fábrica* II, 635-7, 641, 644; *Clérigos de Coro*, 5, 108, 124; *Fábrica e Capelas* I, 14, 59-60, 63-64; *Bispo e Dignidades*, 23, 83r-84r; *Escrituras* I, 38; III, 7-9, 11, 14, 20, 27-28; IV, 2; VII, 61r-62r; XI, 83r-89v, 106-7; XV, 14, 29, 37, 38; XVII, 22; XVIII, 32; XIX, 76, 480-1, 487; XX, 53, 84, 119, 120, 273, 274-8, 281; XXII, 184; XXIII, 2, 3, 142; XXIV, 240; *DACO*, 1917, 464-8; *DACO*, 1923, 6-11, 14-23, 23-53, 54; Ramón/Duro Peña, 1967, 553-4; Martínez Sueiro, 1911, 155-7; Seca, 1929, 417-8); en 1516 (en traslado de 1577) o testamento de D. “Donís” de Portugal, fillo do duque de Braganza (*CDH*, I, 165-76). Noutros lugares da provincia, en Allariz un de 1514 (Rodríguez Núñez, 1993c, 357-9); en Asadur un de 1523 e seguramente outros de 1522, 1523 e 1542 que se citan sumariados (Duro Peña, 1973b, 351-3); en Celanova de 1500 (14), 1501, 1502 (8), 1503 (9), 1504 (3), 1505, 1506 (4), 1507 (3), 1508 (4), 1509 (5), 1510 (4), 1511 (3), 1512 (6), 1513 (2), 1514 (4), 1515 (3), 1516, 1517 (2), 1518 (4), 1519 (5), 1520 (6), 1521 (2), 1522 (9), 1523 (7), 1524 (3), 1525 (4), 1526 (3), 1527, 1528 (6), 1529, etc. (Vaquero Díaz, 2004, 956.xxxvii-xlv, 961, 963, 965, 967-8, *ACOu* 5431, 5442-4, 5447-50, 5458, 5466, 5469-70, 5472-3, 5477-8, 5480-1, 5485, 5492, 5495, 5515, 5522, 5524, 5531, 5533, 5550, 5561, 5569, 5573, 5578, 5590, 5592, 5603-6, 5609, 5630, 5632, 5636, 5639, 5645, 5654, 5656, 5659, 5668-70, 5677, 5680, 5687, 5698-5700, 5703, 5708, 5712, 5721, 5738, 5745, 5755, 5757-9, 5763, 5766, 5768, 5770-1, 5773-5, 5779-81, 5784, 5792, 5797, 5799, 5802-6, 5808-9, 5812, 5814-20, 5836, 5842, 5847, 5849, 5852, 5855, 5858-60, 5865, 5867, 5871, 5874-5, 5877-8, 5882, 5885; Ferro, 1967, I, 214); en San Martiño da Cova de 1501, 1517 (3) e 1524 (*AHN* 1066.4,10-13); en Melón de 1502, 1503 (2), 1506 (2), 1507, 1508 (5), 1510, 1512, 1521, 1522, 1525, 1528 (2), 1538, etc. (*AHN* 1479.19; *ACOu* 5454, 5471, 5475, 5523, 5542, 5563, 5572, 5574-6, 5588, 5633, 5664, 5788,



5813, 5848, 5880, 5883, 5948); en Montederramo de 1503 (do meiriño e rexedor de Allariz), 1512, 1516, 1517, 1519, 1520, 1526, 1528, 1531, etc. (núms. 1810, 1845, 1849, 1851-54, 1856-7); en Santa Comba de Naves de 1500, 1503, 1504, 1507, 1511, 1513, 1515, 1520, 1522, 1523 (4), 1528, etc. (*ACOu* 5421, 5479, 5489, 5566, 5652, 5691, 5709, 5778, 5810, 5821-4, 5876); en Oseira varios de 1502, 1503, 1506, 1508, 1514, 1515, 1516, 1517, 1519, etc. (*ACOu* 5452, 5460, 5544, 5711, 5715, 5727-8, 5736, 5740-1, 5749, 5751, 5754, 5764, etc.; *AHN*, carpetas 1557, 1558; Cid, 1921, 304-7); en San Pedro de Rochas de 1501, 1517, 1525, 1532, 1533 (2), 1535, 1536 e 1539 (*ACOu* 5358, 5427, 5857, 5921-2, 5933, 5939, 5955); en San Clodio do Ribeiro de 1520, 1521 (2), 1524 (2), 1525, 1530, 1531 (3), 1532, 1533 (2), 1535 (2), etc. (*ACOu* 5776, 5886-7, 5796, 5834, 5837, 5850, 5887, 5892, 5899, 5915, 5919, 5923, 5930, 5935); en Santa Cristina de Ribas de Sil de 1534 (Fernández Suárez, 1974, núm. 139); en Santo Estevo de Ribas de Sil de 1509 (4), 1510, 1512, 1513 (2), 1514, 1515 (2), 1516, 1519, 1520, 1521 (2), 1523, 1524 (2), 1525 (3), 1528, 1529, 1530, 1531 (3), 1533 (3), 1534, etc. (*ACOu* 5595, 5608, 5610-1, 5618, 5675, 5685, 5694, 5707, 5716, 5719, 5734, 5746, 5769, 5782, 5791, 5798, 5825, 5835, 5853-4, 5879, 5886, 5893, 5906-7, 5917, 5920, 5924, etc.; *AHPou* 46-49); en Sobrado de Trives de 1512 (Martínez Sáez, 1989, núm. 409) e outros<sup>63</sup>; en Vilaza de 1523 (Duro Peña, 1986, 448-53); en Xunqueira de Ambía de 1500, 1521, 1529, 1535. etc. (*ACOu*, *X. de A.*, núms. 77, 85-87); en Xunqueira de Espadañedo de 1511 (2), 1513, 1514, 1522, 1524 (7), 1526, 1530, 1531 (2), 1532, etc. (Pereira Ferreiro, 1979, núms. 95-96, 99, 101, 105-18; comprobei os de *ACOu* 5650-1, 5681, 5702, 5807, 5829-33, 5891, 5900-1, 5914, etc.). Engadamos en 1505 o segundo testamento do conde de Monterrei feito en Zamora e un traslado del (*CDGH*, 324-47; Vázquez López, 1997, 255-75); en 1500 unha carta dunha filla do conde feita en Valladolid, (García Oro, 1994, 263-4) e en relación con Ribadavia cartas procedentes de Castela de 1501 e 1503 (Fernández Suárez, 2002, 563-71); en 1508 o testamento de Juan Pimentel, señor de Viana e de Pobra de Seabra, feito en Benavente; no mesmo ano un documento de Juana de Castro, muller do anterior e nai da condesa de Ribadavia, feito en Valdeorras; en 1519 o testamento de María Pimentel de Castro, condesa de Ribadavia, tamén feito en Valdeorras (Fernández Suárez, 2002, 571-87) e un documento de Francisco de Zúñiga feito en Madrid en 1510 (Vázquez López, 1997, 278-85).

15.6.7. Na cidade de Pontevedra hai un documento de 1517 (“Documentos”, 1951, 143-5); en Santa Clara de 1520 (2) e 1524 (*AHN* 1857.7-9) e no Tombo do Hospital de Santa María do Camiño de 1501 (2), 1507, 1522, 1525 e posteriores (Comesaña, 1995, núms. 28-29, 39, 43-44, 46-51). Noutros lugares da provincia, en Aciveiro de 1513, 1534 e posteriores (Vaquero Díaz, 1999, núms. 9-10, etc.); en Carboeiro de 1503, 1520 e 1527 (*AHUS*, *San Martiño*, 465, fol. 116r; *ACS*, mazo 425, fols. 70r-71v, 260r-5r); en

<sup>63</sup> Martínez Sáez, 1989, núms. 383-4, 397, 399-400, 405, 407-8, di que están en castelán documentos de 1502, 1503, 1508, 1509 (3), 1511 e 1512, pero non os transcribe por estaren mal conservados. É probable que moitos deles sexan híbridos.

Oia de 1502 (6), 1503 (6), 1504 (2) e 1505 (2) (*AHN* 1850.5-9,11-17,19-22); en Poio de 1503, 1507, 1510, 1511, 1516, 1519 e 1532 (*AHN* 1872.12-13,15-17); en Tui de 1502, 1505, 1506 e 1507 (2) (Galindo Romeo, 1923, núm. XXVIII; Vila-Botanes, 2001, 313-6), así como sínodos de 1526, 1528, 1529 e 1530 (García, 1981, 391-538); en Vilagarcía en 1508 un foro do mosteiro de San Martiño ó señor de Vilagarcía, así como outro documento de 1534 (Bouza, 1965, 111-31). Tamén hai cartas de Diego de Muros III, bispo de Tui ou xa de Oviedo, dirixidas ó Consejo Real, ó rei, etc., moitas escritas fóra de Galicia, de 1506, 1510, 1512, 1513, 1514, 1515, 1516, 1517, etc. (García Oro, 1975 ou 1976, 115-35, 139-42).

15.6.8. Outra particularidade destacable é que, en confirmacións ou ampliacións de contratos feitas no XVI de documentos galegos anteriores, xa se utiliza como norma o castelán. Citarei só uns exemplos: en documentos de Lugo escríbese en 1506 en castelán a confirmación dun documento en galego de 1495, en 1526 e 1527 hai acrecentos a un documento de 1472, en 1517 a un híbrido de 1510 e en 1541 a outro en galego de 1488 (*AHN* 1337.15, 1336.14, 1338.12, 21); en Santa María a Nova nun en galego de 1484 hai un engadido de 1510 en castelán (*AHN* 1125.9); un de Castro de Rei de 1498 ten no dorso un documento en castelán de 1549 (Duro Peña, 1972b, 44-45); en Ferreira de Pallares a un de 1482 engádese algo en castelán en 1529 e a outro do mesmo ano algo en galego en 1501 e en castelán en 1586 (Rey Caiña, 1993, núms. 648, 650); un de Oia de 1493 leva unha nota de 1540 en castelán (*AHN* 1849.11); en Samos pónense notas en castelán en 1508 nun documento de 1468, en 1511 en documentos de 1480, 1488 e 1499 e en 1520 en documento de 1488 (*AHN* 1294.12, 1298.5, 1300.11-12,15, 1302.7), etc.

16. O paso ó castelán leva consigo a castelanización paulatina dos nomes, apelidos e topónimos, por máis que debemos ter en conta que esta castelanización se viña facendo desde o propio século XIII, que nela participaban os propios reis e que, ás veces se facía de maneira disparatada, como nunha carta de Henrique II a Pedro Ruiz Sarmiento, adiantado maior de Galicia, confirmada por Xoán I en 1379, onde se escribe “Rocos” por “Roucos” (González Pérez, 1983, 122). Esta castelanización lévana a cabo primeiramente os que mandan cartas en castelán desde fóra de Galicia, despois continúa os foráneos establecidos en Galicia e máis tarde os propios galegos. Só para indicar unhas mostras citarei unha carta de 1381 (nun traslado en galego de 1448) de D. Pedro, “conde de Trastamara, de Lemos et de Sarria, del Bollo et de Uiana et señor de Monforte” (Lucas/Lucas, 1996a, 101); outra de Pedro Ruys Sarmiento, adiantado maior, feita en “Puerto Marín” en 1372 (Portela/García Oro, 1997, núm. 720); unha de Sobrado de Trives de 1440 que empeza “En Lamaluenga, que es en tierra del Bolo”, aínda que máis abaixo di “Lamalonga” (Martínez Sáez, 1989, núm. 277); unha carta do arcebispo de Santiago feita nada menos que en “Redondiela” en [¿1385?] (González Balasch, 1987a, núm. 364) ou un híbrido de Bergondo de 1503 coa forma inventada “Verguendo” (*AHUS*, 466, fol. 42r). Pero tamén hai moitos casos de documentos escritos en castelán

que conservan o topónimo en galego, como nun de Celanova de 1498 que empeza “En la villa de Salvaterra” (Vaquero Díaz, 2004, núm. 946).

17. A substitución dunha lingua pola outra estivo repleta de problemas e deu lugar a un conflito lingüístico durante varias décadas, nas que abunda o bilingüismo e o hibridismo na documentación. A época máis trágica témola no reinado dos Reis Católicos (cf. § 3.3.1), cando penetra máis xente foránea na nosa terra e os notarios teñen que examinarse en castelán. Entón desenvólvese o proceso de inversión, que leva á desaparición do galego da escrita, pasando primeiramente por unha época de interferencia entre as dúas linguas. Lembrémo-lo que ocorre modernamente e comprenderémo-la situación á que se chegou na Idade Media. Hoxe, cando un galegofalante que non domina ben o castelán se quere expresar nesta lingua, comete moitos erros e inza a lingua allea de galeguismos. En sentido inverso, cando un galego castelanfalante (pois xa hai galegos que son monolingües nesta lingua) se quere expresar en galego, écheo de castelanismos ou inventa formas inexistentes. Algo semellante ocorreu ó final da época medieval, en que alternan as dúas linguas na escrita e se produce un feito paralelo ó que acontecera no século XIII coas interferencias entre o latín e o romance emerxente.

17.1. En textos do XV e comezos do XVI podemos atopar toda clase de combinacións, algunhas delas coñecidas xa de maneira esporádica no XIII ou no XIV. Hai notarios e escribas que aínda dominan ben a lingua e escriben nun galego bastante correcto, pero outros teñen dificultades. Así, por unha banda, cada vez con maior frecuencia, achámola presenza de castelanismos nos textos galegos, porque os escribas coñecen, máis ou menos, o castelán e introducen de cando en vez algunhas palabras ou frases nesta lingua nos seus textos ou porque se trata de documentos non orixinais, transmitidos por copias feitas nunha época en que xa dominaba o uso do castelán na escrita. Por outra, hai escribas e notarios que se queren instalar no castelán e se esforzan por utilizalo, sen chegaren a dominalo, razón pola cal aparecen nos seus textos palabras e frases en galego. Ademais, chega a darse o caso de que algúns escribas e notarios non son capaces de separa-las dúas linguas e o resultado é a existencia moi frecuente de documentos que presentan unha forma híbrida, coa mestura dos dous idiomas. Outras veces a combinación realízase poñendo unha parte do documento en galego e a outra en castelán. Un caso ben pintoresco témolo no manuscrito da *Crónica Xeral de 1404* conservado na *Hispanic Society of America* (ms. B. 2278), o coñecido como manuscrito *Vindel*, no que o escriba comezou por facer unha tradución ó castelán, con moitos erros e formas hipercharacterizadas, e despois de bastantes folios cansouse desta tentativa e seguiu copian-do o texto da Crónica en galego (Pérez Pascual, 1991; Lorenzo, 1993a; 2000). Vexamos sucintamente as distintas combinacións.

17.2. *Textos en galego con castelanismos*. Son numerosos e sería unha ousadía querer indicalos todos, polo que me limitarei a mostrar bastantes exemplos de toda a xeografía galega. En Santiago, nas *Actas Capitulares* da catedral hainos, entre outros, de

1467 (2), 1474 (6), 1476 (5), 1477, 1478, 1479 (2), 1480 (2) e 1481 (Vázquez Bertomeu, 1996, Apéndice, fols. 21r, 27v, 149r, 153v, 156r, 162r, 167v-8r, 193r, 194r, 195rv, 199v, 221r, 238r, 254v, 255v, 278r, 281r). En San Paio de Antealtares temos un de 1488, cunha concordia entre o mosteiro de San Paio e o representante do conde de Altamira (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 64); outro de 1491, cun poder de Afonso Yanes d'España a favor da súa muller, no que o notario apostólico Fernán Suárez escribe no mesmo ano outro documento en castelán (*A-81*, núm. 75, fol. 1088 e 1089), e tamén de 1464 (trasladado en 1483), 1466 (trasladado en 1496?), 1478, 1480, 1481 (2, un trasladado en 1496 e outro máis tarde), 1483 (22), 1484 (2, copias), 1485 (copia), 1487, 1489 (3, copias), 1490, 1494, 1496, 1500 e 1505 (2) (*AHUS*, 674, fols. 52rv, 55r-56v, 57r-58r; *id.*, 897, fols. 15v, 16r, 20r, 25r, 27v, 37r, 65v, 79v, 81r, 99v, 113v, 116bisv, 129r, 142v, 144r, 145r, 147v, 148v, 149v-51r, 156v, 158v, 176r, 232r-8v, 242r-4v [ou 236-7], 289r-90r [ou 256]; 1154, fols. 107r-17r; *id.*, Col. Blanco Cicerón, 91, 94; Justo/Lucas, 1991, 513-4; *AHD*, *San Martiño*, c. 58.66,77; c. 86.19/2,28/2-3; *ACS*, mazo 425, fols. 121r-3r) e referentes a Noia de 1526 (2) e 1529 (*AHUS*, *Arquivos Familiares*, c. 1, núms. 23, 25). En San Bieito do Campo de 1475 e 1480 (Fernández de Viana, 1995, 119-20, 126-9). No mosteiro de Belvís documentos de 1486, 1493 e 1497 (*ACB*, mazo 22.1, 47.9; *AHUS*, *Belvís*, Pergameos, 50/3) e no de Bonaval de 1422 (en traslado de 1500) e 1503 (*AHUS*, 674, fols. 152r-7v; *AHD*, *San Martino*, c. 48.27). No de San Martiño de 1404, 1421 (3), 1423, 1424, 1425, 1430, 1432, 1434, 1442, 1462, 1465, 1467, 1476, 1485, 1486, 1487, 1489 (2), 1490, 1493 (3), 1494 (26), 1495 (23), 1496 (73), 1497 (19), 1498 (3), 1499 (4), 1501 (2), 1503 (6), 1505, 1508 e 1512, moitos deles copiados posteriormente (*ACS*, mazo 425, fols. 85r, 177rv, 188r; *AHD*, *San Martiño*, c. 9, fol. 88r; c. 58.9/13,23,29,58,75; c. 60.36; 61.3; c. 84.13/3-4,6,8,14-16,18-22; c. 88/7, fols. 29v, 30rv, 31v-32v, 32v-33r, 36v-37r, 38rv, 40v, 42rv, 43v-44r, 47v-48r, 49r, 50rv, 51v-52v, 53v-54r, 55rv, 58rv, 59v, 61v-62r, 63v-64v, 66r, 66v-67r, 68v-69r, 70r, 74r, 74v, 79v-80r, 80r-81r, 81v-82r, 104r, 104v, 106r-9r, 109v-10v, 111rv, 111v-2v, 113rv, 114r-6r, 117r-8r, 119rv; *AHUS*, Col. Blanco Cicerón, *Documentos en papel*, 15[fols. 1-2,15-22,24-27],17; *AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 35rv, 104r, 105v-6r, 107rv, 108r, 140r, 141v, 142v-3r, 168r-9v, 171v-3r, 182r-6v, 189v-90v, 194r-203v, 215r-7v, 225v-6v, 229v-30v, 255v-6v, 258v-9v, 266r-8v; *id.*, 466, fols. 1v-7v, 9r, 9v-11v, 12rv, 13v-14r, 14v-16v, 19r, 19v-20r, 20v-21r, 39rv, 40rv, 46r-47r; *id.*, 897, fols. 199r-200r, 217r-20r, 240rv [ou 235], 245r-6r [ou 238], 270rv [ou 252], 275r-86v [ou 255]; 1154, fols. 142r-4r). En San Pedro de Fóra de 1470 (é copia), 1472, 1473 (2), 1483, 1484 (3), 1485, 1486, 1488, 1490 (é copia) e 1492 (*AHD*, *San Martiño*, c. 9, fols. 22r-24r, 34v-35r, 78rv, 122r-3r, 125r-6v; c. 57.19; c. 58.62,84,89-90; c. 86.6,28/2; *AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 180v-2r).

17.2.1. Noutros lugares da provincia da Coruña temos no mosteiro de Bribes de 1497 e 1498 (*AHD*, *San Martino*, c. 54, fols. 470r-1v); no de Caaveiro un de 1495 e outro de 1502 (Fernández de Viana/González Balasch, 2002, 403-4, 406-7); no de Ber-

gondo de 1503 (*AHUS*, 466, fol. 40r); no de Cis de 1472, 1474 (é copia), 1481 (é copia e contén carta dos Reis Católicos e do abade en castelán), 1482, 1488 e 1502 (*ACS*, mazo 425, fols. 88r-89r, 134r-6r; *AHD*, *San Martiño*, c. 54. fols. 26r-27r, 60rv, 86r-89v; c. 60.31; Lucas, 2004, 723); no de Monfero un de 1501 (López Sangil, 2002, 936); en Montefaro de 1500, 1504, 1506 (2) e 1512 (2, un con partes híbridas) (*AHN* 511.13-14; Souto Cabo, 1998, 219-25); en Muros un de 1490 (*Libro da Colexiata*, fol. 32v) e un traslado dun documento de 1479 (*Papeis*, fol. 74r); en Muxía un de 1493 (*CDH*, IV, 73-76); no mosteiro de Soandres un de 1470 (copia) (*AHUS*, 897, fol. 272rv [ou 253]); no de Sobrado de 1488, 1489 e 1500 (Martínez Salazar, 1911, 159-61; *AHN* 553.20, 554.15) e no de Toques de 1493 e 1496 (*AHD*, *San Martiño*, c. 58.76,78).

17.2.2. En Lugo nos referentes á catedral hainos de 1440, 1479 (2), 1480, 1482 (7), 1483 (2), 1484, 1485, 1486 (3), 1487, 1488, 1490 (2), 1491 (4), 1492, 1495 (3), 1496 e 1499 (2) (Portela, 1998, 202-2, 477-8, 483-4, 501-3, 523-32, 536-8, 547-8, 558-60, 564-6, 572-5, 578, 582-5, 604-6; *AHN* 1337.4-13, 15, 1338.6) e en mosteiros no de Castro de Rei de 1482 e 1491 (Duro Peña, 1972b, 40-41, 43-44); no de Chantada de 1492 (3), 1494, 1499 (2), 1504, 1506 e 1510 (3) (*AHN* 1078.5-7,10,17-18, 1079.4,7,13, 16,23), en ocasións con formas estrañas como “mandamos a lo notario”, “çynquo días andados *delo* mes de *yanero*” en 1499 (*AHN* 1078.16); en San Martiño da Cova de 1414 e 1479 (*AHN* 1065.6,14); no de Ferreira de Pallares de 1463 (en traslado sen ano escrito en castelán con galeguismos), 1509 e 1514 (Rey Caña, 1993, núms. 640, 667, 670); no de Ferreira de Pantón varios de finais do XV e do XVI (cf. § 14.2), en Meira, por exemplo, de 1488 (Mariño Veiras, 1983, 226); na catedral de Mondoñedo de 1456, 1473, 1483 e 1485 (2), un deles cunha carta do oidor da Audiencia en castelán (Cal Pardo, 1999, 318-24, 404, 417-8, 421-3; Mayán, 1960, 105-6); en Monforte de 1488, 1515, etc. (*AHN* 1209.1, 1212.17); no de Pedroso un de 1506 (Cal Pardo, 1984, 311-3); en Órrea de 1487, 1490, 1491, 1492, 1493 (3) e 1494 (Cal Pardo, 1985, 69-79); en Pombeiro de 1506, 1509 e 1512 (Lucas/Lucas, 1996a, 352-4); en Torbeo de 1494 e 1495 (*AHN* 1324.4-5); en Vilanova de Lourenzá de 1481, 1484, 1492 e 1495 (*AHN* 1117.12, 1119.17, 1120.7, 19); en Vilaronas de 1496 e noutros (Novo Cazón, 1985, 156-7; 1986, núm. 192) e en relación con Viveiro de 1478, 1487 e 1488 (Cal Pardo, 1991, 217-9, 222-5). Ademais, hai un de 1492 co testamento de Diego de Lemos, moi castelanizado por estar nun traslado realizado posteriormente por notario de Chantada (Martínez Sueiro, 1915, 109-11, 121-8, 135-43), no pazo de Ludeiro (Lugo) un de 1502 (Cabana Outeiro, 2003d, 52-53) e nos Dominicos de Lugo escríbese en 1514 un en castelán con galeguismos que reproduce outro do mesmo ano en galego con castelanismos (*AHN* 1125.18).

17.2.3. Na catedral de Ourense, entre outros, de 1459 (castelanizado porque está trasladado en 1512), 1478, 1479, 1480, 1484, 1498, 1499, 1500, 1502, 1503, 1504, 1506, 1508 (2), 1511 (3), 1513 (5), 1514, 1516 (2), 1525 e en documentos de 1486 e 1487 que un notario saca das notas doutro en 1495 (*ACOu*, *Clérigos de Coro*, 2, 94, 110; *Escrituras* VII, 7, 8, 10, 13; XIV, 127-8; XVIII, 6, 8, 9, 11, 18; XIX, 372; XX, 1, 5, 63, 80, 87, 311;

*Fábrica e Capelas* I, 33, 34, 40-41, 49; *DACO*, 1923, 14; Leirós, 1953-1954, 60-61, 99-101), así como en *Padróns* de Ourense (cf. §§ 14.3, 17.9.4) de 1490 e 1496 (López Carreira, 1995, 170-7, 246-55; 1998a, 697-8) e textos de 1484 (14) e 1487 (Ferro Couselo, 1967, II, 160-1, 199, 201, 235-7, 365-9, 476-7). En mosteiros, no de Celanova de 1481, 1491 (6), 1493, 1494, 1496, 1497 (2), 1498, 1499 (2), 1500 (5), 1501 (2), 1502, 1504, 1505, 1506 (2), 1509 (2), 1518 e 1521 (Vaquero Díaz, 2004, núms. 724, 840-3, 845-7, 863, 892, 918, 924, 928, 950, 957-9, 962, 964, 966; *ACOu* 5415, 5428, 5432, 5445, 5493, 5516, 5521, 5532, 5597, 5600, 5760, 5795), así como de 1519 e 1520 (Ferro Couselo, 1967, I, 220-4), do mesmo notario que fai documentos híbridos (cf. § 17.8); en Melón de 1496 e 1497 (2) (*AHN* 1479.7-8; *Tombo de Fr. L. Pérez*, fol. 99r; Cambón, 1958, núm. 990); en Montederramo de 1465, 1484 (2) e 1499 (núms. 1688, 1767, 1768, 1807) e tamén en documentos escritos polo notario apostólico Rodrigo (ou Roí) Díiz de Neira de Jusao en 1494, 1495 (2), 1498 (5) e 1499 ou por Fernando Gonçalves Ougea en 1513 (núms. 1794-6, 1800-4, 1806, 1846); en Santa Comba de Naves de 1484, 1492, 1493 (2), 1494 e 1513 (*ACOu* 5099, 5266, 5302, 5304, 5306, 5697); en Oseira de 1492, 1495, 1500, 1502, 1503, 1504, 1506 e 1507 (2) (*ACOu* 5284, 5346, 5422, 5435, 5461, 5567; *AHN* 1556.15-16,18); en San Domingos de Ribadavia de 1494 (ten parte en galego con castellanismos e parte híbrida), 1503 (incluído en documento en castelán de 1522) e 1507 (2: un moi castellanizado e outro en traslado posterior en castelán) (Enríquez Paradela, 1987, 93-99); en Santa Cristina de Ribas de Sil de 1482 (Fernández Suárez, 1974, núm. 131); en San Clodio do Ribeiro de 1494, 1502, 1507, 1510, 1511, 1512 (3), 1513, 1514, 1515 (3), 1516 (3), 1517 (3) e 1532 (Lucas/Lucas, 1996b, 723; *ACOu* 5312, 5546, 5620, 5672, 5679, 5682, 5705, 5714, 5724-5, 5735, 5737, 5739, 5743, 5756; *ACOu* H.7; Ferro Couselo, 1967, I, 215-7, 227-8); en San Pedro de Rochas de 1497, 1500, 1501, 1504 (3), 1505 (3) e 1506 (*ACOu* 5370, 5412, 5427, 5486-7, 5494, 5507, 5509-10, 5518); en Samos de 1486, 1487, 1488 (4), 1489 (2), 1490 (2), 1493 e noutros (*AHN* 1300.6-7,10-12,16,19, 1301.3,4bis-5,7); en Sobrado de Trives de 1442 e 1477, de non seren malas lecturas (Martínez Sáez, 1989, núms. 281, 353); en Vilaza de 1489 (Duro Peña, 1986, 446-8) e en Xunqueira de Espadañedo de 1490 (3), 1491, 1492, 1493 (2, un en copia do XVII), 1494, 1496, 1505 (2), 1507 (8) e 1510 (*ACOu* 5218-20, 5252, 5272, 5303, 5321, 5355, 5512-3, 5553-60, 5623; Pereira Ferreiro, 1979, núms. 55-57, 59-61, 64, 68, 76-77, 80-87, 91).

17.2.4. En Pontevedra en 1439 o testamento de Tareixa Pérez, fundadora de Hospital “Corpo de Deus” (Armas Castro, 1992, 349-53), un de 1505 que traslada as ordenanzas e posturas antigas de Pontevedra de 1496, con numerosos castellanismos (Armas Castro, 1992, 382-8), e no Tombo do Hospital de Santa María do Camiño de 1487, 1489, 1492 (2), 1500 (2), 1502 e 1503 (2) (Comesaña, 1995, núms. 26, 31, 33, 35-38, 40, 45). Tamén no mosteiro de Armenteira un de 1488 que traslada un documento latino de 1271 (*AHN* 1762.6), no de Aciveiro de 1509 e 1511 (Vaquero Díaz, 1999, núms. 7-8), no de Carboeiro un de 1463 (*ACS*, mazo 425, fols. 68r-69r) e no de Poio de 1519 e 1529 (*AHN*

1872.18,21) e o foro dos lugares de Poio Pequeno de 1517 (“Documentos”, 1951, 145-9). Ademais, en Cangas un de 1493 (López Carreira, 1999, núm. 25), en Tui un de 1471 (Domínguez Fontela, 1922, 468-73), o testamento de Pai Gómez de Soutomaior de 1454 conservado nunha copia de finais do XVI (*CDGH*, 460-71), un de 1454 de Lope Sánchez de Ulloa (Vaamonde Lores, 1915, 10-11); un de 1474 en que fan as paces o arcebispo Afonso de Fonseca e Pedro Álvarez de Soutomaior, mariscal de Baiona e vizconde de Tui (García Oro, 1977, 253-5); unha copia do testamento deste conde de 1476 moi castelanzada (Lis Quibén, 1950, 131-5) e outra copia do traslado en 1504 doutro testamento do conde de 1486? (Simancas, Consejo Real, mazo 478, fols. 127r-31r).

17.2.5. A interferencia pode darse xa nos primeiros tempos, como ocorre nun documento de Mondoñedo de 1284 do meiriño maior de Galicia (Cal Pardo, 1999, 69-70); noutro do mosteiro da Colleira no que está o traslado dun documento de 1099 feito entre os séculos XIII-XIV cun galego moi contaminado de castelán (Cal Pardo, 1983, 93-97); en Ferreira de Pallares en documentos de 1266 e 1272 (este feito por notario de Palas de Rei) que mesturan galego e castelán (Rey Caíña, 1993, núms. 226, 249) e noutros de 1271 e 1272 en galego con palabras en castelán (Rey Caíña, 1993, núms. 241, 252); en Lugo en 1341, 1358 (do adiantado do rei en Galicia, feito en “Otero de Rey”) e 1363 (do pertegueiro maior de terra de Santiago) (Portela/García Oro, 1997, núms. 415, 622, 651); en Monfero nun de 1310 do adiantado maior (*AHN* 505.7); en Montederramo nun de 1331 (núm. 980); en Santa María de Ribeira dúas sentencias do alcalde maior de 1362 (Sáez Sánchez, 1944, 200-3)<sup>64</sup>; en Samos nalgúns de finais do XIII (*AHN*, Carpeta 1247), especialmente nun de 1291 (*AHN* 1247.19). Un de Ferreira de Pallares en galego de 1278 empeza “In era de mjll e de trezientos e diez e vj años, iij días andados do mes de junio. Conoszuda cousa seia...” (Rey Caíña, 1993, núm. 298). Tampouco é infrecuente que moitos documentos comecen coa forma castelá “sepan”, que algúns empecen coa fórmula “Sepan quantos esta carta de fuero vieren”, ou parecidas, para continuar en galego, como un de 1484 de Santa a María a Nova de Lugo (*AHN* 1125.9), e que a finais do XIV e no XV teñan artigos e pronomes en castelán (como en 1382: *AHN* 1103.11). Ademais, moitas veces nos últimos tempos empezan coa data híbrida, despois poñen en castelán “Sepan quantos este contrabto de foro çensual vieren”, ou fórmulas parecidas, e logo continúan en galego, como en Santa María do Camiño de Pontevedra en 1500 ou 1502 (Comesaña, 1995, núms. 37-38). Un de San Pedro de Fóra de 1474 empeza “Ano do nasçemento do Noso Señor Ihesu Cristo de mjll et quatroçientos et setenta et quatro años, dies et syete días do mes de febrero. Sabian quantos este contrabto de aforamjento vieren como nós, don Afonso Mosqujra, abad do moesterio de Sant Pedro de Fóra dos muros da çibdad de Santiago” e despois continúa en galego (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.10). De maneira semellante empezan unhas longas notas de 1496 (3) e outra de 1495 de San

<sup>64</sup> Sáez di que son de difícil lectura por estaren borrosos. Por iso non sei se os castelanismos están nos documentos ou se trata de interpretacións do editor.

Martiño que despois continúan en galego, algunhas con palabras en castelán (*AHD, San Martino*, c. 88/7, fols. 61v-62r, 71v-72v, 80rv). Lembremos que moitos dos documentos de San Pedro de Fóra copiados na c. 9 do *AHD* (§ 14.1) teñen a data en castelán.

17.3. *Textos en castelán con galeguismos*. De igual maneira que temos moitos documentos en galego que conteñen palabras ou frases en castelán, tamén é bastante coñecido o caso contrario, é dicir, que documentos escritos en castelán conteñan palabras ou frases en galego. Poderíamos indicar numerosísimos exemplos, pero limitareime a pór unha ampla mostra. En Santiago, nas *Actas Capitulares* da catedral hainos de 1466, 1468, 1476, 1479, 1481 e 1482 (Vázquez Bertomeu, 1996, Apéndice, fols. 192v, 250v, 288r, 293v-4r, 295v) e nas de 1489 e 1494; ademais, o *Libro do Subsidio* (de 1500), aínda que está escrito en castelán, conserva en galego o nome de numerosas freguesías e ten palabras en galego (Vázquez Bertomeu, 2003, 63-120); en San Paio de Antealtares de 1441, 1480, 1487, 1488, 1491, 1492, 1498 (é copia moi posterior), 1504 (8) e 1512 (*AHUS, San Martiño*, 465, fols. 35v-36v, 145r, 153r, 156r, 156v, 159v, 160v-1v; *id.*, 703, peza 5; *id.*, 847, fols. 43r e ss., 51r-55r; *ACS*, mazo 425, fols. 37, 206rv, 268rv; *AHD, San Martiño*, c. 86.28/4); en San Pedro de Fóra de 1487, 1488 (2), 1491, 1503 e 1506 (*ACS*, mazo 425, fols. 100r-1r, 210rv; *AHD, San Martiño*, c. 9, fols. 44v-45r, 103r-4v, 117r; c. 60.38); en San Martiño de 1494 (3), 1495 (14), 1496 (31), 1497 (24), 1498 (8), 1499 (24), 1500, 1501 (2), 1503 (2), 1504 (18), 1507, 1509, 1519, 1525 (2) e copias posteriores de 1491, 1494 e 1495 (*AHUS, San Martiño*, 465, fols. 30r-31r, 42v-43r, 86r-90r, 101r-3v, 104v-5v, 106v, 110v-3r, 132v-4r, 142v, 143r, 146r, 147r-8v, 149v-51r, 152v, 155v, 156v, 157rv, 158r-9r, 162r, 170v-1v, 186v-7v, 192v-4r, 203v-15r, 217v-25v, 226v-8r, 230v-4v, 236r-8v, 240v-3r, 244v-5r, 249v-50v, 251v-2r, 262r-4r, 265r-6r, 268v-72v, 273v-4v; *id.*, 466, fols. 7v, 14v, 17r, 17v-18r, 18rv, 19rv, 20rv, 24rv, 41r, 58r; *id.*, 674, fol. 24r, 25rv, 45rv, 73r-73v; *id.*, 703, peza 18; *id.*, 1154, fols. 156r-7r, 311r-3v; *ACS*, mazo 425, fols. 291r-2v; *AHD, San Martiño*, c. 9, fol. 89r; c. 54, fols. 10rv, 395rv, 396v-8r; c. 58.9/14,72,74; c. 84.13/1-2,9; c. 88/7, fols. 27rv, 28rv, 45r, 50v-51r, 53rv, 56r-57v, 59r, 60v-61v, 65v, 66r, 70v, 82rv, 103v, 104rv, 113v-4r, 120r, 120v); en Santa Clara hai un de 1505 e outro de 1523 con palabras e frases en galego no que o notario dá fe en galego con castelanismos e despois un engadido de 1534 en castelán con palabras en galego (*AHD, San Martiño*, c. 46.3; c. 47.1). No *AHUS* hainos de 1504, 1505 e 1414 (Col. Blanco Cicerón, 93-94, 150), un de 1495 (do licenciado frei Pedro de Aragón, administrador perpetuo do Hospital Vello), de 1498, 1499, 1516 (*A-75*, núms. 18, 68, fols. 77, 579-80; *A-76*, núms. 6, 57, fols. 95, 513-4) e 16 documentos procedentes de Ourense de 1516 (Justo/Lucas, 1991, 534-70). En Santiago tamén temos unha sentenza do alcalde maior do reino de 1405 (Rodríguez Núñez, 1993c, 334-5), en c. 1487 un preito de D<sup>a</sup> Orraca de Moscoso coa igrexa de Santiago e en 1493 un documento con formas hipercaracterizadas como “maravedís vejos” (García Oro/Portela, 2000b, 639-645). Noutros lugares da provincia, en Bergondo hai dous de 1518 (*AHD, San Martiño*, c. 54, fols. 195r-215r); en Bribes un de 1502 con moito gale-



go (*AHD, San Martiño*, c. 54, fols. 321r-7v); en Cis de 1491 (*AHD, San Martiño*, c. 57.22); en Corcubiión de 1499 (Barreiro, 1995, 148-50); en Muros de 1511 e dous de 1518 (*Papeis*, fols. 77v-79r; *Mazo 2*, fols. 15rv, 17r-18r); en Sobrado de 1500, 1503, 1504 e 1507 (2) (*AHN* 554.13, 555.1,7-8) e en Toxos Outos de 1494 (*AHN* 557.8).

17.3.1. Na provincia de Lugo podemos citar na capital un de 1401 con moitos galeguismos, porque reproduce diferentes testemuños nos que mestura galego e castelán (Portela, 1998, 18-24) e de 1434, 1442 (2), 1443 (estes 3 do bispo feitos polo notario Pedro Sanches de la Cruña); despois de 1479 (2), 1480 (20), 1481 (3), 1482 (2), 1486 (5), 1487 (4), 1488 (2), 1489, 1490, 1493 (2) e 1494 do bispo Alfonso Enríquez, con poucas palabras en galego, e de 1497 do cabido (Portela, 1998, 180-1, 203-5, 206-8, entre as pp. 481-582, 585-6), así como de 1482 e 1497 (*AHN* 1337.14,16); nos Dominicos de 1506, 1512, 1514 e outro de 1522 con moita interferencia do galego, sobre todo na indicación dos lugares (*AHN* 1125.17-18bis). Noutros lugares, en San Salvador de Chantada de 1326 (do adiantado maior), 1510 (8), 1512, 1513 (2), 1515 (2), 1516 (2), 1518 (2), 1520 (2), 1524 (2), 1525, 1527 (4), 1528 (2) e 1537 (González Balasch, 1987b, 73-74; *AHN* 1079.15,17-22,24, 1080.3,5-8,11-12,14,17, 1081.1,2,4-6,9-14); en San Martiño da Cova de 1524 (*AHN* 1066.13); en Ferreira de Pallares nun engadido de 1512 a un documento galego de 1492, nun de 1505 recollido nun en galego con castelanismos de 1509 e nun de 1507 (Rey Caíña, 1993, núms. 658, 666-7<sup>65</sup>); en Ferreira de Pantón un de 1526 (Fernández de Viana, 1994, 285-6); no pazo de Ludeiro (Lugo) un de 1523 (Cabana Outeiro, 2003d, 51-52); en Meira, entre outros, de 1492, 1505, 1506, 1512, 1514 e 1516 (Mariño Veiras, 1983, 192, 225, 227, 231, 346, 385; *ARG*, núm. 63); en Mondoñedo de 1454, 1462, 1468, 1469 (Tombo da catedral, fols. 227v-32v), 1479, 1485, 1486, 1491 (Cal Pardo, 1999, 310-1, 344-5, 376-9, 420-1, 423-4, 443-4; 1993, 803-4), 1500 e 1501 (2) (*AHN* 1196.15,17-18), así como nun Sínodo de 1462 en traslado de 1489 (Cal Pardo, 1999, 340-3; García, 1981, 36-39) e un documento feito en Santiago en 1488 que ten numerosos nomes de freguesías e mosteiros en galego (Cal Pardo, 1999, 426-39); en San Vincenzo de Monforte de 1499, 1506, 1511 (3), 1512 (3), 1515, 1516, 1517 e 1519 (*AHN* 1210.6, 1211.8,17-20, 1212.3-4,16,18, 1213.1,5); en Órrea de 1496 (Cal Pardo, 1985, 79-81); en Penamaior de 1523 (2) e 1526 (*AHN* 1237.8-9,12); en Samos de 1434, 1456 (2 feitos en Vilafranca polo notario Rodrigo Afonso de Samos), 1485 e 1492 (*AHN* 1269.10, 1285.12-13, 1299.20-22, 1301.6); en Sarria de 1509 (López Arias, 1996, 123-4); en Torbeo de 1504 (*AHN* 1324.6); en Vilanova de Lourenzá de 1492 (2), 1493 (5), 1494, 1495 (2) (*AHN* 1120.5,8-10,12-15,17-18) e 1510 (*AHN*, Códices, 181B, fol. 44); en Vilourente de 1500, 1501, 1505 e 1511 (Graña, 1990, 453-60); en relación con Viveiro de 1489 (Cal Pardo, 1991, 225-6) e en San Francisco

<sup>65</sup> Rey Caíña, 1993, non le o de 1507 (*AHN* 1106.7) por consideralo ilexible (núm. 666) nin o engadido de 1512 (núm. 658). En Pallares xa hai un de 1287 con algunha palabra en galego e outro de 1341 con galeguismos porque o traslada no mesmo ano un notario de Lugo que escribe en galego (Rey Caíña, 1993, núms. 338, 511).

de Viveiro un de 1538 en castelán que contén unha carta de 1503 bastante híbrida e unha ratificación dela de 1509 en castelán con galeguismos (Castro, 1989, 582-5).

17.3.2. En Ourense hainos de 1430, 1487 (3), 1488, 1489, 1491, 1494, 1499 (3), 1500, 1501, 1502, 1503 (3), 1504, 1506 (2), 1509 (2), 1512, 1515, 1521, 1522 (2), 1523 (3), 1528, 1530 (2) e 1539, este último aínda con palabras e frases en galego (Alonso, 1904, 278-80; *id.*, 1907, 111-2; *DACO*, 1917, 411-3; *DACO*, 1923, 17, 21-24; Ferro Couselo, 1967, II, 238-40; *ACOu*, *Clérigos de Coro*, 108; *Bispo e Dignidades*, 23, 83r-84r; *Escrituras* III, 20, 28; VII, 19, 62r-63v, 106; XI, 26-34, 67r-69v; XIX, 451, 480; XX, 84, 123, 126, 273, 274-8; XXI, 99; XXII, 184; XXIII, 3; *Fábrica e Capelas* I, 59, 60, 63, 64). En lugares da provincia, en Allariz un de 1482 nun traslado en castelán de 1514 (Rodríguez Núñez, 1993c, 357-9); en San Miguel de Bóveda de 1497 (*ACOu* 5374); en Celanova de 1490 (empeza coa data en galego), 1491 (en apeo feito no XVI), 1496, 1498 (15), 1499, 1500 (4), 1502 (3), 1503 (3), 1504, 1506, 1509, 1511, 1514, 1516, 1517, 1518, 1522 e 1525 (Vaquero Díaz, 2004, núms. 830, 852, 922, 933-43, 945, 948, 951-2, 955, 961, 965, 967-8; *ACOu* 5442, 5444, 5449, 5459, 5466, 5469, 5495, 5533, 5609, 5645, 5703, 5738, 5745, 5759, 5812, 5849); en Melón de 1502, 1503 (2), 1506 (2) e 1508 (5) (*ACOu* 5454, 5471, 5475, 5523, 5542, 5572, 5574-6, 5588); en Montederramo de 1465 (2), 1506, 1508 e 1527 (núms. 1689, 1690, 1822, 1827, 1855) e en dous de 1515 do abade Juan de Horuña, feitos por Alonso de la Vega, nos que se tenta escribir en castelán sen dominalo totalmente (núms. 1847, 1848); en Santa Comba de Naves de 1491, 1492, 1504, 1507, 1511, 1515, 1522 e aínda de 1543 (*ACOu* 5242, 5263, 5489, 5566, 5652, 5709, 5810, 5983); en Oseira de 1503, 1517 (4), 1521, 1523 (*ACOu* 5460, 5741, 5749, 5751, 5754, 5789, 5828) ou 1529, documento no que se escribe “testamjento”-xunto a “vinte” (*ACOu* 5884); en San Clodio do Ribeiro un de 1486, do conde de Ribadavia, adiantado maior no reino, con frases en galego (Lucas/Lucas, 1996b, 712-3), e outros de 1508, 1520, 1521 (2), 1524 (2), 1525, 1531 e 1532 (*ACOu* 5583, 5776, 5786, 5796, 5834, 5837, 5850, 5899; Ferro Couselo, 1967, I, 228); en San Pedro de Rochas de 1489 (incorpora carta dos Reis Católicos), 1519, 1520 e 1524 (Vázquez Núñez, 1903, 197-202; *ACOu* 5769, 5782, 5846); en Santo Estevo de Ribas de Sil de 1508, 1516, 1517 e 1528 (*ACOu* 5582, 5753, 5881; *AHN* 1563.7); en Sobrado de Trives de 1490 e 1512 (Martínez Sáez, 1989, núms. 367, 409); en Xunqueira de Espadañedo de 1511 (2), 1513, 1514 e 1424 (6) (*ACOu* 5650-1, 5681, 5702, 5829-33; Pereira Ferreiro, 1979, núms. 95-96, 99, 101, 106-12). Tamén o procurador do conde de Ribadavia (chamado Alfonso de Carrión) fai un requirimento ó concello da vila e nel aparecen palabras en galego, lingua na que dá fe o notario (Fernández Suárez, 2002, 489-92).

17.3.3. En Pontevedra hai unha sentenza do concello de 1488, con bastante galego na parte correspondente ó notario (Armas Castro, 1992, 374-5) e no Tombo do Hospital de Santa María do Camiño en documentos de 1501 (2: o primeiro contido nun documento de 1503 en galego e o segundo, con bastantes galeguismos, contén tamén un documento de 1509 en galego con castelanismos), 1522 e 1525 (Comesaña, 1995, núms. 28, 39,

43-44). Ademais, en Aciveiro un de 1513, con bastante galego (Vaquero Díaz, 1999, núm. 9); en Carboeiro un de 1492 trasladado en 1527 (*ACS*, mazo 425, fols. 260r-5r); en Olives (na aldea de Fraíz) un de 1527 (*CDH*, III, 150-2); en Poio un de 1495 (*AHN* 1872.7); en Tui trasladados en castelán (un deles en 1481) de cartas de Fernando de Acuña e o licenciado Chinchilla que están galeguizadas e outras cartas con galeguismos en 1481, 1506 e 1507 (2) (Vila-Botanes, 2001, 302-5, 307-9, 314-6).

17.3.4. Estes documentos escritos en castelán son moi variados e a presenza neles de palabras en galego non é idéntica en tódolos casos, pois nalgúns documentos só aparecen unhas poucas e noutros son abundantes e mesmo chegamos a atoparnos con frases máis ou menos longas. Xunto ós exemplos citados indicarei a continuación outros onde podemos ver diferentes casos de uso do galego. Así, en Santiago en relación co conde de Altamira hai un de 1459 que empeza “Ena çibdade de Santiago, viinte e quatro días do mes de abril, ano del nasçimento...” e despois continúa en castelán (García Oro/Portela, 2000b, 912-21), nun de 1491 de Iohán de Montemayor, bacharel en decretos, cóngo, provisor oficial e vigairo xeral, achamos “nasçimento” e “nouenta et hũu anos. Testigos que forom presentes” (*A-81*, núm. 16, fol. 268), noutro do mesmo ano (*A-82*, núm. 36, fols. 272-3) “año del nasçimento ... de mjll e quatroçentos e noventa e hũu años, seys días del mes de nouiembre” (fol. 272r) e dous de 1486 empezan “ano do nasçimento de Noso Señor Ihesu Cristo de mjll et quatroçentos et oytenta et seys años, a nove días do mes de junjo” (*A-81*, núm. 37, fol. 621r) e “año do nasçemjento de Noso Señor Ihesu Cristo de mjll et quatroçentos et ochenta et seys años, quatro djas del mes de abril. Sábean todos” (*A-82*, núm. 57, fol. 490r) e despois continúan en castelán. O núm. 78 do *Tombo 9º*, con varios documentos, temos “año del senor de mjll e qujñentos e trinta e sete años”, “sete días del mes de abril ... de mjll e qujñentos e trinta e sete años”, “mjll e qujñentos e trynta e quatro anos”, “mjll e qujñentos e trinta e quatro”, “en la felegresía de San Gíao dAlmeyxas, jurdiçión de la çibdad de la Cruña, a trynta días del mes de nobienbre”, “jurdiçión de la çiudad de la Cruna ... a vynte e ocho días del mes de agosto ... de mjll e qujñentos e vynte e quatro”, “año del senor de mjll e qujñentos e trynta e vn años”, “San Gíao dAlmeyxas, jurdiçión de la çiudad de la Cruña ... mjll e qujñentos e trinta e vn años”, “dez (riscou “siete”) días ... mjll e qujñentos e trinta e sete años” (*A-81*, núm. 78, fols. 1107r, 1108v, 1110r, 1111r, 1113r, 1115r, 1128r, 1128v, 1129r). De maneira semellante un de San Martiño dos Piñeiros de 1496 empeza “ano do nasçemjº de Noso Señor Ihesu Cristo de mjll et quatroçentos e noventa et seys anos, des e oyto djas do mes de mayo, en la vjlla de Mogía, dentro das casas de morada de Álluaro Cordero, vº da dña vila” para continuar en castelán (*AHUS*, 674, fol. 20r); en 1517 podemos ler “mill e qiñentos e diez e sete”; en 1523 “mjll e qujñentos e vjnte e tres”; en 1524 “mjll e qujñentos e vynte e quatro”; en 1526 “dez e seys djas ... mjll e quynºs e vinte e seys” (*AHUS*, 466, fols. 27v, 70r, 83v, 85r, 87v); nun de 1523 (*AHUS*, 1154, fols. 191r-2v) “año del nasçemjº de noso señor ihu xpo. de mjll e qujºs e vynte et tres años, vynte y seys días” (fol. 191r); en 1527 (*id.*, fols. 288r-92v) “mjll e qjºs e vjnte

e septe” (fol. 288r); noutro do mesmo ano (*id.*, fols. 293r-6v) “a vjnte días del mes de julio del año del señor de mjll e quj’s et vjnte y septe” (fol. 293r); nun de 1528 “a vinte et vn días del mes de setembre, año del Señor de mjll et qujntos et vinte et ocho años” (*AHD, San Martiño*, c. 57.44); nun de 1535 “mjll et qujntos et trinta et çinco anos”, noutro de 1547 “qujntos” e noutro de 1548 “mjll et qujntos et corenta et ocho” (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 41, 120). No *AHUS* son numerosísimos estes casos ata a década dos trinta. Vexamos algúns máis: en 1508 “qujntos et ocho” (*A-82*, núm. 62, fol. 536), en 1519 “a vynt et quatro djas del mes de marçio ... mjll et q. et diez et nove”, “posisión” e “et outros” (*A-82*, núm. 86, fols. 990v, 991r), en tres de 1520 “vjnte et ocho djas”, “et vjnte años”, “nobrebre”, “vinte” e “veynte e vñ djas ... mjll e q. et vjnte años” (*A-80*, núm. 13, fols. 367v, 369r; *A-82*, núm. 88, fol. 996v), en 1528 “veynte et sete días del mes de nobembre” (*A-75*, núm. 74, fols. 613v), en 1529 “a dez días do mes de agosto del año de mjll e q. e bjnte e nove años” (*A-81*, núm. 3, fol. 20r), en 1534 “trjnta et quatro anos” (*A-74*, núm. 66, fol. 608r), en 1532 e 1534 “trinta” (*Archivos Familiares*, c. 2, núm., 7; *A-81*, núm. 77, fol. 1102), en 1536 “qujntos e treynta e seys” (*A-82*, núm. 38, fol. 279r). Algo semellante ocorre noutros lugares, como nun de Bergondo de 1503 que empeza “enno ano do nasçemento de Nro. Señor Iesu Cristo de mjll e qujntos e tres anos, estando enno lugar de Castro” e despois continúa en castelán con galeguismos (*AHD, San Martiño*, c. 54, fols. 219r-26v); un de Ferreira de Pallares de 1490 que comeza “Enno anno do nasçemento de Noso Señor Ihesu Cristo de mjll e quatroçentos e nobeenta annos, dous días do mes de febrero” e despois continúa en castelán con galeguismos (Rey Caíña, 1993, núm. 654); un de Samos de 1501 que comeza “Año do nasçimento do Noso Senor Ihesu Cristo de mjll e qjntos et vn anos, o primeyro dja del mes de febreyro” e continúa en castelán con galeguismos (*AHN* 1302.6); un de Soandres de 1481 que empeza “año do nasçemento de Noso Señor Ihesu Cristo de mjll e quatroçentos e ohenta (sic) e vn años, vijnte e ocho días” (*AHUS*, 897, fol. 231rv) ou en documentos de San Clodio do Ribeiro de 1531 e 1533 (*ACOu* 5899 e H, sen numeración), nun de Ramirás de 1494, que traslada un privilexio de Sancho IV (*Arq. Antealtares*, caixón 6, mazo 1-B, núm. 30) ou nun de San Francisco de Viveiro de 1498 que contén frases en galego, especialmente na indicación da data e testemuñas, e no que o notario se decide máis polo galego (*AHN* 1324.21). Como feito destacable podemos citar un documento da catedral de Ourense de 1438, no que o escribán puxo primeiramente “mjll et quatroçientos et treynta et ssiete” e despois riscou “ssiete” e escribiu sobre a liña “oyto” (*Escrituras* XII, 89).

17.3.5. A presenza de galeguismos ocasionais é frecuente en moitísimos documentos do século XVI escritos en castelán, debido a que os notarios e escribas estaban tan familiarizados con certas palabras galegas que non encontran as palabras castelás correspondentes ou non as queren utilizar, tal como ocorre hoxe cando escoitamos por ignorancia frases como “tenía el hijo en el *colo*” ou “el pan está *reseso*”. Vexamos máis casos de Santiago: en 1506 temos “millo” e “setembre” (*AHUS*, 466, fol. 27v), en 1539 “febreyro”

(A-74, núm. 2, fol. 19r); en 1500 e 1501 “quinentos”, “quyñentos”, “quiñentos” ou “quijñentos”; en 1501, 1508 (2), 1509 e 1515 “qujñentos”; en 1515 “qujñentos” e “dez e ssete días”; en 1523 (2) “quijñentos”; en 1523 “mjll e quijñentos e vjnte e tres”; en 1523 “vynte e tres”; en 1517 “diez et septe”; en 1526 “vinte y seys”; en 1532 e 1533 “trinta”; en 1544 “corenta e quatro” (dúas veces) (*AHD, San Martiño*, c. 44, fols. 208rv, 233v; c. 60.32-34,40; c. 61.28,33,39,41,43,46,48; c. 62.49; c. 78.9,14/2-10); en 1504, 1520 e en numerosos documentos das primeiras décadas do século “vinte”, igual que ocorre coa expresión “a montes e a fontes” (cf. *AHUS, San Martiño*, carpetas 465, 466 e 674, fols. 452v e caderno sen numerar de 674, fols. 2rv, 4v, 12v). Esta exemplificación poderíamola estender a tódalas catedrais e mosteiros de Galicia, pero só indicarei uns cantos casos máis. Así, en moitísimos documentos do século XVI de Samos podemos ver algunha palabra en galego, ou mesmo frases, como *foro, convén a saber, a jur e a mao, San Martiño de novembro*, etc., especialmente nos de 1503 (2), 1508 (4), 1509, 1510 (2) (*AHN* 1303.8-9, 1307.4-7, 1308.3, 1309.8,12) e aínda nalgúns de 1521, 1527, 1531 (“castineyras ... ljnpio de po et da palla, medido per tega real”), 1532 (“Santa María de su a Proba ... formays, montes e fontes”) e 1536 (2) (“formays, a montes e a fontes”, “árbores e formays, a montes e fontes”) (*AHN* 1315.19, 1316.15bis, 1317.20,22, 1318.11-12). En Oia o notario Afonso Álvares, racioneiro na igrexa de Baiona e notario apostólico público xurado no bispado de Tui, xa se pasa ó castelán en documentos de 1495 e 1496 (*AHN* 1489.14-16,18-19), pero escápanlle frases ou palabras en galego por ignorancia, como en 1495 “por son de campana tangida” (*AHN* 1489.14, liña 3), “que sean aquellos que nomearen et sy nomeados non fueren que seyan aquellos que por derecho heredaren sus byenes” (liña 8), “las dichas esmonlas” (liña 14), “sy la ende ovyeren feyta” (liña 15), etc. Inclusive chega a inventar palabras, como en 1496 “seys días del mes de *genero*” (*AHN* 1489.18, liña 1), disparate que se repite noutros textos, como en Santiago en 1501 e 1512 “del mes de *janero*” (*AHUS, A-81*, núm. 68, fols. 1058r e 1059r; *íd.*, *San Martiño*, c. 465, fol. 43r) ou en Ferreira de Pallares en 1505 (Rey Caiña, 1993, núm. 667). En cambio, na catedral de Ourense hai un de 1532 coa palabra “janeyro” (*Clérigos de Coro* 5). Unha invención curiosa témola nun de San Martiño de 1496 que di “çenteno ljnpo del polo et de la paja” (*AHUS, San Martino*, 465, fol. 265v), no que se transforma o galego *poo* nun inexistente *polo* en lugar de *polvo*. Importante é que ben avanzado o século XVI aínda continúa a presenza de galeguismos en documentos casteláns, como nun preito contra D<sup>a</sup> Leonor de Moscoso por falsificación de documentos, no que hai textos de 1527 en castelán con bastantes palabras en galego (Simancas, Consejo Real, mazo 478, fols. 87rv, 88v-89r, etc.), ou nas ordenanzas antigas de Viveiro reformadas polo Rexemento en 1551 (García Oro/Romaní, 1989, 249-66), nun de Monfero de 1561, no que podemos ler “rogelos” e “potros y anellos” (*ARG, Sección XI, Códice* 276) ou nun de Ortigueira de 1587 coa palabra “chousa” (*ARG, Sección XI, sen núm.*).

17.4. Ós exemplos citados nos §§ 17.2, 17.2.1-5 debemos acrecentar outros que presentan certas particularidades. Así, hai documentos escritos en galego con castellanismos

nos que os notarios (que moitas veces mandaron escribi-los documentos) adoptan distintas posturas. Nuns dan fe en castelán, como en documentos do *AHUS* de 1505 (2) (Col. Blanco Cicerón, 94), de Belvis de 1489 (*ACB*, mazo 50.7), de Santa María a Nova de Santiago de 1506 (*AHD*, *San Martiño*, c. 44, fols. 236v-7r), de San Paio de Antealtares de 1490 (*AHUS*, 1154, fols. 107r-17r), de San Pedro de Fóra de 1484 (*AHD*, *San Martiño*, c. 58.84), de Celanova de 1494 e 1510 (2) (Vaquero Díaz, 2004, núm. 899; *ACOu* 5637-8), de Chantada de 1499 (2), 1506 e 1510 (*AHN* 1078.17-18, 1079.7,16), de Lugo de 1488, 1490, 1497 e 1498 (3) (Portela, 1998, 566, 569-70, 586-7, 592-3, 594-5; *AHN* 1337.17), da Casa de Lemos de 1474 (Pardo de Guevara, 2000, II, 201-3), de Melón de 1496 (*ACOu* 5362), de Mondoñedo de 1489 (Cal Pardo, 1999, 440-2), de Santa Comba de Naves de 1493 (2) (*ACOu* 5302, 504), de Noia de 1503 (Barreiro, 1995, 151-2), de Oseira de 1500, 1502, 1504 e 1507 (*ACOu* 5422, 5435, 5502, 5567), da catedral de Ourense de 1489, 1498, 1504, 1513 e 1525 (*Clérigos de Coro*, 2, 94; *Escrituras* XIX, 116; XX, 80, 87), de Pontevedra un Santa Clara de 1492 (*AHN* 1856.6) e outro do Hospital de Santa María do Camiño de 1503 (Comesaña, 1995, núm. 31), de Samos de 1493, 1494 (3), 1495 (2) e 1496 (*AHN* 1301.7bis,11-12,14-16), de San Clodio do Ribeiro de 1513 (*ACOu* 5682), de San Pedro de Rochas de 1497, 1504 (3), 1505 e 1506 (*ACOu* 5370, 5486-7, 5494, 5509, 5518), de Toxos Outos de 1496 (*AHN* 557.9) ou oito de Xunqueira de Espadañedo de 1507 (*ACOu* 5553-60; Pereira Ferreiro, 1979, núms. 80-87). Noutros dan fe en castelán con galeguismos, como nun da Coruña de 1492 no que o notario é Francisco García de Tordesillas (Barral, 1998, 444-5), en textos de Lugo de 1479, 1497 e 1498 (Portela, 1998, 479-80, 587-90), nun de Chantada de 1510 (*AHN* 1079.13), nun de San Clodio do Ribeiro de 1496 (Lucas/Lucas, 1996b, 732-3) e noutro de Toxos Outos de 1516 (*AHN* 557.13). Noutros dan fe en galego correcto, como en catro de Lugo de 1480 (Portela, 1998, 496-7, 500-1, 503-4, 513-4), en dous de 1482 de Diego de Muros, bispo de Tui e administrador do mosteiro de San Martiño dos Piñeiros (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.16; c. 58.28), nun de San Paio de Antealtares de 1487 e outro de Toques de 1493 (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.77-78). Noutros dan fe en galego con castelanismos, como en documentos de Lugo de 1479 (2) e 1485 (Portela, 1998, 457-8, 464-5, 542-3) e de Samos de 1485 (*AHN* 1299.15). Noutros dan fe mesturando as dúas linguas, como en Lugo en 1484 e 1498 (4) (Portela, 1998, 539-40, 595-8; *AHN* 1338.3), nun de Chantada de 1500 (*AHN* 1078.19), nun de Oseira de 1503 (*ACOu* 5461), nun de Poio de 15..? (*AHN* 1872.11) e en dous de Samos de 1489 e 1493 (*AHN* 1301.1,7).

17.5. Pero aínda podemos atopar outras combinacións, como ocorre en documentos escritos en galego sen castelanismos nos que os notarios presentan distintas solucións. Uns dan fe en castelán, como no testamento de D<sup>a</sup> María de Limia de 1442 (Suárez Fernández, 2002, 366-7), en Castro de Rei en 1481 (*ACOu* 4978), en Celanova en 1470 e 1489 (Vaquero Díaz, 2004, núms. 600, 821), en Chantada nun traslado dun documento de 1501 en galego (*AHN* 1078.22), en San Martiño da Cova en 1481 (*AHN* 1065.16), en Lugo en 1438, 1440, 1446 e 1451 (Portela, 1998, 192, 197, 212-3, 232-3), en San Do-

mingos de Viveiro en 1472 (2) (García Oro, 1987, 113-5), en Melón en 1413 –o notario chámase “Gutierre Fernández de Salamanca”– (ACOu 3531), en Ourense en 1428, 1429, 1430 (2) e 1435 –o notario é “Pedro Sánchez de Baeça”– (*Escrituras* II, 21; III, 26; VII, 110; XIII, 57; XX, 113) e en 1393, 1428, 1454 (2), 1455, 1464, 1471 (2), 1474, 1477, 1478, 1480, 1481, 1486, 1488, 1492, 1494 (2), 1495 (2), 1496 (3), 1499, 1500, 1503 e 1511 (*Clérigos de Coro*, 133; *Escrituras* III, 2, 3; VII, 1, 9, 21, 23, 72r-74r, 76-77; XV, 6, 17, 33; XVII, 88; XVIII, 50 (2); XIX, 450, 481; XX, 86, 90, 95, 113; XXI, 48; XXIV, 243, 246; *Fábrica e Capelas* I, 15, 35; López Carreira, 1998a, 651-2, 663-4; Seca, 1926, 472-5), en Montederramo en 1418 (2) (núms. 1511-2), nunha “carta de obrigaçón” de 1480 dos procuradores da Coruña, Betanzos, Lugo, Ourense e Viveiro (Ferro Couselo, 1967, II, 474-6), en Muros en 1490, 1499, 1501, 1502, 1506, 1507 (2) e 1510 (*Mazo 1*, fols. 9rv, 12r-18v; *Libro da Colexiata*, fols. 41v-43r; *Mazo 2*, fol. 9rv; ms. do concello), en Oseira en 1498, 1505 e 1507 (2) (*AHN* 1556.10; *ACOu* 5506, 5545, 5564), en San Pedro de Rochas en 1495 (5), 1496 (3), 1498 e 1514 (*ACOu* 5329-33, 5353, 5357-8, 5389, 5704), en San Pedro de Fóra de Santiago en 1493 (*AHUS*, 897, fols. 251v-2v [ou 241]) ou en Santa Comba de Naves en 1473, 1474 (3), 1475 (2), 1477, 1478 e 1479 (*ACOu* 4717, 4747, 4749-50, 4803-4, 4859, 4864, 4904). Outros dan fe en castelán con galeguismos, como nun da catedral de Santiago de 1405 (Sánchez Sánchez, 2000, núm. 61), en Ferreira de Pantón en 1483 e 1484 (Fernández de Viana, 1994, 254-7), en San Pedro de Rochas en 1500 (*ACOu* 5412), en Samos en 1499 (*AHN* 1302.7), en San Domingos de Viveiro en 1473 (García Oro, 1987, 117-8) ou en Xuvia en 1491 (Pena Graña, 1992, 597-8). Outros dan fe en galego con castelanismos, como en San Martiño da Cova en 1504 (*AHN* 1506.7), en Lugo en 1343, 1470 e 1474 (Portela/García Oro, 1997, núm. 448; Portela, 1998, 353-4, 396-8), en Muros en 1494 (*Papeis*, fol. 73rv), en Oseira en 1503 (*ACOu* 5465), en Pombeiro en 1502 (*ACOu* 5437; falta a fe en Lucas/Lucas, 1996a, 350-1) ou en Toques en 1493 (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.25). Outros mesturan as dúas linguas cando dan fe, como en Chantada en 1506 (*AHN* 1079.9), en San Martiño da Cova en 1485 e 1504 (2) (*AHN* 1065.17, 1066.5-6), en Montederramo en 1482 (núm. 1755), en Muros en 1496 (*Papeis*, fols. 74v-75r), en Oseira en 1496, 1497 (3) e 1500 (*ACOu* 5361, 5364, 5366-7, 5409), en San Clodio do Ribeiro en 1502, 1508 e 1511 (*ACOu* 5455, 5594, 5655) ou nun de Xuvia de 1484 (Pena Graña, 1992, 594-5). Nun de Chantada de 1502 o notario dá case toda a fe en castelán, pero ó final pásase ó galego (*AHN* 1079.1). Como particularidade podemos citar a un notario de Lugo que dá fe en castelán, ou en castelán con galeguismos, ou que fai formas híbridas, e que se chama a si mesmo de varias maneiras: García López das Camoyras en 1497 e 1499 (Portela, 1998, 587-9, 603-4), García das Camoyras en 1498 (4) (*id.*, pp. 595-600), García de las Camoyras en 1498 (*id.*, pp. 594-5) e García de las Camueras en 1498 (2) (*id.*, pp. 589-90, 592-3).

17.6. De maneira semellante, xunto ós casos citados nos §§ 17.3, 17.3.1-5, hai documentos escritos en castelán con galeguismos nos que os notarios dan fe adoptando va-

riados criterios. Nuns dan fe en galego, ás veces porque non foron eles quen escribiron os textos, como en Celanova en 1490 (Vaquero Díaz, 2004, núm. 830), en Santa María a Nova de Santiago en 1496 (*AHD, San Martiño*, c. 44, fols. 206v-7v), en Sobrado xa nun de 1289 do abade (*AHN* 544.9), en Ferreira de Pantón en 1408 (Fernández de Viana, 1994, 128-30), en Lugo en 1351, 1447, 1479 e 1492 (2) (Portela/García Oro, 1997, núm. 578; Portela, 1998, 217-20, 475-6, 575-6; *AHN* 1338.19), en Montederramo en 1331 e 1342 (núms. 978, 1164), na catedral de Ourense en 1487 (*Escrituras* xi, 67r-68r), en San Pedro de Fóra de Santiago en 1485 –nunha sentenza de Juan de Vargas, bacharel en decretos e alcalde da “Hermandad” en Santiago e provincia– (*AHD, San Martiño*, c. 57.19), en San Martiño de Santiago en 1495, 1496 (3) e 1497 (*AHUS*, 674, fols. 5rv, 24r, 25rv, 41r-42r, 45rv; *AHD, San Martiño*, c. 58.72), en Vilardonas en 1497 (Novo Cazón, 1986, núm. 196) ou no *AHUS* en 1486 (*A-80*, núm. 45, fols. 971-2) e 1501 (Justo/Lucas, 1991, 518-9). Noutros dan fe en galego con castelanismos, como nun de Noia de 1494 (non é 1484, como pon Barreiro, 1995, 130-2), de Lugo de 1478, 1479 e 1484 (2) (*AHN* 1337.1; Portela, 1998, 474-5, 540-2) ou nun dos Dominicos de Lugo de 1506 (*AHN* 1125.17). Noutros mesturan as dúas linguas, como nun de Vilanova de Lourenzá de 1488 (*AHN* 1119.19), noutro de Mondoñedo de 1489 (Cal Pardo, 1999, 439-40) ou de Lugo de 1492 e 1499 (Portela, 1998, 576-8, 600-2). Tamén os hai escritos en castelán sen, practicamente, galeguismos nos que os notarios poden dar fe mesturando galego e castelán ou en galego con palabras en castelán, como nun de 1478 (García Oro/Portela, 2000b, 924-6) e noutro de 1495 de Santiago (*AHUS, A-82*, núm. 84, fol. 983), aínda que con moita frecuencia dan fe en galego correcto, como en documentos de 1409 e 1493 de Belvís (mazo 1.26, 47.8); de 1293 de Celanova (do adiantado maior), no que dous notarios (un de Allariz e outro de Monterrei) dan fe (Vaquero Díaz, 2004, núm. 86); de 1481 de Chantada (*AHN* 1076.22); de 1496 de Cis (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 101); de 1326 do bispo e do cabido da catedral de Lugo, onde se di “su gienrro” e no que dan a fe en galego os dous notarios que o mandaron escribir (Portela/García Oro, 1997, núm. 217), e de 1472 feito polo bispo de Lugo en Valladolid (Portela, 1998, 384-5); de 1454 (do bispo), 1483 (o notario escribe o documento), 1488 (traslado de texto latino no que dous notarios dan fe en galego) e dous de 1492 que trasladan bulas da catedral de Ourense (*Fábrica* II, 510; *Escrituras*, XVIII, 31; *Cad. Unións*, XXII, 110-1; *DACO*, 1917, 449-51); de 1477 de Samos (*AHN* 1297.6); de 1498 de San Pedro de Fóra de Santiago (*AHD, San Martiño*, c. 57.29); de 1463 de Mondoñedo (Cal Pardo, 1999, 345-7); de 1407 de Montederramo (núm. 1481); de 1446 (en traslado posterior) e 1499 de Santa María a Nova de Santiago (*AHD, San Martiño*, c. 44, fols. 235v, 264v-5v); de 1512 de San Martiño, no que un notario de Caldas de Reis e terra de Salnés escribe 11 liñas en galego (*AHUS*, 703, peza 6); nunhas cláusulas do testamento de D<sup>a</sup> Orraca de Moscoso de 1498, no que o notario dá fe no traslado con 10 liñas en galego (*AHD*, c. 86.13). Engadamos que nun documento en castelán de 1424 do arcebispo Lope de Mendoza hai tres notarios que dan fe en galego (*AHUS*, Col. Blanco



Cicerón, 36); noutro en galego de Poio de 1519, dun notario de Pontevedra, a mesma man escribe a continuación outro documento en castelán, dando fe o mesmo notario en galego (*AHN* 1872.17); nun do conde de Camiña feito en Cangas en 1495 asinan dous notarios, o primeiro en castelán e o segundo mestura castelán e galego, con máis galego (López Carreira, 1999, núm. 26), e noutro de Lugo de [1471] (Portela, 1998, 354-6) o notario Pedro Fernández de San Jullao escribe en castelán e transcribe en castelán con galeguismos unha nota e rexistro que achou do seu antecesor Gonçalo Dourado; como a fe deste está case toda en galego, é probable que o primeiro castelanizase o texto do segundo ó transcribilo.

17.7. Fórmulas máis estrañas témolas en Ferreira de Pantón, como nun documento en galego de 1481 no que o notario dá fe mesturando latín, galego e castelán: “Et eu, Gil Tholosa, clérigo de San Mamede de Mañente, diocesis Lucensis, notario autoritate apostolica, esta carta de foro por mano de outro, occupato negocii, por mano de otro bien et fielmente la fysy scripvir, en un con los dichos testigos presente foy et a rogo de las dichas partes meu sygno et firma aquí fiis en testimoio de verdade, que tal he” (Fernández de Viana, 1994, 253). Igual fai noutros de 1487 e 1489 (*id.*, pp. 261 e 264). Referente á catedral de Lugo hai un en latín de 1434, do xuíz, no que o notario dá fe en galego (Portela, 1998, 179-80) e nun de Ribas de Sil de 1479, escrito en galego, o notario dá fe en latín (*ACOu* 4887).

17.8. *Formas híbridas*. O hibridismo aparece na poesía da escola galego-castelá, de mediados do XIV a mediados do XV, na que participan na corte de Castela, xunto a escritores galegos, autores doutras zonas da Península (Lapesa, 1953; Polín, 1994; *id.*, 1997; Mariño Paz, 1998, 176-9), pero tamén en moitos documentos xurídicos achamos verdadeiros textos híbridos, nos que se constrúen frases mesturando as dúas linguas, con máis presencia unhas veces do galego e outras do castelán, como, por exemplo, “et obljgamos os bñes del dicho mosteiro” nun de Oia de 1495 (*AHN* 1489.13, liña 24). Os exemplos son numerosísimos e só poñerei uns cantos casos. Así, hai documentos híbridos en *Actas Capitulares* de Santiago de 1469, 1474 (2), 1476 (4), 1480 (4) e 1481 (2) (Vázquez Bertomeu, 1996, fols. 87r-87v, 153v, 159v, 188v-9r, 190r, 193r, 267rv, 276v, 288r, 295v); no *AHUS* en documentos de 1490, 1496 (Justo/Lucas, 1991, 492-3, 512), 1498, 1509 (*A-75*, núm. 24, fol. 186; *A-74*, núm. 29, fols. 317-21), 1526, documento que ó final traslada unhas liñas dun documento de 1496 que están en galego (*Archivos Familiares*, c. 3, núm. 42) e 1530 (Col. Blanco Cicerón, c. 137.57); en San Martiño copias de documentos ou foros pequenos e notas de 1495 (12), 1496 (48), 1497 (24), 1498 (20), 1499 (66), 1503 (14), 1505, 1506, 1520 (*AHD*, *San Martiño*, c. 48.90; c. 54, fols. 1r-8v, 11r-16v; c. 58.9/5-11, 15-16 [trasladados no XVI polo notario Fernando de Lema, que escribe en castelán] e c. 58.25-26,69-70; c. 88/7, fols. 29rv, 30r, 33rv, 35v-36v, 37v, 39r, 41rv, 43rv, 44v, 45r, 45v-47v, 48v, 53r, 54rv, 58v-59r, 60r, 60v, 62v-63v, 73rv, 75v-76v, 77rv, 78rv, 82v, 103r, 105rv, 109rv, 110v-1r; *AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 103v, 106v-7r, 107v-8r, 108v-10v, 129v, 131r, 140r-1r, 169v-70v,

173r-80v, 188r-9v, 190v-2v, 234v-6r, 238v-40r, 243v-4v; 245v-9v, 250v-1v, 252v-5v, 256v-8v, 259v-62r, 264r-5r; *id.*, 466, fols. 9v, 11v-12r, 12v-13v, 14r, 14v, 17r, 17v, 18r, 18v, 21v-23v, 41r-45v, 78r; *id.*, 897, fol. 262rv [ou 246]); *id.*, 1154, fols. 118v-37r; *id.*, Col. Blanco Cicerón, 88, 89) e outros de 1518, 1520, 1522, 1525 (4), 1528 e 1529 nos que se tenta escribir en castelán e presentan palabras e frases en galego, especialmente na transcripción das declaracións que fan as testemuñas (*AHUS*, 1154, fols. 154r-5r, 164r-8r, 172r-7r, 207r-9r, 240r-87v, 314r-23v); en Santa María a Nova de Santiago nun de 1463, do bacharel Fernán Pérez de Requena, e noutro de 1502 (*AHD*, *San Martiño*, c. 44, fols. 181v-2v, 236r); en San Paio de Antealtares de 1483 (12) e 1499 (*AHUS*, 897, fols. 17r, 18v, 28v, 34r, 38r, 47v, 49r, 127r, 130v, 137v, 139v, 169v, 321r-4v [ou 289]); en Santa Clara de Allariz en dous de 1483 (*ARG*, núms. 461-2; Rodríguez Núñez, 1993c, 360-1); en Armenteira de 1494 e 1515 –neste hai sete traslados de documentos latinos– (*AHN* 1749.1bis,10,13,15-16, 1750.2,13, 1780.6; García Miraz, 1984, 283-4); en Bergondo de 1516 (*AHUS*, 703, peza 10); en Caaveiro de 1520 (Fernández de Viana/González Balasch, 2002, 407-8)<sup>66</sup>; en Castro de Rei de 1504 (*ACOU* 5482); en Celanova de 1350 (conservado nunha copia), 1435, 1437, 1486 (o notario que traslada unha carta dos Reis Católicos), 1488, 1492, 1494, 1495, 1499, 1501, 1502, 1503 (2), 1504 (2), 1505, 1506 (3), 1507, 1508, 1510 (3), 1511, 1512, 1513, 1515, 1516 (Vaquero Díaz, 2004, núms. 144, 299, 305, 785, 807-II, 854, 903, 909, 954; *ACOU* 5429, 5441, 5467-8, 5496, 5503, 5511, 5525, 5535-6, 5548, 5591, 5622, 5631, 5641, 5649, 5674, 5690, 5718, 5732), así como de 1519 (Ferro Couselo, 1967, I, 219-20), nun inventario de 1519 do mesmo notario (cf. § 17.2.3) no que a parte expositiva é híbrida, pero o inventario está case todo en galego (*id.*, pp. 218-9), en catro de 1520 (*id.*, pp. 225-7) e nun de 1491 (feito en “San Cloyo do Ribeiro d’Avia”) que contén unha pesquisa e comeza en galego con palabras en castelán, despois continúa en castelán con palabras en galego e despois segue alternando as dúas linguas segundo quen sexa a persoa interrogada (Vaquero Díaz, 2004, núm. 849); en [c. 1514-1515] o memorial das herdades de Cira negadas ó conde de Andrade (García Oro/Nóvoa Gómez, 2000, 68-75); en Cis de 1495 (*AHD*, *San Martiño*, c. 54, fols. 98r-104v); en Colleira de 1485 (Cal Pardo, 1983, 100-1); en Ferreira de Pallares de 1477, 1494 (copiado por un notario das notas dun antecesor seu), 1495, 1496, 1506 (2), 1511 e 1513 (Rey Caíña, 1993, núms. 659, 660, 662, 664-5, 669; *AHN* 1105.9, 1106.8<sup>67</sup>); en Ferreira de Pantón de 1513, 1514, 1515 e 1516 (Fernández de Viana, 1994, 279-85); en Franqueira de 1511 (3) (*AHN* 1786.8-10); en Lugo de 1330 (do bispo e cabido) e 1352 (do adiantado maior) (Portela/García Oro, 1997, núms. 266, 586) e de 1498, 1499 (2), 1510, 1512, 1515 e 1516 (*AHN* 1338.4-5,12-13, 1339.1; Portela, 1998, 602-3; Otero/Antonio, 2004, 95-97), así como nun de 1462 co

<sup>66</sup> Non se ve no microfilm en que lingua están escritos dous de 1526 e 1537 (*AHN* 493.17-18). Están en castelán os de 1540 e 1544 (Fernández de Viana/González Balasch, 2002, 408-12).

<sup>67</sup> Rey Caíña, 1993, non transcribe os de 1477 e 1511 (*AHN* 1105.9, 1106.8).

testamento de Álvaro de Taboada (Taboada Roca, 1960, 99-105); nos Dominicos de Lugo de 1510 (AHN 1125.17); en Meira, entre outros, de 1486, 1495, 1496, 1505 e 1512 (Mariño Veiras, 1983, 138, 350, 356, 362, 392, 423); en Melón de 1495, 1499, 1503 (2) e 1505 (2) (ACOu 5324, AHN 1479.12,17-20); en Mondoñedo de 1464, 1473 e 1496 (Cal Pardo, 1999, 349-60; García Oro, 1977, 252-3; AHN 1196.14); en Monforte de 1486 (AHN 1208.17); en Montederramo de 1429 (2), 1481, 1508, 1509 e 1510 (8) (núms. 1545-6, 1745, 1825, 1830, 1834-6, 1839, 1841-4); ademais, o notario Blas Moreiro (ou Morero) fai documentos híbridos, ó principio con máis galego e nos últimos con máis castelán, sobre todo na fe, como en 1505, 1506 (8), 1508 (2), 1509 e 1516 (núms. 1815-21, 1823-4, 1826, 1828-9, 1849); en Muros de 1495 e 1539 (2) (*Libro da Colexiata*, fols. 34v-35r; *Outes*, fols. 17r-20r); en Oseira de 1507 e 1515 (ACOu 5547, 5717); en Ourense de 1467, 1482 e 1484 (López Carreira, 1998a, 697; Ferro Couselo, 1967, II, 364-5; Fernández Gil, 1940, 333) e de 1486, 1499, 1503 (3), 1506, 1507, 1516, 1520 e 1538 (2) (ACOu, *Clerigos de Coro* 109; *Escrituras* III, 17; XV, 1, 42; XIX, 281, 385; XX, 279; XXIV, 224; *Confraría do Crucifixo*, 12; *Fábrica e Capelas*, 39; *DACO*, 1923, 11-14); en Pedroso de 1498 (Cal Pardo, 1984, 309-10); en Santa Clara de Pontevedra de 1497 (AHN 1856.5); no Hospital de Santa María do Camiño de 1509, 1520 e 1527, o último sacado posteriormente das notas, sen indica-lo ano, por un notario que escribe en castelán (Comesaña, 1995, núms. 34, 41-42); en Samos de 1498 e 1521 (AHN 1301.18, 1315.21); en San Clodio do Ribeiro de 1474, 1490, 1497 e 1517 (Lucas/Lucas, 1996b, 700, 718-9, 734; ACOu 5744); en San Pedro de Fóra de 1468, tres notas de 1488 e de 1503 (AHD, *San Martiño*, c. 9, fols. 19v, 26v, 42r, 149r-50r; c. 60.38); en San Pedro de Rochas de 1507, 1508, 1509, 1511, 1512 (3), 1513 (3), 1515 (2) e 1517 (3) (ACOu 5568, 5571, 5601, 5643, 5650, 5662, 5667, 5692-3, 5696, 5722-3, 5746-8); en Soandres de 1496 e 1520 (AHUS, 703, peza 13; *id.*, 1154, fols. 96r-99v); en Sobrado de 1488, 1497, 1498 e 1500 (5) (AHN 553.18, 554.9,21; ARG, núms. 422, 435-8, 440); en Sobrado de Trives de 1476, 1481, 1502, 1508 e 1509 (Martínez Sáez, 1989, núms. 350, 355, 382, 395, 402)<sup>68</sup>; en Torbeo de 1491, 1504 e 1516 (AHN 3,7,9); en Tui de 1498 (Vila-Botanes, 2001, 321); en Vilanova de Lourenzá de 1453, 1488 e 1493 (AHN 1118.6, 1119.20, 1120.11); en Vilourte de 1492, 1494 e 1496, así como de 1497 e 1498, estes con máis castelán e o notario con fórmulas híbridas (Graña, 1990, 444-52); en Xunqueira de Espadañedo de 1492, 1509 (2), 1510 (4), 1512 (2), 1514 e 1521 (3) (ACOu 3445<sup>69</sup>, 5271, 5602, 5624-5, 5701, 5790, 5793-4; Pereira Ferreiro, 1979, núms. 58, 88-90, 92-94, 97-98, 100, 102-4).

17.8.1. Cando se copian cláusulas de testamentos, os notarios poden escribi-los textos mesturando as dúas linguas, como ocorre en Muros con documentos de 1481 e 1499

<sup>68</sup> Martínez Sáez non transcribe o núm. 390 de 1506 nin di en que lingua está. Véxase o que digo nas notas 51, 61 e 63.

<sup>69</sup> Leirós, 1951, di erroneamente que é de 1409, pero é de 1509.

(*Papeis*, fols. 76r-77v). Interesante é o caso dun libro escrito en 1492 para trasladar moitos documentos en galego, porque o que se escribe en 1492 presenta mestura das dúas linguas, e doutro documento de c. 1514-1515, que está maioritariamente en castelán, pero con moita interferencia do galego, e con pasaxes en galego ou en galego con interferencia do castelán (García Oro/Portela, 2000b, 541, 654-67), así como o traslado en 1482 dun documento de Sarria de 1475 en castelán, onde o que escribe en 1482 mestura as dúas linguas, aínda que transcribe correctamente o documento castelán (García Oro/Portela, 2000a, 170-1). Hai outros documentos dignos de mención, como un dos Franciscanos de Viveiro de 1493 con partes híbridas, partes en castelán con galeguismos e partes en galego con castelanismos, no que o notario (que o manda escribir), dá fe en castelán con galeguismos e utiliza a forma “Vivero” (Castro, 1989, 569-72)<sup>70</sup>, e un de Tui de 1494 (acordo entre o bispo e a cidade) que empeza en galego, despois é híbrido e finaliza outra vez en galego (Vila-Botanes, 2001, 295-7).

17.8.2. As combinacións son múltiples, pois hai documentos híbridos nos que os notarios dan fe en castelán, como en documentos de Chantada de 1498 e 1504 (2) (*AHN* 1078.15, 1079.2-3), de Ferreira de Pallares de 1495 (Rey Caíña, 1993, núm. 660), de Lugo de 1503 e 1504 (*AHN* 1338.8-9), de Mondoñedo de 1454 (Cal Pardo, 1999, 313-4), de Montederramo de 1509 (núm. 1831); de Montefaro de 1516 (Martínez Salazar, 1911, 161-8), de Oseira de 1507, 1508, 1511 (3) e 1513 (*ACOu* 5549, 5586, 5642, 5647-8, 5684), de San Pedro de Rochas de 1507, 1512 (3), 1513 (3), 1515 (2), 1517 (3) (*ACOu* 5568, 5660, 5662, 5667, 5692-3, 5696, 5722-3, 5746-8), de Samos de 1500 (*AHN* 1302.10), de San Paio de Antealtares de 1499 (*AHUS*, 897, fols. 321r-4v [ou 289]), de Santa María a Nova de Santiago de 1500 (*AHD*, *San Martiño*, c. 44, fols. 233v-4r), de Sobrado de 1500 e de Xunqueira de Espadañedo de 1507 (8) e 1510 (*ACOu* 5553-60, 5623). Noutros híbridos os notarios dan fe en galego, como en documentos de Belvís de 1495 (*ACB*, mazo 26.1), de Mondoñedo de 1464 (Cal Pardo, 1999, 360-2), de Melón de 1499 (*AHN* 1479.12), de Montederramo de 1461 (reproduce o testamento de Afonso García de Seabra de 1379 e ten bastante hibridismo, sobre todo na parte final despois da reprodución do testamento) (núm. 1682; Deaño, 2004, 195-8), de San Martiño de Santiago de 1497 (*AHD*, *San Martiño*, c. 58.70). Noutros híbridos os notarios dan case toda a fe en galego, como en documentos de Chantada de 1497 (*AHN* 1078.12), de Lugo de 1478 (Portela, 1988, 448-9) e de Mondoñedo de 1481 (Cal Pardo, 1993, 748-9). Lembremos aínda outros casos: un documento de San Martiño dos Piñeiros de 1499, que é híbrido con máis castelán, ten a fe de erratas en galego (*AHD*, *San Martiño*, c. 58.25); un de Montefaro de 1504 presenta un texto híbrido, nunhas partes con máis castelán e noutras con máis galego, e coa fe do notario en castelán con galeguismos (Souto Cabo, 1998, 218-9); un de San Domingos de Ribadavia de 1494 ten

<sup>70</sup> Nun de 1485 en castelán Cal Pardo adopta un criterio diferente, pois en Cal Pardo, 1993, 725, transcribe “Çeleyro de Vyueyro” e en Cal Pardo, 1999, 420, “Çelero de Vyueiro”.

unha parte en galego con castelanismos, outra híbrida e a fe do notario en castelán con galeguismos (Enríquez Paradela, 1987, 93); un de Oia de 1495 mestura as dúas linguas, aínda que ten máis galego, e nel o notario decídese polo castelán ó dar fe (*AHN* 1489.13); un de Santa a María a Nova de Lugo de 1495 (en traslado) presenta unha lingua híbrida e o notario, que tenta escribir en castelán, ten palabras e unha frase en galego (*AHN* 1125.10) e nun de Santa María a Nova de Santiago trasládase en 1490 un documento de 1486 e o que escribe faino en galego, pero o notario dá fe mesturando galego e castelán (*AHD*, *San Martiño*, c. 44, fol. 206rv). Xa dixen que todas estas combinacións se deben moitas veces a que os notarios mandan escribi-los documentos e eles só escriben unhas liñas para dar fe.

17.9. O hibridismo únese ó que ocorre con outros documentos, sínodos ou nalgún *Libro*, onde se practica un verdadeiro bilingüismo, que non se presenta en tódolos textos da mesma maneira, pois pode alternar entre os casos en que domina o galego e hai unhas liñas en castelán, ou viceversa, e os casos en que están, máis ou menos, á par os dous idiomas. Así, en Ourense un de 1385, que fala dos agravios que presenta o concello contra o bispo e das respostas deste, está escrito maioritariamente en galego, con algunha interferencia do castelán no encabezamento e na fe do notario, pero as respostas do arcebispo ós agravios están sempre en castelán, se ben o significativo é que non se trata de textos escritos polo bispo en castelán, senón que o notario, que utiliza o galego, cando reproduce as interrogacións que se lle fan ó bispo non as traduce ó galego e déixaas na lingua foránea (Martínez Sueiro, 1911, 38-43; Monteagudo, 1985, 102-3; Ferro Couselo, 1967, II, 243-50; Mariño Paz, 1998, 190). Noutro da mesma cidade de 1441 o concello responde ós pedidos do rei en galego, pero o recadador do rei (Rodrigo Afonso de Çamora) exprésase en castelán, e noutro de 1456 hai unha boa parte escrita en galego con castelanismos e despois unha parte en castelán con galeguismos (López Carreira, 1998a, 668-9, 680-2); tamén están presentes as dúas linguas nun libro que recolle un preito entre o bispo e o concello da cidade (López Carreira, 1998b). En Lugo un de 1351 do pertegueiro maior de Santiago, feito en Sevilla, está en galego, pero ten as últimas liñas, a data, a indicación das testemuñas e a fe do notario en castelán (Portela/García Oro, 1997, núm. 571); outro de 1498 comeza de forma híbrida, despois pasa un pouco ó castelán e xa continúa en galego con castelanismos, mesturando o notario na fe as dúas linguas, e outro de 1499 comeza utilizando máis o castelán e despois pasa ó galego con castelanismos, dando fe o notario en castelán con galeguismos (Portela, 1998, 598-600, 603-4). Na Coruña nun de 1491, cunha doazón ó mosteiro de Santa Bárbara, unha parte está en galego e outra en castelán (Barral, 1998, 439-43). Outro caso está na copia de documentos de Cis de finais do XV (non se indica o ano), na que temos unha pesquisa do bacharel Álvaro González de León, xuíz e pesquisador comisario dado polo rei, que se expresa en castelán, lingua na que tamén están as respostas (*AHD*, *San Martino*, c. 54, fols. 111r-20v), mentres que ó final o abade do mosteiro utiliza o galego (fol. 121r). En Celanova hai un documento de 1487 referente ós dereitos do mos-

teiro en certas igrexas que está en castelán, pero o que o saca dun memorial faino en galego con palabras en castelán (seguramente porque se trata dunha copia); no mesmo ano aparece unha copia dun interrogatorio que ó principio ten galego e despois castelán e en 1491 un documento en galego que contén a resposta ó requirimento en castelán (Vaquero Díaz, 2004, núms. 796, 798, 851). En Ferreira de Pallares un de 1482 ten un engadido de 1529 en castelán, coa utilización da forma *Ferrera*<sup>71</sup>, pero coa intercalación dunha pasaxe en galego: “Pero Rrodrigues, v<sup>o</sup> de San Biçenso de Villa Merelle, fillo de Lope de Casaes” (Rey Caíña, 1993, núm. 648). En San Salvador de Ferreira temos un mazo cunha sentenza e compromiso de 1487 en castelán que ten as dúas liñas finais en galego e na última folla as catro primeiras liñas están en castelán, a quinta empeza en castelán e continúa en galego, as dúas seguintes están nesta lingua e xa a oitava e seguintes en castelán (*AHN* 1081.26). Na catedral de Mondoñedo nun de 1458 en galego hai unha carta de compromiso entre os cóngos e o rector de Cabarcos, no que dá a sentenza en castelán Roí Díaz de Luaces, bacharel en decretos e tesoureiro de Ourense (Cal Pardo, 1990, 588); outro de 1473 do cabido contén unha primeira parte en galego con castelanismos e despois unha carta de compromiso en castelán con galeguismos (Cal Pardo, 1999, 380-3) e outro de 1489 comeza en castelán con galeguismos e remata en galego con castelanismos e nel trasládase unha carta de 1462 en castelán con galeguismos e outra de 1437 en galego con castelanismos (Cal Pardo, 1999, 340-3). En Noia un de 1450 en galego, perante García Prego, xurado da vila e tente ás veces do xuíz Fernán de Fonteveiros, e perante Pero Carneiro, xurado e rexedor da vila, e en presenza dun notario, García Prego e Pero Carneiro dan unha sentenza: todo o documento está en galego, agás a sentenza, que está en castelán (Barreiro, 1995, 99-101). En Poio en 1456 nun preito entre o abade e Elvira Oanes escríbese en galego, pero a sentenza intercalada do xuíz comisario (o licenciado e mestrescola Francisco Rodríguez de Toledo) está en castelán (*AHN* 1778.16; García Miraz, 218-20). En San Martiño dos Piñeiros hai textos de 1496, 1503 e 1506 que empezan en castelán, despois pasan ó galego e rematan en castelán (*AHUS*, *San Martiño*, 465, fols. 228r-9r; *id.*, 466, fols. 46r, 52r-54v), igual ca en dous de Bergondo de 1503 (*AHUS*, *San Martiño*, 466, fols. 48r-49r), e en 1495 o abade de San Martiño, xunto co prior e outros frades, danlle a casa de San Paio a Lope Gómez de Marçoa para facer un colexio de estudantes, ó cal este dota cunha serie de bens; no documento a parte referente á doazón da casa polo mosteiro está escrita en castelán con moi poucas palabras en galego e a parte referente os bens que doa Lope de Marzoa está en galego con bastantes castelanismos (Justo, 1995, 106-7). Tamén en San Paio de Antealtares en presentacións de documentos anteriores feitas en 1483 hai algunhas (20 en total) que empezan en castelán e continúan en galego (*AHUS*, 897, fols. 46r, 62r, 63r, 64r, 66v, 68r, 84r, 84v, 86v, 89r, 90r, 91r, 95v, 98v, 100v, 154v, 156r, 159biv, 161r, 163v). En Santiago o arcebispo Lope de Mendoza confirma en 1443 en castelán as

<sup>71</sup> A forma *Ferrera* aparece con frecuencia no XVI, tanto en textos casteláns, como nun de 1544, coma en textos latinos procedentes de Roma de 1534 (3), 1556, etc. (Rey Caíña, 1993, núms. 671-5).

ordenanzas do gremio dos acibecheiros, que están en galego (López Ferreiro, 1895, 491-6). En Samos temos un de 1494 no que se empeza a escribir en castelán, para pasar despois ó galego, lingua na que está case todo escrito, dando fe o notario en castelán (*AHN* 1301.9); o mesmo ocorre noutro de 1497, se ben o notario dá fe en castelán con galeguismos (*AHN* 1301.17). En Sobrado nun de 1451, no que comparece o abade perante o alcalde e rexedor da Coruña e que contén privilexios de Afonso IX, Fernando III, Afonso X, Sancho IV e Xoán II, a primeira parte está en castelán (González Garcés, 1987, 639) e despois de inseri-los privilexios está en galego (*id.*, 642), e no mesmo mosteiro hai varias follas con varios documentos: de 1501 con partes en galego e o resto en castelán, de 1503 e 1504 en castelán con moitos galeguismos e de 1442 en galego (*AHN* 555.1). Digno de mencionar é o que ocorre nun libro de *Actas Capitulares* da catedral de Santiago, onde abundan os casos. Así, un de 1466 ten a primeira parte en galego e despois en castelán; en dous de 1471 a primeira parte está en castelán e a segunda en galego; nun de 1476 a primeira parte en galego e a parte final en castelán con galeguismos; un de 1477 ten unha parte en galego con castelanismos e outra en castelán; un de 1479 está maioritariamente en castelán, pero remata con nove liñas en galego; un de 1480 ten a maior parte escrita en galego, pero remata en castelán con galeguismos; no mesmo ano un comeza en galego e remata en castelán e outro ten primeiro galego e despois castelán e galego; en 1481 hai un que empeza en galego (8 liñas), pasa despois ó castelán (2 liñas), volve ó galego (15 liñas) e a continuación o notario empeza en galego con algún castelanismo (5 liñas) e logo continúa en galego ata o final (24 liñas); outro de 1481 empeza en galego (2 liñas) e continúa en castelán (33 liñas), pero di ó final “e outros”; outro do mesmo ano ten partes en galego e partes en castelán e partes híbridas; ademais en 1462, despois dun longo documento en galego, vén a referencia ós bens que deixa Xoán Arias, coa primeira parte en castelán con galeguismos (12 liñas) e despois en galego con castelanismos (17 liñas) (Vázquez Bertomeu, 1996, fols. 9v, 103v, 108v, 194r, 207v-8r, 249r-50v, 263r-4r, 264v, 266v, 281v-4r, 287v, 292v-3r). Tamén en Tui hai un documento de 1480 escrito na súa maior parte en galego con castelanismos e ó final en castelán con galeguismos e outro de 1498 en parte híbrido e en parte bilingüe (Vila-Botanes, 2001, 306, 321-2). O bilingüismo tamén se pode dar entre o galego e o latín. Véxase §§ 9, 10, 10.1-2.

17.9.1. Nos Concilios ou Sínodos hai algunhas mostras interesantes. No Concilio Compostelán XXXVII de 1416 temos unha parte en galego, pero unha constitución do arcebispo en castelán (*HIS*, VII, 35-36; García, 1981, 319-20); o XXXVIII de 1431 empeza en galego e despois alterna na reprodución das constitucións do arcebispo: I-VII en castelán e VIII-IX en galego (*HIS*, VII, 42-45; García, 1981, 320-2). Igual ocorre no XXXIX de 1435, que empeza en galego e despois as constitucións I-V están en castelán, a VI en galego, a VII en castelán e as VIII-XVI en galego (*HIS*, VII, 58-64; García, 1981, 322-7).

17.9.2. Pasando ós libros, o *Tombo Vermello* de Santiago (Rodríguez González, 1995), feito posiblemente en 1435, ten unha parte, máis ampla, en castelán e outra en

galego, pero de vez en cando pon algunha palabra en galego na parte castelá e nalgunha ocasión é totalmente híbrido, como nas pp. 40-43. Están en galego con castelanismos as últimas liñas da p. 43 e a maior parte da 44 e despois en castelán ata a p. 77. A continuación di “Este he o libro das rendas do arçobispado de Santiago en Galiza” e está en galego (*id.*, pp. 79-96), igual ca “Estas son as visytacões que eu vicario visytey depois que se meu señor o arçobispo foy aa fronteyra” (*id.*, pp. 97-116). As cinco últimas liñas da p. 116 e a 117, así como “las rentas que mi señor, el arçobispo, ha en su arçobispado” (*id.*, pp. 119-21) e o “Libro de remembrance so breve suma de las rentas e derechos” (*id.*, pp. 123-62) están en castelán. Ó final hai un apéndice en galego cun memorial da renda e servicio que pagaban antigamente en Covas, Ames e o Xiro da Rocha (*id.*, pp. 163-75). Tamén alternan as dúas linguas nun códice do Arquivo arcebispaal citado por López Ferreiro, 1895, 529-31, 535-6, 537, 538-9, 545-7, 548, 553-4.

17.9.3. No *Libro do Concello de Pontevedra* (Rodríguez González, 1989), inclúense numerosas cartas en castelán (cf. §§ 14.4, 15.4.7). Esta constante intercalación leva a que en dúas ocasións se produza un despiste do escriba e que rompa o esquema narrativo en galego. Así, na p. 83, despois dunha carta do arcebispo Lope de Mendoza, non pasa ó galego e continúa en castelán con 11 liñas: “la qual carta asy presentada e leyda ... Testigos que fueron presentes ... Juan Maçeyno e outros”. Máis adiante comete o mesmo despiste na p. 106, escribindo en castelán 22 liñas tras reproducir unha carta do mesmo arcebispo e outra de Rui Martínez de Carvallido.

17.9.4. Nos *Padróns* de Ourense (cf. 14.3, 17.2.3) temos bastantes casos de bilingüismo nos máis modernos. O de 1487 utiliza o castelán na introducción, pero deixa os nomes das rúas e das persoas en galego; o de 1488 usa o castelán na introducción e mestura galego e castelán nos nomes das rúas e dos oficios; o de 1491 está case todo en galego e o colofón final en castelán; os de 1492, 1493 (2), 1494 e 1497 están en galego, pero a introducción e o colofón en castelán (López Carreira, 1995, 153-69, 178-215, 255-64); un de 1493 e outro de 1495 teñen o comezo en castelán e despois seguen en galego e outro de 1495 comeza a introducción en castelán e remátaa en galego, estando o resto en galego (*id.*, pp. 215-46). A estas hai que sumar outras combinacións. Así, nun de 1497 a introducción está en castelán cun galeguismo e o resto en galego con castelanismos e noutro de 1498 a introducción está en castelán con galeguismos e o resto en galego (*id.*, pp. 265-82). Finalmente, o de 1504 mestura bastante as dúas linguas, sobre todo na exposición, pero os nomes, polo xeral, están en galego (*id.*, pp. 284-95).

17.10. A presenza de castelanismos en textos galegos e de galeguismos en textos casteláns, así como de formas híbridas, é normal que se dea desde as últimas décadas do XV polas razóns aducidas, pero non debemos esquecer que a chegada de documentos en castelán a Galicia comezou no século XIII (cf. §§ 15, 15.1, 15.2) e que os notarios galegos estaban, máis ou menos, familiarizados con eles, porque moitas veces tiñan que reproducir ou facer traslados de documentos reais ou particulares escritos nesta lingua. Por iso parece razoable que, por unha banda, introduzan de vez en cando algunhas pala-



bras en castelán nos seus documentos e que, pola outra, nos traslados que fan actúen con certa impericia e substitúan as palabras castelás polas correspondentes en galego. Os documentos galegos que conteñen traslados de documentos en castelán son innumerables e teñen contido moi variado: unhas veces o documento castelán está incluído nunha carta escrita en galego, outras só se fai o traslado reproducindo o texto en castelán e o notario que o traslada pon en galego as circunstancias polas que o fai, a data (non sempre) e a fe, aínda que hai veces en que se limita a pór en galego a fe. Abonda con citar uns cantos casos destes traslados: en Allariz hai un traslado de carta de Sancho IV de 1293 (*AHN* 1429.9); en Celanova en 1338 (Vaquero Díaz, 2004, núm. 130) hai un traslado dun privilexio de Sancho IV de 1291, que á súa vez confirma outro privilexio de Afonso X de 1274 (*id.*, núms. 67, 83) e un traslado sen data doutro privilexio de 1292 (*id.*, núm. 84); en Chantada un de Afonso X de 1259 en traslado de 1330, dous de Sancho IV de 1290 en traslados de 1328 e 1345, de Afonso XI de 1331 (2), 1332 (5) e 1338 en traslados posteriores do XIV, de Pedro I de 1351 en traslado de 1379 e de Henrique II de 1371, 1393 (2) e 1395 (2) (*AHN* 1067.12,22-23, 1068.21, 1069.4-9,20, 1070.11, 1071.3,15-16,19-20); en Cis un documento en galego de 1433 que reproduce unha carta real de 1432 (*AHD*, *San Martiño*, c. 54, fols. 123r-6r); en Ferreira de Pallares un de Afonso X de 1268 en traslados de 1307 e de 1341 e un de Xoán I de 1380 en traslado de 1383 (Rey Caíña, 1993, núms. 399, 511, 570); en Lugo un traslado dunha carta do infante D. Filipe de 1327, numerosos traslados de privilexios reais no XIV e documentos de 1438, 1468, 1472 e 1474 (2) que reproducen delegacións dos bispos de 1437, 1467, 1472, 1473 e 1474 (*CDH*, I, 77-79; *CDH*, III, 55-56; Portela/García Oro, 1997, núms. 26, 228, 283, 416, 469, 602, 610, 642, 705-6, 716, 727, 744-5, 791, 802-3, 814, 816, 824, 830; Portela, 1998, 192, 337-8, 372-3, 393-4, 396-8); en Melón traslados de cartas de Afonso X de 1258, 1265 e 1281, de Gutier Pérez de 1281 e o testamento de Xoán Núñez Churri-chao de 1298 trasladado posteriormente (*AHN* 1453.3; Cambón, 1958, núms. 588, 655, 803, 805, 961; Villa-Amil, 1909, 400-1) e tamén de Sancho II, unha cando era infante de 1276 e outras dúas de 1286 e 1287, xa rei (*AHN* 1452.12, 1453.20, 1454.3; Cambón, 1958, núm. 858); unha carta de 1347 contén outra do alcalde e meiriño maior do rei (*AHN* 1464.14) e en 1422 un notario autentica en galego unha carta escrita en castelán que achou nas notas e rexistros do notario Gutierre Fernández de Salamanca, na que introduce algún galeguismo (*ACOu* 3534); en Mondoñedo un de Afonso X de 1261 en traslado de 1293, en 1291 nun testemuño dun notario de Viveiro reproducése unha carta de Sancho IV do mesmo ano galeguizada e outra de Sancho IV de 1292 en 1419, en 1336 un privilexio de Fernando IV de 1305, en 1372 e 1384 cartas de Henrique II de 1372, en 1380 e 1381 cartas de Xoán I de 1379 e 1381, en 1413 unha do adiantado maior de 1411, en 1454 e 1464 cartas do bispo de 1453, en 1485 unha sentenza do oidor da Audiencia dos Reis Católicos do mesmo ano (Cal Pardo, 1990, 28-29, 35, 39-41, 57, 58-59, 59-60, 65-66, 85; 1991, 219-22; 1999, 60, 74-80, 92-97, 185-8, 194-5, 200-3, 239-47, 311-3, 347-9, 421-3) e en relación con Viveiro traslados de privilexios de Sancho IV de 1289,

1291 e 1292, de Henrique II de 1372 e de Henrique III de 1404 (2) (Cal Pardo, 1991, 90-91, 92-93, 148-9, 175-8); en Monfero un de 1286 e outro de 1299 conteñen, respectivamente, cartas de Sancho IV de 1285 e 1294, outro de 1347 unha de Afonso XI de 1331 e outros de 1358 e 1380 cartas de Pedro I de 1351 (*AHN* 502.14, 503.10, 506.10,17-18); en Montederramo traslados de cartas de 1330, 1338 e 1341, en 1348 do adiantado maior do rei en Galicia do mesmo ano e o traslado dunha carta de Xoán I de 1381 (núms. 1152, 1179, 1250, 1404); en Moraimo hai diversos traslados de cartas reais (*AHUS*, Pergameos, 15-16,18,21-23,26-27), un traslado en 1403 de carta do conde D. Fadrique do mesmo ano (Pergameo 28) e traslados feitos en 1375 de cartas de Gómez Fernández, alcalde e meiriño do rei en Galicia, de 1361, e de Rodrigo Alfonso de Mansiella, adiantado maior en terra de León e Asturias e meiriño maior de Galicia, de 1363 (Lucas, 1975b, 635-7; 1999, 1104-5); en Santa Comba de Naves traslados de documentos de Afonso X de 1255 e 1278, así como unha carta de 1308 trasladada en 1328 e unha de Xoán I de 1380 trasladada en 1386 (Vázquez Núñez, 1905, 354-6; *AHN* 1506.10-11,18, 1507.8); en Oia un de 1268 nun traslado de 1276 e outros de 1272 e 1273 en copias ou traslados (*AHN* 1803.3,13-14,18); en Oseira un traslado en 1326 dun privilexio de Xoán I do mesmo ano, en 1352, 1354 e 1360 de privilexios de Pedro I de 1351 (2) e 1359 e en 1378 e 1379 de Henrique II de 1376 e 1379 (*AHN* 1543.4, 1547.16-17, 1548.15, 1550.2,11); na catedral de Ourense un documento reproduce dous de 1270 feitos en Badajoz (Duro Peña, 1996, 324), en 1395 e 1396 (3) hai documentos en galego que conteñen cartas do bispo en castelán dos mesmos anos (*DACO*, 1917, 372-5, 377-8, 380-3; Duro Peña, 1973a, núms. 980, 982) e tamén moitos traslados de privilexios reais (cf. *DACO*, 1917, 217-8, 222-3, 271-5, 285-7, 430-3; López Carreira, 1998a, 694; *Escripturas* VIII, 330r-5v; XIII, 17; XV, 32/1-2; *Privilexios* III, 31, 33-34, etc.); en Pombeiro en 1448 unha carta do conde D. Pedro de 1381 (Lucas/ Lucas, 1996a, 101-3); en San Pedro de Rochas faise en 1345 o traslado dunha carta de Fernando IV de 1305 (*AHN* 1566.6); en Sobrado traslados de cartas de Sancho IV de 1286, de Fernando IV de 1300, 1304, 1307 e 1309 e de Afonso XI de 1315, en 1469 traslado dunha carta en latín e doutra en castelán e en 1484 dunha de Diego de Muros (*AHN* 544.3,19-20, 545.20, 546.2,5,9,13; 553.2,13); en Tui varios privilexios reais trasladados en 1393 e un albará do adiantado maior de 1418 trasladado en 1422 (Vila-Botanes, 2001, 261-75, 276-7); en Vilanova de Dozón unha carta de Sancho IV de 1286 trasladada en 1338 (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 109) e en Vilanova de Lourenzá traslados de documentos de Afonso X, Sancho IV, etc. (*AHN* 1108.1,5,19).

17.10.1. En Santiago pódense citar moitos: un de 1311 inclúe unha carta de Fernando IV na que se manda entrega-lo señorío da cidade ós arcebispos (López Ferreiro, 1895, 319-24); nun de 1369 o concello cumpre o mandado de Henrique II, que os obriga nunha carta escrita na mesma cidade (*id.*, pp. 416-8); en 1421 Xoán II comunicalles a tódalas autoridades de Santiago e a todo o clero unha decisión en contra das medidas tomadas polo arcebispo e, unha vez lida a carta no Consistorio, transmíteselle ó cabido en galego (López Ferreiro, 1895, 449-51); no *AHUS*, nun longo documento en galego de

1432 (Justo/Lucas, 1991, 308-27), recóllense dous textos en castelán, un dun notario de Santiago de 1429 e outro do arcebispo Lope de Mendoza de 1430, así como un en galego do pertegueiro maior da terra de Santiago de 1432 (*id.*, pp. 310-4); en 1346 trasládase unha carta do arcebispo D. Pedro de 1344 e reproducése unha do arcebispo Rodrigo de Luna de 1450 nun longo documento en galego de 1451 (Rodríguez González, 1992b, núms. 4, 34); no Tombo H da catedral de Santiago temos en 1395, 1396 (6) e 1397 (7) traslados ou inclusión de cartas do arcebispo Xoán García Manrique dos mesmos anos e sen data traslados de albarás do arcebispo Lope de Mendoza de 1404 e 1406 (Cabana Outeiro, 2001, núms. 1-2, 4-6, 9-11, 13-15; 2003a, núms. 169, 226, 4-5inv, 9inv, 11-12inv, 15inv, 18inv, 83inv; 2003b, núms. 168, 4-5inv, 9inv, 11-12inv, 15inv, 18inv, 83inv); tamén hai un traslado en 1394 de documento castelán de 1388, en 1395 traslado de carta do Mestre da Orde de Santiago de 1292, procedente de Mérida, e traslados de dúas cartas reais de 1407 (Cabana Outeiro, 2003ab, núms. 1-2inv, 84-85inv). Ademais, en Belvís trasládanse en 1376 e 1470 cartas dos arcebispos, en 1379 do rei Pedro I de 1351, en 1463 de Henrique IV de 1456, en 1444 de Xoán II de 1408, en 1379 de Afonso I de 1337 e un documento de 1385 trasladado o mesmo ano (*ACB*, mazo 1.2,6,14,16-17, 24; Rodríguez Núñez, 1990, 158-9; 1993c, 331-2; *AHN* 525.2); en San Martiño hai varios traslados de privilexios reais (*AHUS*, Clero, S. M., perg. núms. 60, 71-72, 76, 78; Lucas, 2003, 333-5); en San Paio de Antealtares un traslado sen ano de carta de Afonso X de 1270 e tamén unha carta de Sancho IV de 1287 seguida doutra do executor do rei con galeguismos (*AHN* 521.19, 522.8); en San Pedro de Fóra un do conde D. Fadrique de 1418 (*AHUS*, Clero, S. M., perg. núm.. 79).

17.10.2. Máis destacables son outros documentos pola súa complexidade. Na catedral de Ourense hai un documento que contén un privilexio de Xoán I de 1379, o cal confirma privilexios dados á igrexa de Santiago por Fernando III en 1238 (en latín) e confirmados por outros reis. O privilexio de Xoán I reproduce o de Fernando III, dous de Afonso XI de 1336 (o segundo inclúe cartas de Sancho IV de 1291 e 1294) e 1340, dous de Henrique II de 1372 e unha carta do despenseiro do rei de 1372, pero o importante é que este privilexio de Xoán I atópase nun traslado de 1380 feito en Santiago e este traslado á súa vez noutro traslado feito en Ribadavia en 1489 e nestes traslados os notarios escriben en galego (*DACO*, 1917, 155-62). Outro documento aínda máis complexo é un de 1364, no que se presenta ante un notario de Ribadavia, que escribe en galego, un traslado feito en Santiago en 1363 por un notario que tamén escribe en galego dun privilexio de Pedro I de 1351 que contén o privilexio que acabo de citar de Xoán I e tamén se presenta unha carta de 1364 de Rodrigo Alfonso de Mansiella, adiantado e meiriño maior, escrita en castelán, e outra do mesmo ano de Gil Vaasques, deán de Ourense e alcalde maior polo rei das Irmandades do reino de Galicia, que está en galego (*DACO*, 1917, 162-67; Duro Peña, 1973a, núms. 862-3). Vexamos outro caso. En 1404 o bispo de Mondoñedo actúa como árbitro entre as sés de Santiago e Oviedo no contencioso pola cantidade que debe pagar Oviedo polo voto de Santiago. O bispo escribe en galego

estando en Valladolid e o documento reproduce un escrito do bispo de Oviedo en castelán galeguizado. Despois en 1410 fíxose un traslado deste documento en Santiago no que o notario escribe en galego e máis tarde, en 1427, a condesa D<sup>a</sup> María manda facer un documento en castelán en Valencia de D. Juan (León) que reproduce o documento de 1404 (Sánchez Sánchez, 2000, núms. 58, 68, 72). En cambio, nun documento de 1452 de Rochas trasládanse varios documentos reais e o que os traslada escribe en castelán (*AHN* 1565.8). Outros casos interesantes témolos nun documento de 1345, no que o rei Afonso XI confirma un privilexio de Fernando IV e este outro de Afonso X de 1270 (*CDGH*, 161-9), pois nel os límites dos lugares van postos en galego (*CDGH*, 163-4), e noutro de Lugo que contén unha carta de Afonso XI de 1341 trasladada en 1502 en castelán con galeguismos, na que dous notarios dan a fe en galego e o terceiro en galego con castelanismos (Portela/García Oro, 1997, núm. 414). Tamén pode ocorrer que se copien documentos a finais do XV e que o escriba os galeguice. Así, hai unha copia dun documento do mosteiro de Cis presentado ante o Consejo Real en 1464 que ten palabras en galego e unha copia galeguizada doutro documento do mesmo mosteiro (no que falta o ano debido a que desapareceu unha folla) escrito polo alcalde maior do reino que inclúe cartas reais de 1380 e 1401 e onde podemos ler “vinte et oycho días de dezenbre, era de mjjl et quatrocentos et des et oycho anos” (fol. 139v) na carta real de 1380 (*AHD*, *San Martiño*, c. 54, fols. 62r-64r, 136v-9v).

17.11. O caso contrario témolo en documentos escritos en castelán que incorporan ou trasladan cartas anteriores en galego e as castelanizan e en copias posteriores de documentos galegos que aparecen, en xeral, tamén castelanizadas: en Allariz en 1541 trasládase un documento en galego de 1384 (*AHN* 1430.6); en Belvís en 1487 un de 1463 (*ACB*, mazo 47.7); en Celanova documentos de 1276 e 1392, este traducido ó castelán, e tamén de 1453 (2), 1454, 1455, 1468, 1481, 1489 (contido nun preito de 1525), 1493 (3), 1494 (7), [1491-1494], 1500 (2), etc. (Vaquero Díaz, 2004, núms. 70, 200, 405-6, 413, 427, 588, 727, 820, 870, 878-9, 882-3, 885-6, 888-91, 905, 964, 966); en Carboeiro un de 1493 trasladado en 1521 no que se escribe *Carboero* (*AHD*, *San Martiño*, 57.24); en Cis dous de 1482 trasladados en 1516 (*ACS*, mazo 425, fols. 132r-6r); en San Martiño da Cova hai un que traslada un de 1517 poñéndoo en castelán, pero deixando moitas palabras en galego (*AHN* 1066.10); en Ferreira de Pallares un de 1463 contido nun traslado posterior en castelán con galeguismos (Rey Caiña, 1993, núm. 640); en Lugo un feito en Vilafranca en 1434 reproduce outro en galego do mesmo ano (Portela, 1998, 180-1); en Melón nun de 1406, no que se actúa ante o Dr. Pero Alfonso, correxedor e alcalde maior do reino, trasládase un documento en galego de 1348, que á súa vez traslada unha carta en castelán do mesmo século (*AHN* 1473.12); en Mondoñedo documentos de 1462 e 1536 trasladan outros en galego de 1454 e 1486 e un en castelán de 1510 traslada un documento do bispo de 1421 en castelán con galeguismos, no que parece que o autor do traslado fixo unha tradución a esta lingua (Cal Pardo, 1990, 76-77; 1993, 733-4; 1999, 250, 336-40, 423-4); en Muros un de 1456 trasladado hibri-

damente en 1523 (*Outes*, fol. 12r-14r); na catedral de Ourense un de 1453 insire unha carta en galego do mesmo ano (*Libro Grande*, 249) e hai un de 1480 en copia moi castellanizada (Leirós, 1953-1954, 99-101); en Ribadavia un notario que escribe en castelán traslada un en galego de 1507 (Enríquez, 1987, 98-99); en Samos nun trasládase unha carta de 1468, noutro de 1484 unha de 1433 e noutro de 1508 unha de 1489 (*AHN* 1294.9, 1299.5, 1301.2); tamén documentos de 1509 e 1512 transcriben en galego os textos tomados das notas e rexistros de notarios anteriores (*AHN* 1308.14, 1312.20); en Santiago un en castelán de 1403 contén varias cartas, unha delas de 1402 en galego do bispo de Mondoñedo Álvaro de Isorna (*HIS*, VII, 9-17), un foro de 1487 trasládase posteriormente (*AHUS*, A-82, núm. 35, fols. 266-8) e un de 1423 aparece incorporado nun de 1491 (*AHUS*, Col. Blanco Cicerón, 44); en San Martiño dos Piñeiros un de 1494 está contido nun documento de 1525, outro de 1443 nun de 1528 e outro de 1467 moi castellanizado nun de 1501 (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.28,44; c. 59.11); en San Pedro de Fóra un de 1484 incorporado nun de 1566, un de 1488 está incorporado noutro en castelán do mesmo ano (*AHD*, *San Martiño*, c. 57.15; c. 86.6) e un de 1485 foi trasladado en San Martiño en 1522 (*ACS*, mazo 425, fols. 178r-80v); en San Paio de Antealtares hai un de 1459 trasladado posteriormente, outro de 1468 trasladado en 1520, documentos de 1460 e 1461 trasladados en 1520 e case completamente castellanizados ou documentos de 1485, 1489 e 1491 (*ACS*, mazo 425, fols. 64r-66r, 119r-20v; *AHD*, *San Martiño*, c. 61.18/3; c. 86.19/2,28/2-3); en Santa Cristina da Pena un sen ano traslada un en castelán de 1490, que á súa vez traslada un en galego de 1455 e o castellaniza (*AHD*, *San Martiño*, c. 48.104); en Sobrado un de 1348 (Daviña Sáinz, 2003, 149); en Viveiro un dos Franciscanos de 1538 en castelán contén unha carta de 1503, que posiblemente estivese en galego, pois mestura galego e castelán, e unha ratificación dela de 1509 en castelán con galeguismos (Castro, 1989, 582-5). Outros casos son a copia do testamento de Roi Xordo das Mariñas, rexedor da Coruña, de 1457 (González Garcés, 1987, 648-51), un de 1454 de Lope Sánchez de Ulloa, moi castellanizado ó estar incluído noutro documento posterior en castelán (Vaamonde Lores, 1915, 10-11), unha cláusula do testamento do mariscal Sueiro Gómez de Soutomaior, de 1500, trasladada posteriormente (*AHUS*, A-80, núm. 46, fol. 974), en 1467 o testamento de Ruy González de Ribadeneira e en 1471 un documento do abade de Samos (García Oro/Portela, 2002, 168-70), en 1492 o testamento de Diego de Lemos trasladado posteriormente por notario de Chantada (Martínez Sueiro, 1915, 109-11, 121-8, 135-43). Con máis motivo hai castellanización cando os traslados se fan fóra de Galicia, como nun de 1358 (con carta do bispo de Mondoñedo de 1357) feito en León e noutro de 1435 (inclúe dous documentos en galego de 1434) feito en Sevilla (Cal Pardo, 1999, 169-72, 262-85).

18. É pena que se chegase a esta situación porque no século XV o galego acadara unha elevada perfección e nel podían escribirse pezas xurídicas de grande altura, como ocorre nun longo documento do 13 de xullo de 1430 do *Liuro das posisoas do Espital dos*

*pobres* de Muros (fols. 15r-16r), no que se dirime un preito entre Rodrigo Ares de Fistera, procurador e administrador do Hospital, e Xoán Martís Mourello, mercador, que tiñan “palabras e contendas e debates” sobre a metade de “dúas moradas de casas” que Lourenzo Afonso mandara a Xoán Martís en súa vida e que fixera despois un “coudijillo”, no cal “mandou tódassilas ditas casas emteyramente” ó Hospital, razón pola cal Rodrigo Ares lle demanda a Xoán Martís “que me desembargedes as ditas moradas de casas e me pagedes os alugeyros e foros que dellas leuastes o *tempo* que as teustes”, cousa á que se opón o demandado:

Por ende, e por quitar e ebjtar de nós e de cada hũu de nós e de nosas bozes e do dito espital e proues del et bjremos sobre ello a bõ amorío e pas e concordja, de nosos plazer es et ljbres *vontades*, sem outra premja e costrengemento algũu, *conprometemos* em poder de Esteuõo Rrodrig es, ljbrençiado em decretos, alcalle da çidade de Santiago, asy como<sup>72</sup> em noso ome bõo, árbjtro arbjtador posto por nós, ánbassilas ditas partes, asy como<sup>72</sup> em noso ome bõo e jujs de avjnçaa, árbjtro arbjtador, amjgávelle *conpoedor*, ao qual damos e outorgamos todo noso ljbre e *conprido* poder para que ontre nós ... ljbre e determjne tódosllos pl[e]jtos<sup>73</sup> e contendas que ontre nós abjamos e poderiamos auer sóbrella dita rrazom ata oje este presente dja, asy que quanto o dito noso ome bõo ontre nós ... mandar, lijbrar, determjin ar per sentença ou per sentenças, segundo *dereyto*, ou abjndo et *conpoendo* como<sup>72</sup> el quiser e por *bem* teuer, tomando o que he da húa parte / (fol. 15v) e dándoo á outra, asy grande contía como<sup>72</sup> pequena, firme e estáuelle seja ontre nós ... e da sentença e julgo e mando que o dito noso ome bõo em hũu acordo e em húa contía ontre nós ... der e julgar e mandar e determjin ar e loar e aver e *composer* sóbrella dita rrazom ... segundo *dereyto*, ou avjndo e *conpoendo* como el quiser e por *bem* teuer, sendo ou estando partes presentes ou *nom* presentes, a húa parte presente et a outra ausente, dja feriado ou *nom* feriado, a órdẽe e rregla do *dereyto* agardada ou *nom* agardada, nós ... *nom* auemos de apellar *nem* soplj ar dello, *nem* nos chamar *nem* rrecorer sobre ello arujdro de *bom* barom, ante o promete mos e outorgamos de o teer e *conprir* e agardar e *nom* yr contra ello ... em jujsõ *nem* fõra del, per juramento que ende fazemos em este sinal de crus † em lugar dos Santos Auangeos, que *com* nosas mãos *dereytas* tanjemos, e so pena<sup>72</sup> de seer emfames e fepejuros e menos valler, e so pena<sup>72</sup> de quinentos frolijs d’ouro, que dé e page por pena<sup>72</sup> e em nome de pena<sup>72</sup> et emterese a parte de nós que o *nom* teuer e *conpljr* á outra parte agardante; e a pena<sup>72</sup> pagada ou *nom* pagada, todavja esta carta de *conprimjso* e sentença que per vertude del for dada fijque firme e balla para todo senpre.

Por esta razón, Estevo Rodríguez presenta ante o notario un “escrito de sentença arbjtaria”, da que transcribo algũns parágrafos:

E eu, o ljbrençiado Esteuõo Rrodrig es, árbjtro arbjtador, amjgáuelle *conpoedor* e jujs de abjnçaa tomado e escoljdo ... sóbrellos pl[e]jtos<sup>73</sup> e demandas e contendas, quis-

<sup>72</sup> Cun trazo sobreposto.

<sup>73</sup> Está escrito *pljtos*.

tõos e avções que ... avjã e emtendjã auer e mober sobre hũas casas ... segundo que may largamente som expresas e declaradas e letimadas emno comprimjso que pasou porante Gomes Afonso, notario ... e açeptado em mjm o dito poderio e bjsto e exsemjnado as escripturas e dereytos das ditas partes e de cada hũa dellas, e oýdo todo quanto ante mjm quiserom djzer e rrazoar e alegar, e avjdo sobre todo ello meu acordo e consello com madura deljbraçom, por quitar as ditas partes de pleytos e custas e contendas e as trager a bõa pas e amor e concordja, / (fol. 16r) arbjtrando, loando, avjndo e comp[o]endo<sup>74</sup>, mando que o dito Johãn Martís leijxe e desembarge ljbrememente e com efeyto as ditas casas e cada hũa dellas ao dito espital ... por quanto acho segundo dereyto em mja conçiencia que as ditas casas som do dito espital.

O autor desta sentençia era irmãn do pai do bispo Diego de Muros III e escribe na lingua propia de Galicia, pero a finais do xv estãbase a produci-lo cambio do galego pola lingua invasora e isto podémolo constatar en dous documentos de grande importancia en relación con este bispo. Un deles é o testamento de Catalina Gómez, nai de Diego de Muros e cuñada do citado licenciado Estevo Rodríguez, feito en 1497 en Cee (*AHUS, A-74*, núm. 24, fols. 227-30), que está en galego. O outro é o testamento do escudeiro Fernán Casquiço, segundo marido de Catalina Gómez e, polo tanto, padrao do bispo, feito en 1493 no mesmo lugar, con engadidos de 1495 (*A-74*, núm. 23, fols. 215-24; *A-81*, núm. 64, fols. 1029-37), pero por diferente notario (Juan Ferrnandes de Ribadese-lla), que está en castelán<sup>75</sup>, lingua á que se pasou, como tantos outros clérigos, facendo traizón á lingua dos seus proxenitores, o bispo de orixe muradá que tanto tivo que ver coa fundación da Universidade de Santiago de Compostela.

## BIBLIOGRAFÍA, ABREVIATURAS E SIGLAS

Abad Mitrado de Samos, “Monasterio de San Salvador de Lorenzana. Apuntes para su historia”, *BCMLugo*, I, 1942, nº 3, 49-55.

*ACB* = Arquivo do Convento de Belvís de Santiago de Compostela.

*ACOu* = Arquivo da catedral de Ourense.

*ACS* = Arquivo da catedral de Santiago de Compostela.

*ACT* = Arquivo da catedral de Tui.

*ADT* = Arquivo Diocesano de Tui.

*AHD* = Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela.

*AHN* = Archivo Histórico Nacional de Madrid.

*AHPOu* = Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

*AHUS* = Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

*AHUS, A-74* = Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, *F. Univ., Serie H<sup>a</sup>, libros* (antes *Tombo 2. Estudo Vello*).

<sup>74</sup> Está escrito *cõpendo*.

<sup>75</sup> Publicados, lamentablemente con moitos erros, por García Oro, 1975 ou 1976, 142-53. Hai máis de 15 anos que os teño transcritos para publicar xuntamente co *Livro das posisoos do Espital dos pobres*.

- AHUS, A-75 e A-76 = *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, F. Univ., Serie Hª, libros* (antes Tombo 3º e 4º. *Hospital Vello*).
- AHUS, A-80, A-81 e A-82 = *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela, F. Univ., Serie Hª, libros* (antes Tombo 8º, 9º e 10º. *Sinecuras da Universidade e dos seus Colexios*).
- AHUS, *Belvis*, Pergameos, 1-50/1-3 (antigo mazo 249 de Clero).
- ALGa = Instituto da Lingua Galega, *Atlas Lingüístico Galego*, vol. I, 1-2, *Morfoloxía verbal* (coordinado e redactado por Francisco Fernández Rei), A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990 // Vol. II, *Morfoloxía non Verbal* (coordinado por Rosario Álvarez Blanco), *id.*, 1995.
- Alonso, Benito F(ernández), “Documentos históricos”, *BCMO*, I, nº 3, 1898, 53-55; II, nº 39, 1904, 276-280; III, nº 54, 1907, 111-112; nº 57, 157-160; IV, nº 72, 1910, 21-22; nº 73, 45-46; nº 74, 69-71; nº 88, 1913, 263-265.
- Álvarez, Rosario / Rodríguez Montederramo, Xosé Luís, “Escrita poética en galego a fins do século XVI: a «Canción galega en loor de Don Diego das Mariñas Parragués»”, *BRAG*, núm. 364, 2003, 249-305.
- Álvarez, Rosario / Santamarina, Antón (eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza [Biblioteca Filolóxica Galega / Instituto da Lingua Galega], 2004.
- Álvarez Maurín, Mª del Pilar, “El registro lingüístico especial de los documentos notariales medievales”, *Estudios Humanísticos*, 15, 1993, 23-41.
- Andrade Cernadas, José M., *O Tombo de Celanova*, 2 tomos, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995.
- ARG = *Arquivo do Reino de Galicia* (A Coruña).
- Arias, Maximino, “El monasterio de Samos desde el año 1200 hasta el de 1490”, *Archivos Leoneses*, XXXVIII, 1984, 299-342.
- Armas Castro, José, *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*, A Coruña, Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», 1992.
- Arq. *Antealtares* = *Arquivo do Mosteiro de San Paio de Antealtares* (Santiago de Compostela).
- Barral Rivadulla, Mª Dolores, “Dos documentos para ampliar la historia del desaparecido monasterio de Santo Domingo de La Coruña”, *Archivo Dominicano*, XIII, 1992, 245-251.
- “La documentación medieval del Archivo de las Clarisas de A Coruña”, *Archivo Ibero-Americano*, LIV, 1994, 83-95.
- *La Coruña en los siglos XIII al XV. Historia y configuración urbana de una villa de realengo en la Galicia medieval*, A Coruña, Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», 1998.
- Barral Rivadulla, Mª Dolores / Velo Pensado, Ismael, “Colección de pergameos do arquivo da Igrexa Colexial de Santa María do Campo (A Coruña)”, *Estudios Mindonienses*, 10, 1994, 476-489.
- Barreiro García, Mª del Carmen, *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*, Universidade de Santiago de Compostela, 1995 (tese de doutoramento inédita).
- BCMLugo = *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* (Lugo).
- BCMO = *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* (Ourense).
- Bechara, Evanildo, “As fases da língua portuguesa escrita”, en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Université de Trèves (Trier) 1986*, III, Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1991, 68-76.
- Bello Rivas, Mª Xesús, “O paso do latín ó galego na documentación medieval. Achegamento a unha sociolingüística histórica”, en Benigno Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994*, Oxford, Centro de Estudos Galegos, I, 1997, 505-518.



- Bispo = Señor Bispo. Arquivo da catedral de Ourense.*  
*Bispo e Dignidades = Arquivo da catedral de Ourense.*  
 Bouza-Brey Trillo, Fermín, *El Señorío de Villagarcía desde su fundación hasta su Marquesado (1461-1655)*, Santiago de Compostela, CSIC, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos [CuEG, Anexo xv], 1965.  
 BRAG = *Boletín de la Real Academia Gallega* (A Coruña).  
 Brocardo, María Teresa, “Sobre o portugués médio”, en Eberhard Gärtner / Christine Hundt / Axel Schönberger (eds.), *Estudos de história da língua portuguesa*, Frankfurt am Main, TFM, 1999, 107-126.  
 Cabana Outeiro, Alexandra, “Documentos do arcebispo Xoán García Manrique no Tombo H da Catedral de Santiago”, *A Trabe de Ouro*, t. II, a. XII, núm. 46, 2001, 241-257.  
 --- *Santiago de Compostela do século XIV ó XV: O Tombo H da Catedral de Santiago. Edición e estudio histórico*, Universidade de Santiago de Compostela, 2003 (tese de doutoramento inédita) (= a).  
 --- *O Tombo H da Catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397*, [Valga], Concello de Valga, 2003 (= b).  
 --- “Documentos arcebispais no Tombo H da Catedral de Santiago: Gómez Manrique e Lopo de Mendoza”, *CuEG*, I, fasc. 116, 2003, 79-89 (= c).  
 --- “A Casa Gótica de Ludeiro. Notas históricas, descrición e colección documental dun pequeno pazo do século XV non catalogado”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 1, 2003, 35-54 (= d).  
 Cad. Unions XXII = *Caderno de Unions*. Caixón XXII. *Arquivo da catedral de Ourense*.  
 Cal Pardo, Enrique, *El Monasterio de San Miguel de la Isla de la Colleira (Historia y Leyenda). Colección documental*, Madrid, 1983.  
 --- *San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos*, La Coruña, Diputación Provincial, 1984.  
 --- “El Monasterio de «Dueñas» de Santa Comba de Órrea”, *Estudios Mindonienses*, 1, 1985, 13-81.  
 --- *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo, Diputación Provincial, 1990.  
 --- “De Viveiro en la Edad Media”, *Estudios Mindonienses*, 7, 1991, 11-226.  
 --- “Parroquias del Ayuntamiento de Viveiro”, *Estudios Mindonienses*, 9, 1993, 625-819.  
 --- *Colección Diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra dos documentos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999.  
 Cambón Suárez, Segundo, *El monasterio de Santa María de Melón (siglos XII-XIII)*, Universidad de Santiago de Compostela, 1958 (tese de doutoramento inédita).  
 Castro, Ivo, *Curso de história da língua portuguesa*, Lisboa, Universidade Aberta, 1991.  
 --- (ed.), *Actas do XII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Braga - Guimarães, 30 de Setembro a 2 de Outubro de 1996)*. Volume II: *Linguística Histórica. História da Linguística*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 1997.  
 --- “O Português Médio segundo Cintra (nuga bibliográfica)”, en Isabel Hub Faria (org.), *Lindley Cintra. Homenagem ao Homem, ao Mestre e ao Cidadão*, Lisboa, Edições Cosmos - Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 1999, 367-370.  
 --- *Introdução à História do Português. Geografia da Língua. Português Antigo*, Lisboa, Edições Colibri, 2004.  
 Castro, Manuel, “Documentos Históricos”, *BCMO*, IV, nº 90, 1913, 307-314.  
 Castro, Manuel de, “El Real Monasterio de Santa Clara, de Santiago de Compostela”, *Archivo Ibero-Americano*, XLIII, 1983, 3-61.  
 --- “Los franciscanos de Viveiro y Gómez Pérez das Mariñas”, *Estudios Mindonienses*, 5, 1989, 533-585.  
*Catalogación* = Consello da Cultura Galega, *Catalogación Fondo López Ferreiro. Arquivo Catedralicio de Santiago*, Santiago de Compostela, 2001 (inédito).  
 CDGH = *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, I, Santiago de Compostela, 1901.

- CDH = *Colección de Documentos Históricos* publicada polo *Boletín de la Real Academia Gallega*, A Coruña, tomo I, 1915; t. II, 1931; t. III, 1969; t. IV, 1970.
- Cid, Cándido, “Documento raro y curioso. Fuero otorgado por el Abad de Osera...”, *BCMO*, VI, nº 138, 1921, 304-308.
- Cintra, Luís F. Lindley, “Les anciens textes portugais non littéraires. Classement et bibliographie”, *Revue de Linguistique Romane*, XXVII, 1963, 40-58 (= a).
- “Observations sur l’orthographe et la langue de quelques textes non littéraires galiciens-portugais de la seconde moitié du XIII<sup>e</sup> siècle”, *Revue de Linguistique Romane*, XXVII, 1963, 59-77 (= b).
- “Observations sur le plus ancien texte portugais non littéraire: la *Notícia de Torto* (Lecture critique, date et lieu de rédaction)”, *Actele celui de-al XII-lea Congres Internațional de Lingvistică și Filologie Romanică*, București, Editura Academiei Republicii Socialiste România, II, 1971, 161-174.
- “Sobre o mais antigo texto não-literário português: a *Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário linguístico)”, *Boletim de Filologia*, XXXI, 1986-1987 [1990], 21-77.
- Clérigos de Coro* = *Arquivo da catedral de Ourense*.
- Comesaña Martínez, M<sup>a</sup> Ángela, *O Tombo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1995.
- Confraría do Crucifixo* = *Arquivo da catedral de Ourense*.
- Corrales Lorenzo, Mercedes, *Estudio de la producción agraria a través de los protocolos de la Catedral de Tuy en la primera mitad del siglo XV (1426-1448)*, Universidade de Santiago de Compostela, 1981. Tomo II, *Apéndice documental* (tese inédita).
- Costa, P.<sup>o</sup> Avelino de Jesus da, “Os mais antigos documentos escritos em português. Revisão de um problema histórico-linguístico”, *Revista Portuguesa de História*, XVII, 1979, 263-341 (recollido en *Estudos de Cronologia, Diplomática, Paleografia e histórico-linguísticos*, Porto, Sociedade Portuguesa de Estudos Medievais, 1992, 167-256).
- Coutinho, Ismael de Lima, *Pontos de Gramática histórica*, 7<sup>a</sup> ed., Rio de Janeiro, Ao Livro Técnico, 1976.
- CuEG* = *Cuadernos de Estudios Gallegos* (Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos).
- DACO* = *Documentos del Archivo Catedral de Orense*, vol. I, Orense, 1917 // *Boletín Arqueológico de la Comisión de Monumentos de Orense, Documentos del Archivo de la Catedral de Orense publicados por la Comisión de Monumentos de la Provincia*, vol. II, Orense, Imp. La Popular, 1923.
- Daviña Sáinz, Santiago, “El monasterio de las Cascas (v/vi)”, *Anuario Brigantino*, 25, 2002, 103-150; 26, 2003, 133-188.
- Deaño Gamallo, Carlos A., *Ribadavia y su comarca en la Baja Edad Media*, Sada - A Coruña, Edición do Castro, 2004.
- Divers.* = *Diversarum rerum*. Tomo I. *Arquivo da catedral de Ourense*.
- “Documentos”, *EMP*, 22-23, 1951, 136-150.
- “Documentos relativos al Convento de San Francisco de esta ciudad”, *BCMO*, VI, nº 140, 1921, 339-343.
- Domínguez Casal, M<sup>a</sup> de las Mercedes, *El Monasterio de Santa María de Meira y su colección diplomática*, Universidad Central, Madrid, 1952 (tese de doutoramento inédita).
- Domínguez Fontela, Juan, “Real Cédula de los Reyes católicos amparando al Monasterio de Celanova...”, *BRAG*, V, 1911-1912 (a. VII, 1912, nº 58), 248-250. Outro documento nas pp. 250-251.
- “Documento del Archivo Catedral de Tuy”, *BCMO*, VI, nº 146, 1922, 468-473.
- “Real Cédula de los RR. Católicos revocando las usurpaciones del Conde de Camiña...”, *BCMO*, VII, 1923-1926 (nº 154, 1924), 137-151.
- “Privilegio del rey Fernando IV de Castilla y León...”, *BCMO*, XI, nº 234, 1937, 193-199.

- “El vizcondado de Tuy”, *BCMO*, XI, nº 238, 1938, 297-302.
- “Jalones para la historia”, *BCMO*, XII, nº 248, 1939, 169-176.
- “Documentos arcaicos gallegos del Códice de minutas del notario de Bayona de Miñor, Álvaro Eans das Eiras o Álvaro Yans da Seira, a principios del siglo XV”, *BCMO*, XII, 1939-1940, 116, 233-240, 257-261.
- Domínguez Rodríguez, José, “Don García Sarmiento y Meira (III Señor de Sobroso y Salvatierra). Notas biográficas a la luz de su testamento”, *Soberosum*, 2, Ponteareas, 1997, 191-214.
- Duarte, Luiz Fagundes, *Documentos em português da Chancelaria de D. Afonso III (Edição)*. Dissertação de Mestrado inédita. Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 1986.
- Duro Peña, Emilio, “El monasterio de San Salvador de Sobrado de Trives”, *Archivos Leoneses*, XXI, 1967, 7-86.
- “El monasterio de San Pedro de Vilanova de Dozón”, *Archivos Leoneses*, XXII, 1968, 7-62.
- “El monasterio de San Pedro de Ramiranes”, *Archivos Leoneses*, XXV, 1971, 9-74.
- *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1972 (= a).
- “El monasterio cisterciense de Santa María de Castro de Rey”, *Archivos Leoneses*, XXVI, 1972, 4-45 (= b).
- *Catálogo de los documentos privados en pergamino de la Catedral de Orense (888-1554)*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1973 (= a).
- “El monasterio de Santa María de Asadur”, *Archivos Leoneses*, XXVII, 1973, 309-365 (= b).
- *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1977 (= a).
- “El monasterio de San Miguel de Bóveda”, *Archivos Leoneses*, XXXI, 1977, 107-179 (= b).
- “El monasterio de San Salvador de Villaza (Orense), en *Estudios en Homenaje a Don Claudio Sánchez Albornoz en sus 90 años*, vol. IV, Buenos Aires, Facultad de Filosofía y Letras [Anejos Cuadernos de Historia de España. Instituto de Historia de España], 1986, 419-453.
- *Documentos da Catedral de Ourense*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1996.
- Dworkin, Steven N., “Latín tardío y romance temprano: implicaciones léxicas de una hipótesis controvertida”, en Maurilio Pérez González (ed.), *Actas I Congreso Nacional de Latín Medieval (León, 1-4 de diciembre de 1993)*, León, Universidad de León, 1995, 489-494.
- Emiliano, António, “A língua notarial latino-bracarense e a reforma gregoriana”, en Castro, 1997, 91-109.
- “O mais antigo documento latino-português (882 a. D) -edição e estudo grafémico-”, *Verba*, 26, 1999, 7-42.
- *Latim e romance na segunda metade do século XI. Análise scripto-linguística de documentos notariais do Liber Fidei de Braga de 1050 a 1110*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian - Fundação para a Ciência e a Tecnologia, 2003 (adaptación da tese de doutoramento de 1995) (=a).
- “Sobre a questão d’«os mais antigos textos escritos em português»”, en Ivo Castro e Inês Duarte (eds.), *Razões e Emoção: Miscelânea de estudos oferecida a Maria Helena Mateus pela sua jubilação*, Lisboa, Departamento de Linguística Geral e Românica, Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 2001 [www.fl.ul.pt. Edición electrónica]. Depois como libro: *Razões e Emoção: Miscelânea de estudos em homenagem a Maria Helena Mira Mateus*. Vol. 1, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 2003, 261-278 (= b).
- “Observações sobre a «produção primitiva portuguesa». A propósito dos dois testemunhos do Testamento de Pedro Fafes de 1210”, *Verba*, 30, 2003, 203-236 (= c).
- Emiliano, António / Pedro, Susana, “De Notícia de Torto. Aspectos paleográficos e scriptográficos e edição do mais antigo documento particular português conhecido”, *ZRPh*, 120, 2004, 1-81.
- EMP = El Museo de Pontevedra (Pontevedra).*

Enríquez Paradela, M<sup>a</sup> del Carmen, *Colección diplomática del Monasterio y Convento de Santo Domingo de Ribadavia*, Ourense, Museo Arqueológico Provincial [*Boletín Avriense*, anexo 8], 1987.

*Escrituras* (tomos I-XXIV) = *Arquivo da catedral de Ourense*.

*Fábrica II* = *Arquivo da catedral de Ourense*.

*Fábrica e Capelas* (= *Fábrica e Capelas do Santísimo*. Tomo I) = *Arquivo da catedral de Ourense*.

Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio, “La Feligresía Portuguesa de Correlhã y la Sede Compostelana (notas y documentos)”, *Compostellanum*, xv, 1970, 599-631.

--- “Documentación monástica en el «Tumbo C» de la catedral de Santiago”, *Historia, Instituciones, Documentos*, 16, 1989, 233-254.

--- “Nuevos documentos del Monasterio de San Xián de Moraime”, *Historia, Instituciones, Documentos*, 19, 1992, 161-170.

--- *Colección diplomática del Monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*, Lugo, Diputación Provincial, 1994.

--- *Tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*, Granada, Servicio de Publicaciones de la Universidad, 1995.

